

# EU RURAL

Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14



Estratexia de  
desenvolvemento local  
participativa do GDR 14

*A xunta directiva en lembranza de Lito Oliveira.*

*Lito Oliveira, persoa íntegra e traballadora, membro desta xunta directiva, foi sempre un gran defensor da igualdade de oportunidades para o medio rural.*

*Hoxe adicamos a él o esforzo colectivo deste documento que busca plasmar os anxeos dunha sociedade rural viva, dinámica e convencida do seu futuro.*

*Xuño de 2016*

## *Agradecementos*

*A Estratexia de Desenvolvemento Rural Participativa do GDR 14 é froito do traballo e a implicación do colectivo institucional e social do nosos territorio. O proceso de elaboración realizouse entre o 15 de marzo e o 1 de xullo do ano 2016.*

*Xunto aos colectivos citados, traballaron persoas as que debemos facer mención neste apartado de agradecementos:*

- *Na parte técnica e na dinamización e proceso participativo, os compoñentes do equipo técnico da ADR MAIV – Baixo Miño*
  - *Marco Antonio Garcia Rodríguez*
  - *Eva María Gil Solla*
- *Na elaboración da cartografía, en colaboración coa Facultade de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela*
  - *Paola García Sandiás*
  - *Adrián Guimeráns Sanjorge*
- *Na parte de comunicación, difusión e asistencia en redes sociais*
  - *Jorge de los Bueis Mellado*
  - *Daniel López Casas*
- *Na imaxe e no son, e na organización das reunións do proceso participativo*
  - *Gustavo Rivas Moure*
  - *Eder González Álvarez*

*Por último, agradecemos a todos os socios e socias, persoas e entidades asociadas á AGDR MAIV Baixo Miño, e de xeito especial ás persoas da Xunta Directiva pola súa ilusión, traballo e implicación.*

## Índice Xeral de contidos

<b>1.- Parte 1: Grupo de desenvolvemento rural</b>	<b>1</b>
<b>2.- Parte 2: Territorio e poboación que abarca a estratexia</b>	<b>6</b>
<b>3.- Parte 3: Estratexia</b>	<b>93</b>
<b>4.- Parte 4: Plan de cooperación con outros territorios</b>	<b>142</b>
<b>5.- Parte 5: Normas para a xestión da estratexia</b>	<b>162</b>
<b>6.- Parte 6: Plan financeiro</b>	<b>175</b>
<b>7.- Anexos</b>	<b>178</b>



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

# Parte 1

## Grupo de Desenvolvemento Rural

# Índice de Contidos Parte 1: Grupo de Desenvolvemento Local

<b>1.- Datos identificativos</b>	<b>2</b>
1.1.- Denominación e NIF	2
1.2.- Domicilio social. Teléfono, fax, correo electrónico	2
1.3.- Copia compulsada do DNI do representante legal	2
<b>2.- Personalidade xurídica</b>	<b>2</b>
2.1.- Copia compulsada da acta constituínte	2
2.2.- Copia compulsada dos Estatutos	2
2.3.- Inscripción no Rexistro de Asociacións	2
2.4.- Relación de asociados	2
2.5.- Composición actual da Xunta Directiva	2
2.6.- Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración no GDR	2
2.7.- Proceso participativo da comunidade local no deseño da estratexia	2
2.8.- Declaración de non estar incurso a asociación...	3
<b>3.- Descrición do equipo técnico e humano adscrito á xestión da estratexia</b>	<b>3</b>
3.1.- Persoal adscrito á xestión da estratexia	3
3.2.- Medios técnicos: local e medios informáticos e materiais	3

## **1.- Datos identificativos**

### **1.1.- Denominación e NIF:**

- Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo – Baixo Miño
- G-36.889.780

### **1.2.- Domicilio social. Teléfono, fax, correo electrónico:**

- Avenida Peinador 39 – 1º Andar, Tameiga; 36416 Mos
- 986 44 30 30
- [info@agdr18.org](mailto:info@agdr18.org)

### **1.3.- Copia compulsada do DNI do representante legal, no caso de non autorizar a súa consulta, así como da documentación acreditativa da súa representación**

- Autorización para consultar o DNI do representante legal (Anexo PI.1)
- Documentación acreditativa da súa representación (Anexo PI.1)

## **2.- Personalidade xurídica**

### **2.1.- Copia compulsada da acta constituínte**

(Anexo PI. 1)

### **2.2.- Copia compulsada dos Estatutos**

(Anexo PI. 1)

### **2.3.- Inscripción no Rexistro de Asociacións**

(Anexo PI. 1)

### **2.4.- Relación de asociados**

(Anexo PI.2)

### **2.5.- Composición actual da Xunta Directiva**

(Anexo PI.2)

### **2.6.- Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración no GDR**

(Anexo PI.2)

### **2.7.- Proceso participativo da comunidade local no deseño da estratexia**

(Anexo PI.3)

**2.8.- Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas nos parágrafos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

(Anexo Pl.4)

**3.- Descrición do equipo técnico e humano adscrito á xestión da estratexia**

**3.1.- Persoal adscrito á xestión da estratexia**

Os postos de traballo que se van a contratar por parte da Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño para a xestión do Programa Leader 2014/2020 do GDR14 son os seguintes:

- 1 Xerente (ou máximo responsable do programa). Requisito: Titulación mínima de licenciatura universitaria ou equivalente.
- 1 Técnico. Requisito: Titulación mínima de licenciatura universitaria ou equivalente.
- 1 Técnico. Requisito: Titulación mínima de diplomatura ou equivalente.

As persoas seleccionadas farán unha declaración na cal conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

O xerente ou máximo responsable técnico da estratexia terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.

A contratación do equipo xestor do GDR axustarase ás seguintes regras:

- A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.
- A selección do persoal do GDR deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

**3.2.- Medios técnicos: local e medios informáticos e materiais.**

Segundo consta nos seus estatutos, a Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño ten a súa sede social na Avenida de Peinador nº 39 de Tameiga – 36416 Mos (Axencia de Colocación do concello de Mos), estando tamén localizada a oficina no primeiro andar de dito edificio, cunha superficie aproximada duns 40 metros cadrados.



A Asociación para a xestión do novo Programa Leader contará cunha segunda sede sita no Concello de Tomiño que será dedicada exclusivamente á difusión do programa e informar á poboación interesada na solicitude de axudas do Programa. A intención que ten a nosa asociación é achegar máis á poboación a información, e polo tanto esta segunda sede no Baixo Miño permitirá que a poboación non se teña que desprazar á zona norte para informarse e ter o territorio totalmente cuberto. O rexistro será único na sede do GDR en Mos.

Os medios informáticos e materiais inventariables dos que dispón actualmente a asociación son os seguintes:

CANTIDADE	DESCRICIÓN
2	Estante en madeira cor claro con porta e pechadura na parte inferior
1	Estante en madeira cor escuro con porta e pechadura na parte inferior
1	Armario de metal con portas corredizas para arquivar carpetas colgantes e con pechadura
4	Mesa de escritorio cor claro en madeira e con soportes de aluminio
1	Mesa de escritorio en madeira cor escura e soportes de aluminio
4	Módulos de 2 caixóns con rodas para escritorio en madeira cor claro
1	Módulo de 2 caixóns con rodas para escritorio en madeira cor escuro
4	Cadeira de escritorio con rodas tapizadas en cor azul
1	Cadeira de escritorio con rodas tapizada en cor verde
1	Mesa de reunións rectangular en madeira cor claro e soportes de aluminio
1	Mesa de reunións redonda en madeira cor escura
6	Cadeira para a mesa de reunións, en negro, tapizadas en cor azul
4	Cadeira para mesa de reunións redonda, en negro e tapizadas en cor verde
3	Papeleiras en cor negro
1	Perchero
1	Paragüero
1	Lámpada de escritorio en aluminio
2	Radiadores Ufesa
1	Roda métrica Alyco 1000 mts.
1	Stand feiras: 1 parede 2 x 2 mts., mesa desmontable e caixón contedor
1	Proxector Toshiba TLP – T70M e pantalla
1	Destrutora de papel Fellowes PS-70
1	Grampadora industrial Petrus 1600
1	Encadernadora espiral Fellowers metal 50
1	Fotocopiadora Konica Minolta C224 ( N°s: ASC402114307)
1	Impresora HP Laserjer CP1525n (N° s: TPCE874A)

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR 14  
 Parte I: Grupo de Desenvolvemento Rural

2	Ordenadores Lenovo Integrados M83 (Nº s: 1510AHS28100PC03MSKM e 1510B8003TSPS4A46735)
1	Ordenador Lenovo (CPU) (Nº s: 150AHS28100PCO3M2KM)
2	Teclados inalámbricos Lenovo
1	Teclado cable Lenovo
2	Ratóns inalámbricos Lenovo
1	Rato cable Lenovo
1	Ordenador portatil mini Asus (Nº s: 9COAAS261037) con bolsa
1	Ordenador portatil Asus (Nº s: C9NOCV312394386) con bolsa
1	Tablet BQ Edison (Nº s: 1763124701575) con funda
1	Televisor Samsung 37" (Nº s: LE37C530F1W)
1	Soporte metálico con rodas para o televisor
1	Navegador Tomtom 4EN42 (Nºs: AP351G01313)
1	Modem USB Vodafone RO4AA1991003987)
1	Servidor DLink DNS325 (Nºs: PVMZ185000782)
1	Switch DLINK10160 (Nº s: F3094B8003208)
1	Router Vodafone B3000 (Nºs: S2ZDW14613002004)
1	Cámara de fotos Kodak M320 (Nºs: KCGV94233943) con funda
1	Cámara de fotos Fujifilm (Nº s: 2SG45676) con funda
1	Disco duro externo LaCie (Nº s: 1322908042752KR)
3	Terminais de telefonía móbil ALCATEL ONE TOUCHO POP 7 (Vodafone)
1	Terminal de telefonía móbil NOKIA LUMIA 1320 (Libre)



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

## Parte 2

# Territorio e poboación que abarca a estratexia

# Índice de Contidos Parte 2:


## Territorio e poboación que abarca a estratexia

<b>1.- Identificación do territorio</b>	<b>7</b>
<b>2.- Mapa</b>	<b>8</b>
<b>3.- Análise Territorial</b>	<b>9</b>
<b>3.1.- Situación xeográfica</b>	<b>9</b>
<b>3.2.- O medio físico</b>	<b>12</b>
3.2.1.- Baiona	16
3.2.2.- Fornelos de Montes	16
3.2.4.- A Guarda	17
3.2.5.- Gondomar	17
3.2.6.- Mos	17
3.2.7.- Nigrán	18
3.2.8.- Oia	18
3.2.9.- Pazos de Borbén	18
3.2.10.- O Porriño	19
3.2.11.-Redondela	19
3.2.12.- O Rosal	20
3.2.12.- Tomiño	20
3.2.13.- Tui	21
<b>3.3.- Elementos patrimoniais</b>	<b>22</b>
3.3.1.- Baiona	22
3.3.2.- Fornelos de Montes	23
3.3.4.- A Guarda	25
3.3.5.- Gondomar	26
3.3.6.- Mos	28
3.3.7.- Nigrán	29
3.3.8.- Oia	30
3.3.9.- Pazos de Borbén	31
3.3.10.- O Porriño	32
3.3.11.-Redondela	33
3.3.12.- O Rosal	34
3.3.12.- Tomiño	36
3.3.13.- Tui	37
<b>3.4.- A Poboación</b>	<b>38</b>
3.4.1.- Distribución e Densidade de Poboación	39
3.4.2.- Evolución da Poboación	41
3.4.3.- Estrutura da Poboación	42
3.4.4.- Movemento Natural da Poboación	43


3.4.5.- Movemento migratorio da poboación	45
3.4.6.- Estrutura Demográfica	49
3.4.7.- A discapacidade	50
3.4.8.- Nivel de Instrución da Poboación	54
3.4.9.- Calidade de Vida	57
3.4.10.- Mercado de Traballo	71
<b>3.5.- A Economía</b>	<b>78</b>
3.5.1.- O Sector Primario	80
3.5.2.- O Sector Secundario	86
3.5.3.- O Sector Terciario	89
3.5.4.- Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal	92

## 1.- Identificación do territorio

O territorio de actuación é totalmente coincidente co definido pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) como GDR 14 que inclúe os seguintes Concellos: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Guarda (A), Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Porriño (O), Redondela, Rosal (O), Tomiño, e Tui.



## 2.- Mapa



### 3.- Análise territorial

#### 3.1.- Situación xeográfica

O ámbito de actuación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo elaborado pola Asociación de Desenvolvemento Rural Maiv – Baixo Miño, abrangue aos concellos que se corresponden coa denominación de GDR14 establecida por Agader.

Atópase localizado na área suroccidental da Comunidade Autónoma de Galicia, ao sur da provincia de Pontevedra. A delimitación desta área se corresponde cos 13 concellos de: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Guarda (A), Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Porriño (O), Redondela, Rosal (O), Tomiño, e Tui.

Atendendo á clasificación comarcal de Galicia, atinxe á comarca do Baixo Miño e á Comarca da Área Intermunicipal de Vigo coa excepción dos concellos de Vigo (excluído do Programa Leader polo seu carácter urbano), Soutomaior (incluído no GDR 15) e Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas (incluídos no GDR 13).

O territorio pode caracterizarse pola súa heteroxeneidade, pois estamos a falar de concellos eminentemente rurais como pode ser o caso do interior, con Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, con concello costeiros cun maior desenvolvemento como Nigrán, A Guarda ou Baiona, e con concellos onde as dúas características están presentes, como no Rosal ou Oia, que amosan importantes signos de ruralidade a pesar de atoparse na franxa costeira.

Debemos tamén mencionar que conta dentro da súa área cunha das cidades máis importantes de Galicia, polo que a pesar de estar excluída do territorio do GDR para o Programa Leader, é importante a influencia que a cidade de Vigo ten sobre os seus concellos limítrofes como pode ser o caso de Mos, O Porriño ou Redondela, tanto polas actividades económicas que nestes concellos se desenvolven como por estar afectados polas infraestruturas e as comunicacións da cidade.

Nesta primeira aproximación ao noso territorio, non podemos deixar de salientar a importancia que ten para nos o espazo suroriental o río Miño, tanto en aspectos económicos, culturais, patrimoniais como ambientais. Neste caso son os concellos do Baixo Miño (Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda) os que amosan as características propias dos espazos de fronteira vertebrados por un importante curso fluvial, que en ocasións lidera e noutras limita o desenvolvemento destas áreas.

Estamos a falar de 766,2 km<sup>2</sup> de superficie que se estenden dende a Serra do Suído no Concello de Fornelos de Montes ao norte ata a desembocadura do río Miño no Concello de A Guarda ao sur.

O sistema montañoso da Serra do Suído é a fronteira natural entre as provincias de Pontevedra e Ourense e se integra na parte suroccidental da Dorsal Meridional Galega. O noso espazo limita ao norte polo tanto co concello de Avión, na provincia de Ourense, e cos concellos pontevedreses de A Lama, Ponte Caldelas e Soutomaior, pertencentes ao GDR 15.

Ao este, o noso territorio limita cos concellos pertencentes ás comarcas do Condado e A Paradanta, todos eles integrados no GDR 13, que inclúe tamén aos concellos de Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, orixinariamente pertencentes á comarca da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.



O noso espazo máis meridional o atopamos no Concello de A Guarda, onde se encontra o Esteiro do río Miño. Dende o concello de Tui ata o Océano Atlántico, o río é navegable e establece a fronteira do noso territorio con Portugal na súa franxa máis suroriental.

Na outra marxe suroccidental, o noso espazo xeográfico conta cunha alongada liña costeiro marítima no Océano Atlántico que se estende dende a desembocadura do Miño ata o Concello de Redondela dentro da coñecida Ría de Vigo.

Dada a importancia de delimitar o espazo onde se aplica o Programa Leader no GDR 14, se exclúen do noso territorio o concello de Vigo, pois as súas características urbanas non encadran dentro dun Programa de Desenvolvemento Rural e os cascos urbanos dos concellos de A Guarda, O Porriño e Redondela, xa que as Bases Reguladoras para a selección de estratexias e para o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural establecen que as entidades singulares que no ano 2014 contaran con máis de 6.000 habitantes non son territorios elixibles para a aplicación do Programa Leader.


En canto á ***división territorial***, contamos no espazo con 106 parroquias distribuídas nos 13 concellos do GDR14, e onde nos asentamos en 987 entidades singulares de poboación. Atendendo á dispersión, podemos afirmar que atopamos 299 núcleos de poboación consolidado en todo o espazo, mentres que o número de núcleos de poboación diseminado ascende a 849.

Superficie de cada concellos do territorio do Leader GDR - 14		
Concello	Superficie (Km <sup>2</sup> )	% de superficie con respecto ao total do territorio GDR14
Baiona	34,5	4,50%
Fornelos de Montes	83,1	10,85%
Gondomar	74,5	9,72%
Guarda (A)	20,5	2,68%
Mos	53,2	6,94%
Nigrán	34,8	4,54%
Oia	83,3	10,87%
Pazos de Borbén	50	6,53%
Porriño (O)	61,2	7,99%
Redondela	52,1	6,80%
Rosal (O)	44,1	5,76%
Tomiño	106,6	13,91%
Tui	68,3	8,91%
<b>TOTAL</b>	<b>766,2</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR 14  
 Parte II: Territorio e poboación que abarca a estratexia

**Mapa parroquial do territorio**



Leyenda	
<b>Municipio, Parroquia, Nº</b>	
A GUARDA, A Guarda, 3	GONDOMAR, Morgadáns, 17
A GUARDA, Camposancos, 2	GONDOMAR, Pelteiros, 21
A GUARDA, Salcidos, 1	GONDOMAR, Vilaça, 25
BAIONA, Baiona, 8	GONDOMAR, Vincios, 16
BAIONA, Baredo, 6	MOS, Cela, 28
BAIONA, Baiña, 5	MOS, Dornelas, 35
BAIONA, Belesar, 4	MOS, Gulzán, 33
BAIONA, Santa Cristina da Ramallosa, 7	MOS, Louredo, 26
FORNELOS DE MONTES, A Laxe, 9	MOS, Mos, 27
FORNELOS DE MONTES, As Estacas, 15	MOS, Pereiras, 34
FORNELOS DE MONTES, Calvos, 13	MOS, Petelos, 32
FORNELOS DE MONTES, Fornelos de Montes, 12	MOS, Sanguifeda, 31
FORNELOS DE MONTES, Oitavén, 14	MOS, Tameiga, 29
FORNELOS DE MONTES, Traspeladas, 11	MOS, Torroso, 30
FORNELOS DE MONTES, Ventín, 10	NIGRÁN, A Ramallosa, 38
GONDOMAR, Borreiros, 24	NIGRÁN, Camos, 37
GONDOMAR, Chain, 22	NIGRÁN, Chandebreito, 40
GONDOMAR, Couso, 20	NIGRÁN, Nigrán, 39
GONDOMAR, Donas, 18	NIGRÁN, Panxón, 36
GONDOMAR, Gondomar, 23	NIGRÁN, Panxón, 41
GONDOMAR, Mañufe, 19	NIGRÁN, Parada, 43
	NIGRÁN, Prigue, 42
	O PORRIÑO, Atios, 45
	O PORRIÑO, Cans, 48
	O PORRIÑO, Chenlo, 46
	O PORRIÑO, Mosende, 50
	O PORRIÑO, O Porriño, 51
	O PORRIÑO, Pontellas, 47
	O PORRIÑO, San Salvador de Budiño, 44
	O PORRIÑO, Torneiros, 49
	O ROSAL, As Eiras, 54
	O ROSAL, O Rosal, 52
	O ROSAL, San Miguel de Tabagón, 55
	O ROSAL, San Miguel de Tabagón, 56
	O ROSAL, Tabagón, 53
	OIA, Burgueira, 57
	OIA, Loureza, 59
	OIA, Mougás, 58
	OIA, Oia, 61
	OIA, Pedornes, 62
	OIA, Viladesuso, 60
	PAZOS DE BORBÉN, A Ermida, 88
	PAZOS DE BORBÉN, Amoedo, 64
	PAZOS DE BORBÉN, Borbén, 63
	PAZOS DE BORBÉN, Cepeda, 69
	PAZOS DE BORBÉN, Moscoso, 66
	PAZOS DE BORBÉN, Nespereira, 65
	PAZOS DE BORBÉN, Pazos, 70
	PAZOS DE BORBÉN, Xunqueiras, 67
	REDONDELA, Cabeiro, 82
	REDONDELA, Cedeira, 72
	REDONDELA, Cesantes, 77
	REDONDELA, Chapela, 76
	REDONDELA, Negros, 80
	REDONDELA, O Viso, 73
	REDONDELA, Quintela, 81
	REDONDELA, Reboreda, 71
	REDONDELA, Redondela, 69
	REDONDELA, Saxamonde, 79
	REDONDELA, Trasmañó, 74
	REDONDELA, Ventosela, 75
	REDONDELA, Vilar de Infesta, 78
	TOMIÑO, Amorín, 89
	TOMIÑO, Barrantes, 84
	TOMIÑO, Currás, 98
	TOMIÑO, Estás, 92
	TOMIÑO, Figueiro, 93
	TOMIÑO, Forcadela, 97
	TOMIÑO, Goián, 87
	TOMIÑO, Pinzás, 86
	TOMIÑO, Pifeiro, 96
	TOMIÑO, San Salvador de Tebra, 90
	TOMIÑO, Sobrada, 91
	TOMIÑO, Taborda, 95
	TOMIÑO, Tebra, 88
	TOMIÑO, Tomiño, 85
	TOMIÑO, Vilameán, 94
	TUI, Areas, 106
	TUI, Baldráns, 107
	TUI, Cadelas de Tui, 108
	TUI, Guillarei, 102
	TUI, Malvas, 99
	TUI, Paramos, 109
	TUI, Pazos de Rei, 105
	TUI, Pexegueiro, 103
	TUI, Randufe, 104
	TUI, Rebordáns, 100
	TUI, Ribadelouro, 101
	TUI, Tui, 110

### 3.2.- O medio físico

O noso territorio caracterízase por ser unha franxa alongada que limita ao norte coa provincia de Ourense a través da Serra prelitoral do Suído e onde se atopa o pico máis elevado do noso relevo con 1.059 metros no Couto Minuto; unha zona media de val polo que discorren os ríos interiores que desembocan no Océano Atlántico ou previamente no río Miño antes de chegar ao mar; e unha franxa costeira que se prolonga dende o concello de Redondela no interior da Ría de Vigo ata o punto máis meridional do noso territorio no Concello de A Guarda, onde atopamos o Esteiro do río Miño no que as súas augas conflúen co océano.

**O relevo** do noso territorio está marcado pola presenza das serras prelitorais do interior da provincia de Pontevedra (Serra do Suído, Coto de Eiras e Faro de Budiño) ao noreste, as pequenas serras (Serra da Groba, Serra de Argallo e Serra do Galiñeiro) ao suroeste; os grandes vales surcados por un importante número de cursos fluviais de corto percorrido no centro do territorio (río Alvedosa, Louro, Miñor, Tamuxe), que abren un corredor natural dende o centro norte do territorio cara ao sur (Enseada de San Simón, Enseada de Baiona, e Esteiro do río Miño).

Polo tanto, as altitudes oscilan entre o nivel do mar na franxa costeira ata os algo máis dos 1.000 metros nas serras do interior. Salientable é tamén as elevacións que nos atopamos no interior, nas serras intermedias entre os concellos de O Porriño, Gondomar e Tui, co Monte Aloia (629 metros) na Serra do Galiñeiro e entre os concellos de Baiona, Oia e Tomiño, nas Serras da Groba e Argallo, cunha altitude máxima de 622 metros no Alto da Groba, moi próximo ao mar. Na zona interior debemos destacar a presenza do Monte Galleiro (764 metros) e o Faro de Budiño (431 metros) que separan o noso territorio da Comarca do Condado e no interior da Ría de Vigo, no Concello de Redondela o Monte da Peneda (329 metros), que se atopa en solitario no medio dun amplo val.

A diferenciación en tres franxas xeográficas claramente establecidas, causan que as características climáticas, os ecosistemas e os asentamentos da poboación varíen entre os concellos creando unha grande diversidade.

**Os solos** son predominantemente graníticos desenvolvidos sobre un macizo antigo a día de hoxe totalmente erosionado que aporta gran acidez. Se traducen en solos pobres, finos e con escasa materia orgánica e pouco aptos para o asentamento e para o desenvolvemento de actividades relacionadas co sector primario. Teñen evolucionado e deron lugar á diferenciación de 4 importantes áreas.

Unha zonas máis elevada ao norte, nos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes onde atoparemos espazos con maior altitude, con solos mais pobres e aptos para actividades máis relacionadas co aproveitamento forestal.

Unha zona intermedia, onde existe unha menor altitude e grazas aos procesos erosivos tanto do mar, do clima como dos cursos fluviais, temos zonas de val drenados por ríos como o Verdugo, o Oitavén, o Alvedosa, o Louro ou o Miñor, onde a sedimentación cuaternariadeu orixe a solos máis ricos e profundos, polo xeral areosos ou arcillosos, aptos para actividades agrarias e que favoreceron o asentamento das poboacións.

A zona comprendida polo Esteiro do Miño e os amplos vales de pendente suave ao pe das ladeiras, que podemos visualizar percorrendo o trazado do río dende Tui ata A Guarda, onde nos atoparemos con solos orixinariamente graníticos con afloramentos de esquistos, cuarcitas e gneis. Estes vales son áreas de depósitos maiormente areo – arcillosas enriquecidos pola abundante materia orgánica depositada que xunto á dinámica sedimentaria fluvial deron orixe aos solos propios das vegas fluviais, corredores fértiles, profundos e especialmente aptos para o uso agropecuario atopando o seu máxima representación nos concellos de Tomiño e O Rosal, mentres que noutras áreas os atopamos ocupados por importantes masa arboradas.

E finalmente, a franxa costeira con escasa altitude, onde a fracturación, a litoloxía e a dinámica tectónica deron lugar a bloques fundidos e levantados que condicionan o perfil da costa. Nos atoparemos con zonas irregulares de calas, correspondentes coas praias, zonas de estuarios, coincidentes coas desembocaduras dos ríos e zonas máis abruptas de acantilados, como pode ser o caso da costa do concello de Oia, onde a dinámica tectónica orixinou unha franxa costeira deprimida e unha zona elevada que forma o conxunto montañoso da Serra da Groba (Alto da Groba 662 metros), perdendo altitude a medida que nos desprazamos cara ao sur.

O clima, pola latitude na que nos atopamos se corresponde cun clima de fachada occidental dos continentes de latitude témperas, polo tanto un clima atlántico temperado caracterizado por invernos suaves e húmidos e veráns frescos e húmidos.

A pesar desta xeneralidade, o noso clima se atopa alterado por unha transición de clima oceánico con matiz mediterráneo que orixina un microclima sobre todo na parte máis meridional do noso territorio. Así características que definen os noso clima son invernos suaves e húmidos con abundancia de precipitacións, veráns cálidos pero non extremos, coa existencia dalgún mes con ausencia de precipitacións e máis horas de luz co resto do territorio galego.

Dentro dos cursos fluviais do noso espazo, o río Miño é o grande referente que recibe as achegas de moitos dos outros cursos fluviais que discorren polos vales interiores como o Louro, o Tamuxe, o Furnia, o Pego e o Briña. Tamén son importantes as achegas feitas polos ríos da zona norte como o Barragán, O Parada e o río Oitavén. A unión destes ríos no Encoro de Eiras abastecen de auga á cidade de Vigo e a parte da comarca. De camiño cara ao sur dende as serras interiores nos atopamos co Alvedosa e o Maceiras no concello de Redondela, que desembocan na Enseada de San Simón.

Na zona central costeira do territorio, no Val Miñor o río Miñor que nace na Serra do Galiñeiro e desemboca na Enseada de Baiona e o río Groba que verte as súas augas ao océano no concello de Baiona, na parroquia de Santa Cristina de Ramallosa.

En cato á vexetación, as características do solo, o clima e a acción antrópica, sobre todo a partir do século XX, teñen condicionado as variedades coas que nos vamos a atopar no noso territorio. Polo clima, nas nosas terras se desenvolven especies típicas dos bosques caducifolios, a pesar da ausencia de precipitación durante algún mes do ano.

A man das poboación e as políticas de diversas administracións estivo presente na creación de socialcos na ladeiras e na introducción de cultivos como o vide, o kiwi e as repoboacións

en réxime de case monocultivo forestal de piñeiros (*Pinus pinaster*) e eucaliptos (*Eucalyptus*). Estas dúas especies ocupan as ladeiras das montañas mais próximas á costa.

A especie dominante nos bosques da nosa área, xunto co piñeiro galego e o eucalipto é o carballo (*Quercus robur* e en menor medida *Quercus suber*), e o sotobosque se compón na súa maior parte de fentos (*Pteridium aquilinum*). Atopamos tamén importantes extensións de matorral tales como o brezo (*Calluna vulgaris*), xestas (*Cytisus*) e o toxo (*Ulex europaeus*) entre outras especies, en ocasións causado pola degradación do bosque ben de forma natural ou polo sometemento continuo dos nosos bosques aos incendios forestais.

Tamén teñen moita importancia na comarca os bosques de ribeira ligados aos fondos dos vales, e ás diversas fragas existentes cun bosque denso como a Fraga do río Barragán entre os concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes.

Este tipo de vexetación a encontramos no seu máximo esplendor na marxe do río Miño, nos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda. Este último concello en menor medida pola influencia do intermareal e á proximidade ao mar. Predominan especies como o amieiro (*Alnus glutinosa*), o salgueiro (*Salix salvifolia* e *Salix atrocinerea*) o freixo (*Fraxinus angustifolia*) e en ocasións o laurel (*Laurus nobilis*). Contamos ademais coa presenza de especies exóticas de carácter invasor como pode ser o propio eucalipto, as acacias (*Acacia melanoxylon* e *Acacia dealbata*), as canas e o falso bambú (*Arundo donax* e *Phyllostachys*), as tintureiras (*Phytolacca americana*), a campanilla (*Ipomoea íncida*), a herba da pampa (*Cortaderia selloana*) e a ourella de gato (*Tradescantia fluminensis*) entre outras.

**A fauna** do GDR 14 se caracteriza por unha ampla diversidade de especies, posto que tamén nos atopamos con espazos moi heteroxéneos. Na zona do Baixo Miño cabe destacar a riqueza ornitolóxica e ictiolóxica. Máis de 50 especies de aves acuáticas procedentes do norte de Europa invernan no Esteiro do Miño como a garza, a garceta, o zampullín e o ánade real entre outros. Dende o punto de vista dos peixes, temos presenza de especies como o salmón, o reo, a lamprea, o sable, a angula e a anguía, polo que a zona do Esteiro é un importante espazo de explotación pesqueira. Doutras especies citaremos a salamandra, o sapoconcho rugoso, o rato almidero, a nutria, o lagarto e a libélula.

Entre os principais invasores desta fauna habitan mamíferos como o visón americano, aves como a cotorra arxentina, réptiles como o galápagos de Florida e invertebrados como o cangrexo americano.

Da zona norte do espazo destacaremos a presenza de aves tales como a curruca, o corvo, o ratoeiro, a paspallás, a perdiz, a lavandeira, o merlo e o gavián entre outros. Anfibios como diversas variedades de sapos, ranas e salamandras; réptiles como diversas variedades de lagartos, lagartixas, cobras e serpes e os máis destacados entre os mamíferos son o lobo, o raposo, o coello, a lebre, o xabarí e a londra.

Destacaremos tamén a presenza do cabalo galego en liberdade que podemos atopar maioritariamente na Serra da Groba.

Mención especial merecen os nosos **espazos naturais**, ós que consideramos o noso **Patrominio Natural** a conservar, protexer e poñer en valor. Son numerosos os espazos cun alto valor natural e paisaxístico existentes no GDR 14, pero o seu estado en moitas das ocasións non é o desexado para estes bens, pois nos atopamos con espazos degradados,

abandonados e sen poñer en valor por todo o territorio. Outra das problemáticas que presentan son a inexistencia de accesibilidade a estes recursos, e se falamos de accesibilidade a súa interpretación, podemos case afirmar que é moi reducido o número de espazos perfectamente interpretados para que toda a sociedade poda disfrutar por igual deles.

A diversidade de espazos, a climatoloxía, o paso do tempo e os factores antrópicos deron orixe a unha diversidade importante de ecosistemas e espazos naturais no noso territorio. Principalmente temos que salientar os ecosistemas mariños, as zonas de humedais e as áreas de montaña.

No primeiro caso teríamos as Illas Estelas (Nigrán) e a Enseada de San Simón (Redondela) catalogadas como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. No caso dos humedais temos exemplos como As Gándaras de Budiño (O Porriño) cunha superficie de 834,17 ha. , a Foz do Miño (Nigrán e Baiona), na parte final do río Miño dando paso á Enseada de Baiona influenciada pola presenza do mar e con importantes especies mariñas e terrestres; o Esteirodo río Miño (Tomiño, O Rosal e A Guarda), cunha superficie de 1.688 ha. e importantes formacións de bosques de ribeira e zonas de augas empantanadas refuxio de gran cantidade de especies avícolas. E finalmente, de entre as áreas de monte destacamos parte da Serra do Suído (Fornelos de Montes) cas cotas máis altas de todo o noso territorio, e o Monte Aloia (Tui e Gondomar) como Parque Natural declarado en 1978 e referente como Espazo Natural Protexido.

Dentro Rede Natura 2000, o GDR 14 conta con varias zonas declaradas como Lugares de Interese Comunitario (LIC –Zonas de Especial Conservación), e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Espazos Protexidos Rede Natura 2000			
Espazos	Localización	Figura de protección	Descrición
A Ramallosa	Baiona / Nigrán	LIC	Marismas na desembocadura do río Miño. Durante o período invernal acolle a un importante número de especies acuáticas
Monte Aloia	Tui / Gondomar	LIC	Masa boscosa mixta e rexeneración natural de carballos. A flora asociada ás áreas ripícolas presentan elementos da flora endémica do norte peninsular.
Baixo Miño	Tui / Tomiño / O Rosal / A Guarda	LIC	Ribeiras e desembocadura do río Miño, espazos intermareais. Alberga a máis de 3.500 especies acuáticas no período invernal e ás poboacións de Salmón Atlántico máis meridionais de Europa
Gándaras de Budiño	O Porriño	LIC	Bosques de ribeira e zonas de humedais, con representación de vexetación acuática e turbeiras. Principal localidade de cría regular de Cerceta común
Illas Estelas	Baiona	LIC	Arquipélago de fondos mariños moi conservados
Enseada de San Simón	Redondela	LIC	Representación de hábitats intermareais dominados por superficies fango - areosas cubertas por pradeiras de zosteretum noltil e mariña.
Esteiro do Miño	Tui / Tomiño / O Rosal / A Guarda	ZEPA	Ambientes fluvio - mareais, con presenza de bancos intermareais fangosos - areosos, marismas e barrizais. Acolle a máis de 3.000 aves acuáticas das que 1.510 son anátidas e 1.125 limícolas.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

Ademais dos espazos naturais anteriormente citados e que contan con figuras de protección específicas, non debemos deixar de facer unha pequena relación doutros recursos naturais presentes en cada un dos nosos concellos.

### 3.2.1.- Baiona:

Xunto cos espazos incluídos dentro da Rede Natura 2000 de A Ramallosa, onde se localiza a Foz do Miñor, e as Illas Estelas, o concello conta cun importante tramo de costa dende A Ramallosa ata o límite co concello de Oia de case 4 Km de lonxitude, que se caracteriza por ser unha costa rectilínea con predominio de rochas que constitúen unha importante zona de pesca e marisqueo. Neste espazo habitan especies resistentes aos golpes do mar ao vento e á salinidade, polo que poderemos atoparnos con líquenes, perexil do mar ou herbas de namorar entre outras especies. Deixando o ámbito mariño a un lado, o concello conta con outros recursos como os seus bosques e espazos verdes. De entre eles citamos o Monte da Groba, localizado na serra do mesmo nome, surcado por pequenos ríos e cun alto valor natural. Na cima se atopa o miradoiro do Cortelliño dende onde se divisa todo o concello, a súa costa e parte do Val Miñor. Neste espazo natural, ademais de especies arbóreas como o eucalipto e o piñeiro introducidos pola acción antrópica, nos sorprenden fragas de bosque autóctono nas proximidades do río Groba.

Outros espazos naturais localízanse nas proximidades dos cursos fluviais como a senda fluvial de Baiña e o seu entorno natural e a senda fluvial dos muíños de Baredo, moi próxima ao cabo Silleiro. Por este concello transcorre tamén parte do Sendeiro das Greas, proxecto realizado pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo a través dun programa de Desenvolvemento Rural e que ademais de por este territorio, discurre polos concellos de Fornelos de Montes, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Vigo, Mos, O Porriño, Nigrán e Gondomar.

### 3.2.2.- Fornelos de Montes:

Deste concello debemos destacar a importancia natural de parte da Serra do Suído que ocupa as dúas terceiras partes da parroquia de A Laxe. Nela atoparemos pequenas zonas boscosas de frondosas nos espazos húmidos ben conservados polas dificultades de acceso a estes hábitats.

Outras das áreas resaltables en canto á natureza son o Encoro de Eiras con grandes colonias de árbores autóctonas, a praia fluvial do río Oitavén, o nacemento do río Tea nas parroquias de Ventín e Estacas e o seu recorrido polo concello, cunha vexetación autóctona e de ribeira ben conservada, a Fraga de Couñago e a Carballeira de Couso que destacan polo seu alto valor paisaxístico, ecolóxico e patrimonial.

Citamos especialmente a Fraga do Río Barragán, compartida entre este concello e o de Pazos de Borbén e a senda fluvial na parroquia de A Laxe como espazos postos en valor a través do noso Programa Leader Galicia 2007 – 2013. Tal e como citamos anteriormente, por este concello transcorre parte do Sendeiro das Greas.

Debemos ter en conta que o grado de conservación de moitos dos espazos naturais é alto, posto que as dificultades de acceso aos bens teñen orixinado que a acción do home non acadara estes espazos, pero de igual forma dificulta o desfrute destas áreas pola sociedade. Consecuentemente, consideramos que é importante conservar, pero tamén sería necesario

poñer en valor estes espazos para facelos accesibles, pero sempre preservando a súa supervivencia.

### 3.2.3.- A Guarda:

Dentro da Rede Natura 2000 estaría, como xa citamos anteriormente o Esteiro do Miño e o Baixo Miño que se localizan en parte no territorio desde concello, pero a maiores debemos falar doutros espazos naturais con alto valor que combinan unha tripla paisaxe marítima, fluvial e montañosa. Nos atopamos ante un pobo típico mariñeiro de Galicia, que ademais ten recoñecida a distinción de Destino Europeo de Excelencia (EDEN) pola Comisión Europea en recoñecemento da súa proposta de turismo Sustentable.

O monte Santa Tegra, ademais de destacar polo seu valor patrimonial, tamén resalta como espazo natural pola súa riqueza e dende o pico San Francisco a 341 metros de altitude atopamos un miradoiro dende o que podemos divisar a desembocadura do río Miño no océano Atlántico e as veciñas terras de Portugal ao outro lado do río. Contamos neste concello cunha rede de sendeiros integrados no PR-G122 "Camiños do Tegra" que permiten percorrer o espazo, e a través de PR-G160 "Ruta da desembocadura do Miño" podemos coñecer os valores naturais do concello percorrendo o seu tramo costeiro por todo o municipio.

No referente á costa, A Guarda conta cun total de 7 praias das cales 4 se localizan na parroquia de Camposancos, a Armona, a Lamiña, o Codesal e os Muíños, nas que as súas augas son doces e salgadas en función das mareas ao atoparse na desembocadura do río Miño. Xunto aos sendeiros mencionados, destacaremos tamén que polo territorio gardés transcorre a versión do Camiño de Santiago Portugués pola costa, concretamente a etapa que discorre entre Caminha no veciño Portugal e Mougás, parroquia do concello de Oia.

### 3.2.4.- Gondomar:

Unha parte do Parque Natural do Monte Aloia está localizado no territorio deste concello, e polo tanto dentro da Rede Natura 2000, pero a maiores contamos con outros espazos naturais que non podemos deixar de mencionar como a senda fluvial ao carón do río Morgadães e as súas pozas, a cascada de Donas, a ribeiras do río Miñor, a serra do Galiñeiro, Braña de Chan do Cereixo, as ribeiras do río Groba e a Fraga de Oliveira.

Para poder acceder a moitos destes espazos, o territorio conta con varias sendas como a "Ruta do Galiñeiro" que discorre polas parroquias de Santa Mariña de Vincios e que ascende ata a cima do Monte o Galiñeiro dende onde podemos divisar do Val de Fragoso e Miñor e as poboacións de Gondomar, Baiona, Nigrán, Vigo e a súa Ría. A senda de "Matalagartos", que destacaremos pola beleza paisaxística e natural pola que discorre, entre fragas e vexetación autóctona e finalmente o xa comentado con anterioridade Sendeiro das Greas, que tamén transcorre por este concello.

### 3.2.5.- Mos:

Podemos percorrer os espazos naturais máis importantes deste concello a través de tres rutas naturais e paisaxísticas. Percorrendo as sendas ata o monte Salgueirón sería unha delas onde contemplamos formacións vexetais autóctonas, formacións rochosas na parte superior



do monte e o miradoiro natural no Cruce de Camiños que permite divisar os vales do Louro e do Tea.

O sendeiro dos muíños do Louro, é un dos maiores atractivos naturais do concello, pola importante vexetación de ribeira que alí atoparemos, e debemos citar que a posta en valor deste espazo foi realizada a través dos programas de desenvolvemento rural dos períodos 2000 – 2006 e 2007-2013. Discorre tamén polos regatos Perral, Cerqueira, Lagoa, Torroeira, Fraga, Costa Ladeira e Veiga do muíño.

A terceira das sendas é o Sendeiro das Greas, que transcorre tamén por este concello. Non podemos esquecer xunto coa importancia do Monte o Salgueirón, o alto valor natural co que conta a Serra do Galiñeiro, que chega ata o termo municipal de Mos.

### 3.2.6.- Nigrán:

Podemos atopar neste concello A Ramallosa como espazo protexido de alto valor paisaxístico, pero ademais presenta outros bens de interese natural como o parque forestal de Chandebrito e o seu miradoiro, e xunto a estes outros enclaves paisaxísticos do interior do concello con importante vexetación autóctona como Montecastelo ou Priegue, a senda dos muíños no lugar de As Rozadas, o entorno dos muíños de Rodas, e a senda fluvial do río Muíños. Dende o Montecastelo pódese divisar o Val Miñor e case toda a ría de Vigo.

No referente á costa, o concello é un dos máis importantes turisticamente, e conta con numerosas praias. Utilizando o sendeiro do Litoral de Nigrán, podemos percorrer toda a costa. Así dende a península de Monteferro vai percorrendo as praias de A Madorra, Panxón, América, a península de Monte Lourido, e chega á Ramallosa, onde o concello limita con Baiona e atoparemos A Foz do Miñor.

### 3.2.7.- Oia:

Oia é un concello de grandes contrastes entre un litoral caracterizado por zonas rochosas e moi próximo a esta costa, a magnitude das elevacións da Serra da Groba e os seus importantes recursos naturais e paisaxísticos.

Do litoral destacamos a beleza dos seus acantilados e dos ecosistemas mariños que podemos atoparnos, pero tamén nos sorprende a magnitude das súas montañas e a riqueza natural e paisaxística que se nos amosa. De entre todos estes lugares debemos mencionar as Pozas de Mougás, Loureza e Burgueira, as impresionantes vistas dende o miradoiro do Faro de Cabo Silleiro, a Serra Seca e o Sobral onde atopamos un pequeno grupo de muíños e un excepcional bosque de sobreiras único non suroeste de Galicia, os entornos do río da Fervenza e Vilar, o Souto Vello en Burgueira, as Turbeiras de Valga e o Pozo do Arco cunha pasarela e ponte de madeira sobre o río na parroquia de Burgueira.

Finalmente mencionar que dúas etapas do Camiño Portugués pola costa transcorren por terras deste concello.

### 3.2.8.- Pazos de Borbén:

Caracterizan os espazos de alto valor natural e paisaxístico deste concello a importancia dos bosques autóctonos, ben conservados pola dificultade de acceso da man do home sobre eles. Aínda que é importante, a accesibilidade e a interpretación destes é algo que se debe

mellorar para que a poboación poda disfrutar destas áreas. Tamén é importante a beleza e o valor dos seus cursos fluviais e dos bosques de ribeira e fragas alí encadradas dentro das cales están o val do río Barragán con predominio de vexetación autóctona formada por carballeiras e especies propias de ribeira e onde se atopa tamén a cascada de Pozo Machado, o entorno do río Alvedosa, o do río Pequeno, o Pozo Negro, o entorno do río Nespereira e a piscina fluvial de Outerio e ao igual que noutros concellos, tamén transcorre por este o sendeiro das Greas, que recorre espazos cun valor ecolóxico, paisaxístico e ambiental moi importante.

Mención especial debemos facer polas súas características e polo interese natural á brañal que se forma no entorno do río Nespereira ao seu paso pola parroquia do mesmo nome. É un espazo encharcado durante a práctica totalidade do ano que fai que alí nos atopemos cunha fauna e unha vexetación endémica e diferenciada doutras zonas, polo que se converte nun recurso ecolóxico que cumpre funcións como a prevención de inundacións ou o resguardo de acuíferos subterráneos.

En relacións coas áreas de montaña, localízase neste concello a Serra do Galleiro, con máis de 10 Km de extensión e dende o miradoiro Pedra Quitiña podemos contemplar todo o concello.

### 3.2.9.- O Porriño:

As Gándaras de Budiño son un importante espazo natural protexido que se atopa neste concello e configura un dos ecosistemas máis ricos de Europa. Asemade o territorio presenta outros espazos con alto valor natural, paisaxístico e medio ambiental. Destacamos de entre outros o parque de As Gándaras, o entorno do muíño de Maquías pola grandeza da vexetación que presenta o mesmo, as marxes do río Louro que se poden percorrer a través dun sendeiro, e a súa confluencia con varios regatos na Lagoa de A Granxa dentro das Gándaras de Budiño, conformando un espazo de humedais únicos no territorio. Conta tamén cun importante miradoiro natural no Faro de Budiño dende o que poder divisar todo o concello. Outros recursos vinculados aos cursos fluviais os atoparemos nas sendas dos muíños de Atios, Budiño, Mosende e Chenlo, onde ademais as vexetacións propias das áreas de ribeira tamén contan coa súa representación.

Os montes de O Castelo de Cás e as súa moles graníticas, a ruta dos montes de San Cibrán onde nos atoparemos cos muíños de As Laxes e a cascada da Golomeira, a área recreativa de A Risca, o seu miradoiro sobre o Val da Louriña e as pedras abaladorias de entre os que destaca o Penedo de Noiteboa son outros recursos que non podemos esquecer.

Por parte destes interesantes espazos naturais transcorre o Camiño de Santiago Portugués.

### 3.2.10.- Redondela:

Neste caso, ao igual que noutros concellos costeiros do noso territorio están presentes tanto os espazos con alto valor natural e paisaxístico asociados ao mar como os ligados aos cursos fluviais e aos montes.

Vinculados aos ecosistemas e áreas naturais de interese marítimas, a Illa de San Simón é o máximo referente, e se encadra dentro da Rede Natura 2000 no conxunto constituído pola Enseada de San Simón. A maiores, conta o concello con outro patrimonio natural marítimo

como as praias de A Punta en Cesantes e Arealonga en Chapela, caracterizadas por augas tranquilas ao estar situadas dentro da Ría de Vigo e no primeiro dos casos equipada e con accesibilidade para toda a poboación.

Os espazos de montaña os atoparemos en lugares como o Monte Penide, de escasa altitude e que conforma un miradoiro natural de importancia con áreas de ocio e descanso como a zona de Poza da Lagoa que é atravesado polo Sendeiro das Greas.

Por último e non menos importante os espazos fluviais que presentan vexetacións propias de ribeira e en moitas ocasións edificacións populares como os muíños. Destacamos as beiras dos ríos Alvedosa e Maceiras entre outras e non debemos esquecer o espazo natural de A Feixa localizada na parroquia de Reboreda, cunha espectacular cascada natural que foi recuperada e posta en valor a través do Programa Leader 2007 – 2013.

Asemade conta o concello con varias rutas de sendeiros entre os que citaremos a Senda da Auga, que transcorre por todas as parroquias do concello e se debuxa paralela á antiga canalización da auga dende o embalse de Eiras en Fornelos de Montes ata a cidade de Vigo, o Camiño das Pedra que facilita o acceso ás importantes representacións rupestres e sinais prehistóricas existentes no territorio e a senda da Franqueira, que parte dende as terras de Redondela con destino a virxe da Franqueira, no concello de A Cañiza.

Polas terras deste concello transcorre o Camiño Portugués de Santiago tradicional e é aquí onde conflúe co Camiño Portugués da Costa para a partir deste momento percorrer as mesmas terras do interior da provincia de camiño a Compostela.

#### 3.2.11.- O Rosal:

Integrado dentro dos espazos naturais protexido do Esteiro do Miño e do Baixo Miño, o concello nos sorprende pola súa costa de apenas 3 km caracterizada por ser un espazo rochoso de alto valor natural e paisaxístico, pero no que non podemos falar de praias neste concello. Sen embargo conta cunha praia fluvial en Eiras apta para a práctica de deportes náuticos fluviais. Se algo destaca realmente neste concello son os espazos fluviais e áreas montañosas de gran valor natural, paisaxístico e medio ambiental.

Dos espazos montañosos citamos a Serra do Argallo e o Miradoiro de Niño do Corvo dende onde se contempla a desembocadura do río Miño e o Monte Santa Tegra; San Xian, o Alto do Couto e a Poza dos Corvos.

Finalmente, relacionado co alto valor natural dos cursos fluviais, son importantes as sendas e beiras dos ríos Folón, Picón e Cal, pola vexetación propia de ribeira alí localizada e no último dos casos polas cascadas e piscinas naturais próximas aos muíños.

Existen varias rutas de sendeirismo no concello. Delas citamos a senda dos muíños do Folón e do Picón, o sendeiro dos pescadores Río Miño – Tamuxe, que conecta a praia de Eiras coa área recreativa do río Tamuxe e co muíño das Aceñas, hoxe en día aula da natureza do concello na beira do río Tamuxe.

#### 3.2.12.- Tomiño:

Ao igual que O Rosal, as súas terras se localizan nos espazos protexidos do Baixo Miño e do Esteiro do Miño. Podemos dicir que os espazos naturais deste concello se dividen entre

aqueles espazos montañosos de interese e os espazos próximos aos cursos fluviais, sendo estes últimos moi numerosos.

Os espazos montañosos os atopamos nas unidades paisaxísticas de bordean o concello, as serras de Argallo, a serra da Groba e a prolongación da Serra do Galiñeiro. Posúen alto valor paisaxístico, tanto polos seus valores medio ambientais como polos excelentes miradoiros que acollen e dende os que se pode divisar unha ampla panorámica do territorio. Os enclaves máis interesantes da Serra do Argallo se localizan en Niño do Corvo, no Alto da Calzada, nas Teixuqueiras, no monte Lousado e no alto da Pedrada. En canto á Serra da Groba debemos citar a parroquia tomiñesa de Pinzás polos seus brañais e polo importante número de regatos que axudan a baleirar as acumulacións de auga que se producen nesta ampla chaira. De aquí parten entre outros o río Cereixo.

En canto aos espazos fluviais, a marxe do río Miño é o maior continente de vexetación de ribeira, bosques frondosos e praias fluviais como as de Goián e Carregal. Asemade os pequenos regatos e ríos de menor envergadura que verten a súas augas ao Miño son numerosos. Estes cursos fluviais constitúen fermosos humedais e dan orixe a unha abondosa vexetación de ribeira con especies como o salgueiro, o amieiro ou o loureiro entre outros. Os principais ríos que dan o valor natural á vexetación destes espazos son o Furnia, o Cereixo, o Briña e o Tollo e en todos eles nos atoparemos con áreas recreativas e de lecer onde poder disfrutar dos seus altos valores naturais, paisaxísticos e medio ambientais.

### 3.2.12.- Tui:

Emblema deste concello é o Monte Aloia, declarado Parque Natural e que comparte co veciño concello de Gondomar. Ademais deste espazo, as terras do concello tamén están protexidas dentro dos espazos da Rede Natura 2000 do Baixo Miño e do Esteiro do río Miño. Polo tanto, o patrimonio natural do concello o atoparemos entre as áreas de montaña como o Alto de las Penizas, e o Miradoiro de Santa Cruz, o Castro de Cabeza de Francos e o alto do Monte dos Cubos; e as áreas fluviais e as súas zonas de afección como o propio paseo fluvial e praia do Miño e a praia da parroquia de Guillarei.

Outros espazos fluviais a destacar son os próximos ao río Tripes, ao río Simón e a unión do río Louro ao Miño, nas parroquias de Caldelas e Gullarei.

Conta o concello con varios xardíns como os de Troncoso, os de Santo Domingo e na parroquia de Areas de localiza un viveiro forestal.

Finalmente citar que Tui é o único concello do GDR 14 onde ten unha importancia significativa o aproveitamento de augas termais, pois data a súa existencia do século XVII aínda que o seu aproveitamento se inicio moito máis tarde. Concretamente atopamos o balneario de augas termais en Caldelas de Tui que oferta augas clorurado-sódicas, sulfídrico-azoadas e radiactivas.

### 3.3.- Elementos patrimoniais

O territorio do GDR 14 conta con numerosos elementos culturais tales como arquitectura relixiosa, civil e militar, conxuntos histórico – artísticos, arquitectura popular, patrimonio arqueolóxico, patrimonio natural, museos, outros equipamentos culturais e multitude de expresións do patrimonio inmaterial.

Non debemos obviar e deixar de reflectir tamén sobre unhas das problemáticas a maiores da conservación coa que nos atoparemos, que é a da accesibilidade a moito deste patrimonio que a continuación relatamos.

Analizando as mostras destas representacións nos nosos concellos, enumeramos a continuación os vestixios patrimoniais máis relevantes e facemos especial referencia a existencia das casas culturais nas diferentes parroquias do territorio, posto que en moitos casos foron imprescindibles polo seu traballo de conservación e transmisión da cultura de cada pobo e a día de hoxe o continúan a ser.

#### 3.3.1.- Baiona:

Da prehistoria atopamos sinais que amosan a antigüidade dos asentamentos neste territorio a pesar de que súa conservación foi escasa. Como máximos representantes da Idade de Bronce temos os gravados rupestres de Os Campos na parroquia de Baíña e Outeiro dos Lameiros en Santa Cristina de Ramallosa. Este último presenta como principal diferenza con respecto a outras estacións rupestres os gravados sobre unha grande parede vertical e figuras nunca antes representadas en Galicia. A posta en valor desta estación rupestre se fixo a través do Programa de Desenvolvemento Rural do período 2000-2006.

De épocas posteriores destacamos as casas grandes, os pazos e as obras de infraestrutura como as pontes de pedra. No referente ás primeiras contamos ca casa Reitoral de Sabarís, a casa Cadaval e a casa de Cristo Rei en Santa Cristina de Ramallosa. A casa de Cata e a de Mendoza localízanse na propia parroquia de Baiona e destacamos tamén a casa de Lourenzo Correa que é na actualidade a sede do Concello.



*Castelo de Monterreal e Fortaleza*

Importantes para a vida de Baiona foron tamén o Castelo de Monterreal construído no século X e a Fortaleza levantada con posterioridade que hoxe en día albergan un parador de turismo.

Na parroquia de Baredo nos atopamos co Faro Silleiro, situado no cabo do mesmo nome e na mesma parroquia aínda se conservan as ruínas dunha batería de tiro da Armada cos seus canóns taponados.

O propio casco histórico da vila, declarado de Interese histórico – artístico en 1993 se caracteriza polas súas rúas angostas, estreitas e empedradas, con edificios de pedra de pouca altura, dunha planta e con soportais.

En relación ás obras de infraestruturas destacábase a construción de pontes de pedra como a ponte Románica da Ramallosa de estilo medieval, conservándose na metade desta un cruceiro ca imaxe de San Telmo e debaixo un peto de ánimas que representan as ánimas en pena. A outra representación importante é a ponte vella de Sabarís, situada na antiga Calzada Romana.

De carácter relixioso salientamos a Ex –colexiata de Santa María de Baiona, e o Convento das Dominicanas que data do século XVI. No seu conxunto son numerosas as igrexas e capelas en todo o municipio pois a arquitectura relixiosa está moi presente en practicamente todos os municipios galegos.

Do patrimonio etnográfico material resaltamos os cruceiros e os muíños, aínda que estes últimos non son moi numerosos no termo municipal, e do inmaterial sobre todo a festa da Arribada da Carabela “La Pinta” e que conmemora a chegada de dita carabela a Baiona coa nova do descubrimento de América. Consiste nunha festa medieval que se clausura coa entrega da medalla de ouro a unha entidade ou persoa que destaca polo súa labor cultural no marco da emigración. No acto están presentes os representantes das cidades cas que Baiona esta irmandada, Palos de la Frontera, Santa Fé de Granada e a poboación francesa de Pornic. Ademáis dos pobos citados, Baiona tamén esta irmandada coa poboación portuguesa de Vila do Bispo e con Holguín en Cuba.

### 3.3.2.- Fornelos de Montes:

A escaseza de poboamento neste concello polas dificultades do territorio deixou consigo un escaso patrimonio arqueolóxico, pero aínda así podemos atopar mámoas como a de Borraxeiros en A Laxe, petróglifos como os de Cedeira en Ventín, e un sarcófago antropeide nunha rocha no lugar de Vilar.

A arquitectura castrexa tamén esta presente e destacan os xacementos do Monte da Cidade en Oitavén, Castrove en A Laxe e o Monte o Castelo en Calvos.



*A Cidadela*

O Monte da cidade é coñecido tamén pola “Cidadela” e chama a atención polo estado de conservación, posto que gran parte do patrimonio deste concello presenta importantes problemas de conservación, atopándose en ocasións abandonado e deteriorado. Nel podemos observar erguidos restos de pequenas edificacións de granito, posto que a primeira ocupación destas terras marcou a orixe dos poboados posteriores que se asentaron no mesmo espazo. Bordeando o conxunto da edificación, un camiño de pedra e un acueduto do século XVIII. Este conxunto arquitectónico a día de hoxe forma parte do percorrido da “Fraga do Río Barragán”, un proxecto realizado polas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Calvos, Moscoso, Traspuelas e Xunqueiras, e financiado polo Programa Leader Galicia 2007 – 2013 da nosa asociación e que restaurou e puxo en valor este espazo que se atopa nunha das Fragas mellor conservadas do sur da Provincia de Pontevedra. No percorrido deste sendeiro (PR-G-164) de case 18 Km de lonxitude teñen presenza outras representacións patrimoniais como muíños, levadas e pontes.

Tendo en conta o relevo do municipio, as pontes de pedra para salvar os desniveis son moi numerosas. Sobresaen a ponte de A Laxe, a de Berducido, a Ponte Grande, a de Portorrío e a de Barbado. Atopamos tamén vencellado ca auga numerosas fontes, muíños, lavadoiros e levadas.

Da arquitectura civil destacamos as casas grandes de Marrán en Vilán e a dos Alemparte en Fornelos.

No referente á arquitectura relixiosa, numerosas son as igrexas, podendo atopar en todo o concello un total de sete e tres capelas, a de San Caetano en Estacas, a de San Amaro en Traspuelas e a de Santa Cruz en Fornelos de Montes. Das igrexas parroquiais destacamos a de San Lourenzo de Fornelos de Montes de data do século XVI.


O patrimonio etnográfico material está presente nos cruceiros existentes por todo o territorio, os petos de animas, os fornos panadeiros tradicionais, pombais ou alpendres.

Vinculados ao uso do monte o patrimonio arquitectónico nos sorprende con construcións propias desta zona e que non atoparemos en ningún outro concello do GDR 14. Estamos a falar das chouzas, as paradeiras e os foxos dos lobos, todas elas na parroquia de A Laxe coincidindo coas estribacións da Serra do Suído.

Referente ao patrimonio etnográfico inmaterial, en Fornelos se celebran máis de 20 festas relixiosas e populares ao longo do ano. Destacamos a festa de San Lourenzo en Fornelos de Montes, a de San Amaro en Traspuelas e a festa popular da Chanfaina.

### 3.3.3.- A Guarda:

En extensión, é o concello máis pequeno de todo o noso territorio, posto que está enclavado entre os montes Santa Tegra e Torroso. A representación patrimonial máis destacada e que se pode considerar un dos emblemas do municipio é o poboado castrexo de Santa Tegra, antigo poboado amurallado con portas ao norte e ao sur, importantes xacementos arqueolóxicos das distintas culturas que habitaron o municipio como o castro da Forca, un elevado número de gravados rupestres localizados por todo o monte, as vivendas circulares da época castrexa ou numerosos restos procedentes da invasión romana que podemos contemplar no museo do concello.



*Poboado castrexo no Monte Santa Tegra*

No ámbito natural, non podemos deixar de citar o seu carácter marítimo, fluvial e montañoso, e a importancia do Estuario do Miño que o converte nun enclave privilexiado paisaxisticamente.



No referente á arquitectura civil, A Guarda é unha vila mariñeira que presenta un casco histórico amurallado de trazado sinuante, con rúas encostadas e estreitas. Dentro deste espazo están a Praza do Reló, a Torre do Reló a Casa dos Alonso e a actual casa consistorial.

Tendo en conta a localización estratéxica do concello, a arte militar non podería deixar de estar presente. Fora do espazo amurallado se localizan o Castelo de Santa Cruz, fortificación militar que data do século XVII e a Atalaia, construída polos portugueses durante o seu dominio, sendo derrubada en 1943 e reconstruída na súa totalidade en 1997 e que na actualidade alberga o Museo do Mar.

De época contemporánea son o monumento aos mariñeiros, obra de José Antúnez Pousa e o monumento ao mariñeiro desaparecido, obra de Magín Picallo datada no ano 2004.

A diferenza doutros concellos, non nos atoparemos con muíños de auga neste espazo, pois, a súa proximidade ao mar e o corto trazado dos seus ríos imposibilitan o traballo destas construcións. O que si nos atoparemos son muíños de vento construídos no século XVIII.

Finalmente non podemos deixar de falar neste apartado do patrimonio arquitectónico vinculado á emigración, e así no concello contamos con “casas indianas” construídas polos emigrantes retornados na súa maior parte de Porto Rico, República Dominicana e Brasil. Foron edificadas a finais do século XIX e principios do XX, caracterizadas por ser estruturas propias das Américas utilizando contrastes entre pedra e azulexos que lles aportan un característico colorido.

No referente á arquitectura relixiosa, todas as parroquias presentan igrexa parroquial e destacaremos a de Santa María de A Guarda e o Convento de San Bieito fundado en 1558 e que na actualidade alberga un hotel restaurante.

O patrimonio etnográfico material non deixa de estar presente en representacións como os cruceiros e os petos da ánimas, no que destacaremos os dous Vía Crucis existentes na subida ao castro de Santa Tegra, consistentes en camiños adornados con 14 monumentos onde se representa o Calvario de Xesús. Un deles é antigo e sinxelo datado do século XVII e o outro de época contemporánea, construído en 1922, no que as representacións das escenas do Calvario foron esculpidas en medallóns de bronce sobre monumentos de pedra.

O inmaterial amosa o seu máximo esplendor na Festa do Monte declarada de Interese Turístico de Galicia en 2009, a tradición musical dos Bombos de A Guarda, o legado do traxe tradicional galego e as festas gastronómicas da Lagosta e do Roscón de Xema.

#### 3.3.4.- Gondomar:

Da prehistoria conserva numerosos restos como os atopados no Chan do Cereixo, no lugar de Cristo María, os gravados rupestres do monte San Antón e o conxunto de gravados de Auga da Laxe no monte Galiñeiro considerada unha das representacións de armas máis importante de Europa. As mámoas se localizan en Chaín, Donas, Vincios e pola súa importancia o campo de mámoas de Chan das Moutas na parroquia de Morgadáns é un referente deste tipo de representación.



*Castro de Pedra Moura*

Os asentamentos castrexos ao igual que nos outros concellos tamén están presentes en Gondomar tendo a maior representatividade o Castro de Pedra Moura, o Castro de Coto Teixugueiras , o de Coto de Castro e Castro de San Xian en Vincios.

Da influencia da época romana se conservan restos dunha antiga calzada romana que pasaba polas parroquias de Couso e Donas.

O concello tamén conta cunha grande riqueza arquitectónica, resaltando da arte relixiosa a igrexa románica de Santa Baia de Donas e a de San Miguel de Peitieiros.

Se conservan restos de arquitectura militar tamén, como a fortaleza do monte Galiñeiro declarada Ben de Interese Cultural no ano 1949, os restos dos castelos de Senlle en Morgadães e a Fortaleza de Gondomar do século XVI.

De arquitectura civil citamos a ponte de Mañufe, a ponte das Ánimas e o Acueduto do Bravo, localizadas estas últimas en Gondomar.

Numerosa é a presenza da arquitectura civil de muíños e casas grandes ou pazos neste territorio, no que se teñen identificado ata 12 edificacións desta última categoría. As máis representativas son a casa Avelar, a de Baluido, o Castelo de Chaín, o Pazo dos Acevedo e o Pazo Cadaval entre outros. A máis destacable de todas é o Pazo de Gondomar declarado Ben de Interese Cultural en 1999.

Do patrimonio etnográfico material os cruceiros con varias representación no territorio e os petos das ánimas son os máximos representantes. Asemade posúe especial valor o curro situado en Morgadães onde se segue a desenvolver a rapa das bestas, mentres que do etnográfico non material destacamos festas relixiosas e populares tales como As Tunas, as

alfombras florais do Corpus Christi, os curros de cabalos no Galiñeiro, Morgadáns e Donas e a Festa da Rosquilla.

### 3.3.5.- Mos:

Froito dos asentamentos prehistóricos xurdiron as mámoas, os pretróflifos como o de Louredo e os túmulos atopados no Alto de San Colmado, o Rebullón ou en San Pedro de Cela.

Os asentamentos castrexos propios do territorio galego tamén amosan a súa representación neste concello nos castros de Guizán, Petelos, Torroso e Louredo, mestras que da época romana se conservan restos da antiga calzada da Vía IV que comunicaba Braga con Santiago e que na actualidade é parte do trazado do Camiño de Santiago Portugués.

Distinguimos neste concello entre arquitectura de tipo relixioso coa presenza de doce edificacións, destacando as igrexas parroquiais de Louredo, Sanguñeda e Santa María de Guizán. No que se refire a arquitectura civil, o seu máximo esplendor o atopamos nas casas grandes, pazos e muíños de auga repartidos por todo o territorio.



*Pazo de Mos*

En canto ás casa grandes conta o concello coa Reitoral de Guizán, a Reitoral de Louredo e a Reitoral de Petelos, esta última na actualidade rehabilitada como centro de día a través do noso Programa Leader 2007 – 2013. No referente aos pazos, citamos o de Santo Antonio e o Pazo dos Marqueses de Mos, rehabilitado tamén a través do Programa de Desenvolvemento Rural no período 2000 – 2006.

Muíños de auga existen no concello un total de nove, os cales se restauraron e puxeron en valor a través dos mesmos programas de desenvolvemento rural anteriormente citados. A senda dos muíños da Salgueira ofrecen un percorrido por estas edificación tradicionais galegas.

Etnograficamente, os bens materiais están presentes a través de cruceiros e petos de animas e os bens non materiais teñen a súa representación nas festas populares e romarías. As máis importantes son a Exaltación da Rosa que se celebra o 13 de xuño, o Día da Muiñeira, a festa

da Empanada do Pan de Millo e o Arde o Pazo, festa na que se revive o paso do exercito de Napoleón polas terras deste concello; mentres que as festas relixiosas son numerosas e se celebran en todas as parroquias do concello na honra dos seus patróns e patronas.

### 3.3.6.- Nigrán:

Os gravados rupestres deste concello que amosan o asentamento de poboacións dende a prehistoria os situamos nas parroquias de Camos, Chandebrito e Priegue, mentres que os castros da época castrexa se localizan en Priegue, Medoña, Camos, Parada e Panxón.

O legado da romanización mais destacado foi atopamos na península de Monteferro con vestixios como canalizacións.

É de grande importancia a arquitectura civil coa que contamos, cun gran número de casas grandes e pazos, así como pontes de pedra. Das casas grandes e pazos debemos citar os pazos de Abial, Cea declarado Monumento histórico – artístico, a casa Reitoral de Camos, o pazo da Touza, a casa Robaleira, o pazo de Pías e o pazo de Brito e as casas grandes de Barcalleira e a Reitoral de Panxón. Non podemos deixar de citar a Torre de Méndez na parroquia de Camos declarada Ben de Interese Cultural. Moitos dos pazos e casas na actualidade son propiedades privadas destinadas á hostalaría.

De entre as pontes de pedra citamos á ponte de Ramallosa construída no século XIII que é atravesada polo río Miñor e divide os termos municipais de Nigrán e Baiona.



*Templo Vótivo do Mar de Panxón e antiga igrexa*

A arquitectura relixiosa tamén está presente e acada a súa diferenciación co resto do territorio no Templo Vótivo do Mar de Panxón, construído segundo o proxecto do arquitecto

Antonio Palacios entre os anos 1932 e 1937. As outras igrexas a destacar son a parroquia da Nosa Señora das Angustias e a igrexa de Santa María de Nigrán.

Do patrimonio etnográfico material, temos presenza de cruceiros e petos das ánimas como nos demais concellos, pero novamente o diferenza a establece a existencia dun arco visigodo descuberto en Panxón en 1926, que formaba parte dun templo visigodo datado no século VII e considerado Monumento Nacional dende 1964.

Do etnográfico inmaterial mencionaremos a Festa do San Xoán que se celebra nas praias de Panxón arredor das cacharelas da noite do solsticio de verán e onde as persoas buscan purificarse dos malos propósitos.

### 3.3.7.- Oia:

O concello de Oia é a vila do noso territorio que posúe o único Mosteiro Cisterciense á veira do mar, que data do ano 1137 construído baixo a tutela de Alfonso VII de Castela.



*Monasterio de Oia*

A prehistoria nos amosa o seu legado nos petróglifos de Auga do Cebros en Pedornes, os de Pedreira de temática xeométrica, e os gravados rupestres e o recinto fortificado de Cabeciña de Mougás, o castro Chavella, o castro de Canos dos Mouros en Viladesuso, e o alto da Pedrada.

Da arquitectura civil non podemos deixar de mencionar o barrio do Arrabal localizado ao amparo do Mosteiro onde se atopa a Praza da Centinela cun interesante cruceiro que data de 1764, e as pontes de pedra. Asemade nos atopamos neste concello coa primeira Casa Forestal construída en todo o territorio galego, actualmente titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Oia.

Ao igual que noutros concellos, o patrimonio etnográfico material é representado polos cruceiros e petos de animas e do patrimonio inmaterial destacamos sobre todo os curros,

que se celebran na época estival en A Valga, Mougás e Torroña. Tamén mencionar as festas populares como a festa do Potro de Torroña, e a festa gastronómica do Ourizo en Mougás.

### 3.3.8.- Pazos de Borbén:

Conta o concello con máis de 50 vestixios prehistóricos catalogados entre mámoas e gravados rupestres espallados por todo o territorio, sendo estes últimos os máis importantes polo que están declarados Ben de Interese Cultural. Algún exemplo deste patrimonio son Pedras Tenxiñas en Amoedo ou os petróglifos de Montecelo, Nespereira e a Ferreira en Cepeda.

Da arquitectura civil a maior representación a atopamos en numerosos muíños de auga, destacando a presenza destas nas parroquias de Borbén e Nespereira, e pontes de pedra como as pontes Carrillón e Barragán situadas sobre o río Barragán na parroquia de Moscoso e que comunican o concello con Fornelos de Montes.



*Casa indiana en Xunqueiras*

Entre o patrimonio arquitectónico de tipo civil, nos atopamos con numerosas casas de indianos que foron construídas por emigrantes que nos seus retornos temporais das Américas construíron estas vivendas onde se mestura a tradición galega coa decoración e os estilos sudamericanos. As casas localízanse en núcleos nas parroquias de Moscoso e Xunqueiras, e atopamos de forma singular un par de exemplares na parroquia de Borbén e unha única representación na parroquia de Pazos.

En relación coa arquitectura relixiosa, todas as parroquias contan cunha igrexa sendo a maioría dos séculos XVI, XVII e XVIII e de estilo renacentista e barroco, en ocasións erguidas sobre antigas construcións románicas.

O patrimonio etnográfico material se presenta nos numerosos cruceiros chegando a atopar un total de 27 espallados polo territorio e os petos de ánimas, elementos típicos da arquitectura popular galega. De modo singular, na parroquia de Xunqueiras nos sorprendemos cun antigo palco da música aínda que o seu uso actual é moi escaso.

As festas, tanto populares como relixiosas conforman o patrimonio etnográfico inmaterial, e destacamos celebracións como a festa de San Amaro, a Nosa Señora da Branca, a Romaría do Santo Aparecido, a festa das Papas, e a Noite Meiga coa asistencia de grupos folclóricos rexionais de toda España.

### 3.3.9.- O Porriño:

Arqueoloxicamente os xacementos en O Porriño a destacar son os das Gándaras de Budiño e os gravados rupestres do Monte Castelo declarados ambos Bens de Interese Cultural. Tanto a cultura castrexa como a romanización tamén mostran vestixios neste concello, coa súa máxima representación no Faro de Budiño así como unha antiga calzada romana que comunicaba Tui e Redondela.

Este territorio conta cun importante legado arquitectónico derivado da presenza de numerosos familias nobres e ao ser o lugar de orixe do afamado arquitecto Antonio Palacios.

Destacamos da arquitectura civil a casa Reitoral de Chenlo, a casa Falcato, o pazo de Levada en Mosende, o de Correa Alemparte en Budiño, o de Ponellas e a Farmacia de Peralba.



*Casa do Concello*

Das obras do arquitecto porriñés Antonio Palacios que se localizan neste concello están a propia casa do Concello, a fonte do Cristo, a botica Nova e o pavillón Metropolitano tamén coñecido como Templete de San Luís que data de 1919 e foi o acceso ao metro situado na Gran Vía madrileña e que se trasladou ao Porriño no ano 1971.

Asemade nos atopamos neste espazo con muíños de auga sobre o río Centeáns e nos regatos das Laxas, Cans e Pozo de Regadeiro.

As construción de tipo relixioso máis destacables son a igrexa parroquial de Santa María de Porriño e as Capelas do Santo Cristo, San Sebastián e San Bieito.

O patrimonio etnográfico material atopa a súa representación en cruceiros como o do Cristo dos Cachos, os petos das ánimas, e o hórreo da Risca, claro exemplo da arquitectura popular galega.

No casco urbano de O Porriño, contamos cun Museo dos Minerais inaugurado en 1997 sendo único en Galicia pola tipoloxía dos seus fondos, contando con máis de 3.000 minerais procedentes de todo o mundo.

Entre os aspectos etnográficos non materiais están as festas populares e romarías como a festa de San Bieito e o Santo Cristo de orixe relixiosa, e a festa gastronómica dos Callos, a feira Apícola das Rías Baixas, o festival de Graffiti e o recoñecido festival de curtos de orixe galega Festival de Cans.

#### 3.3.10.- Redondela:

Están presentes neste territorio restos do Neolítico, da Idade de Bronce e da Idade de Ferro espallados por todo o concello, presentando o maior conxunto arqueolóxico de Galicia entre mámoas, gravados rupestres e restos de cerámica. Os vestixios localízanse no Monte Penide, cun total de 58 mámoas nun espazo denominado Chan das Formigas, mentres que os petróglifos os podemos contemplar en Coto Vixía, Poza da Lagoa, Chan da Cruz, A Porteliña, Coto Fenteira e arredores do castro.

Os asentamentos castrexos se concentran no castro da Peneda en O Viso e o castro de Negros no Monte Penide, sendo estes últimos os máis coñecidos e importantes.



*Illa de San Simón*



No referente á bens arquitectónicos, nos atopamos cun importante legado civil representado polos pazos, os viadutos do ferrocarril que atravesan o núcleo urbano, as pontes e os muíños de auga.

Conta o concello con abundantes casas grandes e pazos no seu ámbito como a casa Torre de Prego, a de Petán, o pazo de Pousadoiro, o de Torres de Agrelo, a casa grande de Reboreda, o pazo da Torrecedeira, a casa de Carballo e a de Queimadiños

Os dous viadutos, chamados o de Madrid e o de Pontevedra que utilizaban a liñas férreas son parte tamén do legado do concello.

Nos cursos fluviais dos ríos que transcorren por Redondela, destaca a gran presenza de muíños de auga, moitos dos cales na actualidade son utilizados pola hostalaría.

De entre as pontes destacamos dúas, a ponte de pedra que comunica dous illotes na Illa de San Simón e a Ponte de Rande que atravesa a Ría de Vigo e foi inaugurada en 1981.

Ademais das igrexas parroquiais dentro da arquitectura relixiosa, o concello conta tamén con dous conventos, o das Madres Maretinhas en Trasmañó e o convento de Vilavella en Redondela.

O patrimonio etnográfico material se representa nos cruceiros e petos das ánimas e o inmaterial deixa a súa sinal nas festas do Corpus Christi e as súas alfombras florais e a Coca, declaradas de Interese Turístico, a festa dos Maios, a festa dos Fachos que se celebra no monte da Peneda, o Entroido de Verán e as festas gastronómicas do Choco e a Mazá de Negros.

### 3.3.11.- O Rosal:

Os xacementos arqueolóxicos máis destacados de O Rosal están formados por petróglifos, necrópoles e castros da época castrexa. Destacamos dentro deste conxunto os petróglifos do Monte da Bandeira, os do Alto da Camisalva, os do Alto da Campana e o do Ghorghalado, posto en valor recentemente a través do Programa Leader 2007- 2013 do noso GDR. Tamén mencionar a necrópole de San Vicente de Marzán.

Os castros son numerosos no concello, e temos exemplos como o castro de Eiras e o da Magdalena, ambos na parroquia de Eiras, os Castros, o castro de Francia, o de Parada, o de Picón, o de Pombal e o castro da Portela.

Da época da romanización conta o concello ca Mina Romana de Niño do Corvo, un impresionante miradoiro localizado nos límites do concello con Tomiño, na Serra de Argallo e dende onde se pode contemplar a magnitude do Esteiro do río Miño.

Dentro do conxunto de arquitectura relixiosa están as igrexas parroquiais de San Xoán e San Miguel de Tabagón, a de San Bartolomé de Eiras e a de Santa Mariña do Rosal, situada no centro do concello.



*Muíños do Río Folón e Picón*

A arquitectura civil está presente a través de pazos como o que ocupa actualmente a casa do Concello que data do século XVIII ou as casas grandes, pero o que realmente sorprende neste é o importante número de muíños de auga aquí localizados. Destacamos o caso dos Muíños do Río Folón e Picón, cun total de 67 muíños declarados dende 1998 Bens de Interese Cultural e os muíños das Aceñas que na actualidade son utilizados tras a súa restauración como aula da natureza.

Relacionados con actividades como a pesca fluvial nos atoparemos coas pesqueiras, que son antigas construcións de muros de pedra feitas nos cursos dos ríos, nas zonas de correntes que evitan que os peixes discorran polo caudal manténdooos nestas áreas.

Non podemos esquecer a transformación sufrida polo concello na década dos 50 coa construción de cantería de modernas escolas de primaria en cada un dos barrios, todas elas con casas para mestres. Obras arquitectónicas desta mesma época son a praza de abastos coa súa torre e soportal, a fonte e balaustrada localizadas nas proximidades da praza, e o peche do atrio da igrexa.

Tamén son de importancia dentro do patrimonio etnográfico material os cruceiros como o de Tabagón e o Calvario de Tabagón así como os petos de ánimas, as fontes e os lavadoiros que atopamos por todo o territorio.

O evento máis a destacar do patrimonio etnográfico inmaterial é sen dúbida a Festa do Viño do Rosal, pola importancia do sector vitivinícola no territorio e as bodegas aquí localizadas, dentro da denominación de orixe Rías Baixas Tamén resaltamos a festa do Cabaqueiro, que

rende honra aos veciños de O Rosal que abandonaban as súas casas durante épocas do ano para traballar elaborando tellas e ladrillos por toda a xeografía nacional, a Festa do Entroido en Novás coa Subida do Maio, unha tradición centenaria que se recuperou en 2014, a festa do Entroido en Fornelos como tradición que se remonta ao século XIX, a festa da Vendima, a festa da Virxe da Saúde e a festa de San Brais.

### 3.3.12.- Tomiño:

Os vestixios arqueolóxicos presentes os atopamos en útiles paleolíticos, túmulos, petróglifos e poboados castrexos que nos falan das diferentes épocas de humanización do territorio.

Da prehistoria destacamos os petróglifos do Monte Tetón na parroquia de Tebra como un conxunto de gravados rupestres dos máis grandes e importantes de Europa. As mámoas están localizadas nas parroquias de Tebra, Pinzás e pola súa importancia resaltamos o conxunto de mámoas das Cháns de Vilachán do Monte.



*Fortaleza de San Lourenzo*

En canto á arquitectura, diferenciamos entre a arquitectura civil, a relixiosa e a militar. Nesta última das tipoloxías temos que facer referencia ao importante legado da arquitectura militar representada polas fortificacións, as torres e as casas como sistemas defensivos para protexer os límites territoriais dos continuos enfrontamentos con Portugal. Destacamos a Fortaleza de San Lourenzo en Goián como máxima representación, os Sistemas defensivos de Amorín - San Luis Gonzaba e o Sistema Defensivo Goián - Vilanova de Cerveira - Estás declarados Bens de Interese Cultural , a Torre e Pazo de Tebra, tendo como elemento máis destacado a Torre da Homenaxe e a Casa Patrucial dos Correa en Goián, fermoso exemplo da arquitectura dos pazos barrocos en Galicia.

Destacamos tamén da arquitectura civil as casas e escolas indianas construídas co capital dos emigrantes que se foron ás Américas sobre todo na segunda metade do século XIX. As casas as atopamos por todo o concello sendo as mais representativas as localizadas nas parroquias de Goián e Estás e tendo como exemplo desta arquitectura é A Casa dos Ortega.

En canto ás escolas patrocinadas e construídas polos indianos resaltamos a Escola Aurora del Porvenir en Tomiño, a Escola Fundación Peirópolis en Estás, a Escola Unión del Porvenir entre as parroquias de Taborda e Piñeiro, e a Escola Hispano – americana Goianesa.

Tamén temos presenza da arquitectura ligada aos cursos fluviais como son os muíños de auga, que os podemos atopar en parroquias como Estas ou na propia parroquia de Tomiño onde se localizan os muíños do Río Cereixo. Os dous conxuntos foron postos en valor a través do Programa Leader do noso GDR no período 2007 – 2013.

No referente á arquitectura relixiosa citamos as igrexas parroquiais de Santa María de Tomiño, San Vicente de Barrantes e Santa María e San Salvador de Tebra, todas elas románicas. Nomeamos tamén a igrexa parroquial de Figueiró, santuario e cunha importante tradición de romarías na honra de San Campio de Lonxe, pola influencia portuguesa na súa arquitectura.

Do patrimonio etnográfico material contamos con numerosos exemplos de cruceiros e petos de ánimas e do inmaterial as festas tanto relixiosas como populares e as tradicións como a música. Contan con celebracións relixiosas como a romarías de San Campio de Lonxe, a romaría Lanzo da Cruz, e as festas da Nosa Señora do Alivio. No referente a celebracións populares conta o concello coa Mostra de Cultivos do Baixo Miño que amosa a actividade dos viveiristas do territorio e o Entroido de Goián que ten unha tradición de máis de 100 anos. E musicalmente non podemos deixar de citas As Treboadas, agrupacións musicais propias do Baixo Miño sendo o seu instrumento característico o Bombo de mallada.

Finalmente debemos comentar que outro dos elementos característicos deste concello é a riqueza existente na produción cultural expresada a través de diversas manifestacións artísticas dende principios do século XX. Así, no territorio estiveron ou están asentados diferentes artistas vinculados coa escultura, a pintura, a literatura ou a cerámica. Deste xeito, o concello de Tomiño en colaboración coa Comisión Antonio Fernández, inauguraron no ano 2014 unha Aula Museo dedicada ao pintor e á obra de Antonio Fernández na parroquia de Goián.

### 3.3.13.- Tui:

Cando analizamos o patrimonio cultural de Tui, o vinculados ineludiblemente á Catedral, caracterizada polo seu estilo románico, e posteriores reformas de estilo gótico, e o súa aparencia de fortaleza.



*Conxunto histórico – artístico de Tui*

Da prehistoria a máxima representación son os gravados rupestres de Randufe entre outros, mentres que da cultura castrexa, o castro do Alto dos Cubos en Pazos de Reis e o de A Guía en Randufe son a máxima representación.

Tamén conta con signos da romanización, pois pola cidade de Tui atravesaba a Vía XIX que comunicaba Braga con Lugo.

A arquitectura civil e relixiosa están moi presentes, tanto polas súas características como pola súa importancia.

O máxima representación da arquitectura relixiosa a atopamos na Catedral de Tui, pero tamén contamos coa capela de San Telmo, a capela da Misericordia, a igrexa de San Bartolomeu, a igrexa de San Francisco e os conventos das Clarisas e o de Santo Domingo

En canto á arquitectura civil destacamos o casco histórico do concello, antigo recinto amurallado declarado Conxunto histórico – artístico, caracterizado por rúas estreitas e encostadas de pedra, con vivendas de altitude reducida e soportais.

Tamén destacamos que é o único dos concellos do GDR14 onde se atopan vestixios de poboamentos xudeus. As probas desta presenza se poden contemplar no Arquivo e Museo Diocesano de Tui.

As pontes e os muíños son tamén importantes elemento patrimoniais. No primeiro dos casos debemos citar sobre todo a Ponte Internacional de Tui, obra do arquitecto rioxano Pelayo Mancebo e que permite comunicar o concello con Valença de Minho, mentres que en relación aos muíños non nos podemos esquecer dos muíños do río Tripes, coa presenza de máis de 40 edificacións deste tipo que discorren a través do trazado do río dende o Monte Aloia ata a súa unión co río Miño

Elementos arquitectónicos a destacar ademais dos anteriores son o Monumento ao Cabalo salvaxe, obra do escultor tudense Juan Oliveira.

O patrimonio etnográfico material está presente como nos outros concellos mediante cruceiros e petos de ánimas e o inmaterial a través das súas festas relixiosas e populares. Destacamos entre elas as festas en honra a San Telmo, a festa da Rocha en Caldelas, a festa das Angulas e a festa das Angustias no Monte Aloia. Mención especial merece o Festival Internacional de Documentais Play-doc que se celebra no concello dende fai máis de 10 anos.

### 3.4.- A Poboación

O ámbito de actuación da nosa estratexia afecta a unha poboación total de 142.832 habitantes, que se corresponden co 9,45% da poboación total de Galicia. Contamos cunha superficie de 766,2 Km<sup>2</sup>, que se traduce no 2,62% do total do territorio galego, e se comparamos a densidade de poboación do noso territorio co de Galicia, estamos a falar dunha densidade de poboación de 186,46 hab./Km<sup>2</sup> fronte á densidade galega que se corresponde con 51,80hab./Km<sup>2</sup>.

Se demostra por estes datos que contamos cun territorio cunha superficie pequena comparado con outros Grupos de Desenvolvemento Rural galegos, pero densamente poboado, pois coa excepción do GDR 17 (menor número de habitantes e menor superficie), temos a densidade de poboación máis elevada de todos os grupos existentes.

Tendo en conta as limitacións establecidas por Agader nas Bases Reguladoras para a delimitación de grupos, o GDR 14 non pode ter unha superficie maior, posto que o número de habitantes non pode superar os 150.000 e se ampliásemos o noso territorio, o número de habitantes excedería as limitacións da normativa.

Polo tanto contamos cunha superficie reducida, totalmente rural, posto que se eliminan do noso ámbito de actuación a cidade de Vigo e as súas parroquias polo seu carácter urbano, cunha das densidades de poboación das máis elevadas de Galicia e atinxindo a case o 10% da poboación total do territorio galego.

### 3.4.1.- Distribución e Densidade de Poboación:

<b>Distribución da poboación do GDR 14 por concellos</b>			
Concello	por concellos (Hab.)	territorio elixible por concellos	concello sobre o total do terrotiro
Baiona	12.233	12.233	8,56%
Fornelos de Montes	1.784	1.784	1,25%
Gondomar	14.051	14.051	9,84%
Guarda (A)	10.314	4.157	2,91%
Mos	15.324	15.324	10,73%
Nigrán	17.715	17.715	12,40%
Oia	3.042	3.042	2,13%
Pazos de Borbén	3.075	3.075	2,15%
Porriño (O)	18.508	11.887	8,32%
Redondela	29.909	22.518	15,77%
Rosal (O)	6.455	6.455	4,52%
Tomiño	13.707	13.707	9,60%
Tui	16.884	16.884	11,82%
<b>TOTAL</b>	<b>163.001</b>	<b>142.832</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Nacional de Estadística . Datos 2014

No cadro da *distribución da poboación*, amosamos os datos da totalidade por concellos do GDR 14 na primeira das columnas, mentres que nas columnas colindantes, os datos da poboación total se corresponden co territorio elixible para a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, que exclúe os cascos urbanos dos concellos de O Porriño (6.621 hab.), Redondela (7.391 hab.) e A Guarda (6.157 hab.), e o mesmo se aplica aos datos de porcentaxe de poboación por concellos sobre o total do territorio GDR 14.

Os concellos para os que se elabora esta estratexia atenden a características ben diferenciadas, tanto pola súa localización, o tipo de asentamentos, as vías de comunicación e a evolución histórica de cada un deles. Nos atopamos con concellos con maior poboación, como é o caso de Redondela, O Porriño, Nigrán, Tui e Mos. Cada un deles acolle a máis do 10% da poboación do noso territorio. Son espazos onde a influencia e a proximidade da cidade de Vigo fixo incrementar considerablemente o seu volume poboacional, como é o caso de Redondela, O Porriño, Mos e Nigrán, ou espazos onde o factor histórico e a súa

localización no eixo atlántico axudaron a incrementar o número de residentes nestas áreas. No caso do concello de Tui, a súa proximidade e fronteira con Portugal orixinou a que este territorio sexa un dos máis densamente poboados.

Contamos con concellos que pola poboación á que acollen os consideramos intermedias, como Tomiño, Gondomar, Baiona e A Guarda, cun volume entre os 10.000 e os 15.000 habitantes, que se caracterizan na actualidade por ser concellos en crecemento como é o caso de Tomiño e Gondomar e concellos cun marcado carácter turístico como A Guarda e Baiona. E finalmente, nos atopamos con concellos cunha poboación menor, que serían O Rosal, Pazos de Borbén, Oia, e Fornelos de Montes. A realidade destes é diferente, posto que mentres o concello de O Rosal conta con algo máis de 6.000 habitantes, esta enmarcado na comarca do Baixo Miño e a súa superficie é reducida. Os outros concellos presentan unha poboación de aproximadamente 3.000 habitantes como o caso de Oia no que estamos a falar dun concello cun importante sector turístico estival, coa existencia dun elevado número de segundas residencias que incrementan a súa poboación unicamente en determinadas épocas do ano, e onde as condicións da zona a ausencia de iniciativas empresariais (con excepción do turismo) e as comunicacións fan deste concello un espazo deprimido poboacionalmente. No caso de Pazos de Borbén cun volume de poboación similar a Oia e Fornelos de Montes, un dos concellos máis amplos en superficie pero menormente poboados, a realidade é que son concellos con descenso poboacional, onde os seus habitantes abandonan o rural buscando o desenvolvemento económico das cidades e que se traduce en perda de poboación nova pola falta de oportunidades, e nos atopamos con territorios que amosan un escaso dinamismo económico.

<b>Densidade de poboación nos concellos do GDR 14</b>	
Concello	Densidade de Poboación (Hab/Km <sup>2</sup> )
Baiona	354,58
Fornelos de Montes	21,47
Gondomar	188,6
Guarda (A)	202,78
Mos	288,05
Nigrán	509,05
Oia	36,52
Pazos de Borbén	61,5
Porriño (O)	194,23
Redondela	432,21
Rosal (O)	146,37
Tomiño	128,58
Tui	247,2
<b>Densidade media</b>	<b>186,42</b>


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Datos 2014

A *densidade* media do territorio GDR 14 é unha das máis elevadas de toda Galicia, tendo en conta que a nosa superficie e que contamos case co maior volume de poboación de todos os grupos galegos, próximo ao límite establecido de 150.000 hab. por grupo. Como se pode observar no cadro, as densidades de poboación máis elevadas se sitúan nos concellos máis próximos á costa, cun importante sector turístico desenvolvido e os máis influenciados pola proximidade do crecemento económico de Vigo. Son os casos de Nigrán, Baiona, Redondela, Gondomar, Mos, Tui, O Porriño e A Guarda. A medida que nos aleamos da influencia da

cidade e do Eixo Atlántico que vertebra o noso territorio nos atopamos con densidades menores como Tomiño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. Dentro deste segundo grupo destacan os casos de Fornelos de Montes, Oia e en menor medida Pazos de Borbén, cunhas densidades de 21,47 hab./Km<sup>2</sup>, 36,52 e 61,5 hab./Km<sup>2</sup> respectivamente, que deixan entrever sobre todo nos dous primeiros casos importantes problemas de despoboamento.

No conxunto do noso territorio contamos cun espazo densamente poboado cunha media de 186,42 hab./Km<sup>2</sup>. Se a comparamos coa media da densidade da totalidade de Grupos da Provincia de Pontevedra 109,87 hab./Km<sup>2</sup> e de Galicia 51,80 hab./Km<sup>2</sup> observamos como é mais elevada que a primeira e moito máis elevada ca galega, pero existen grandes contrastes entre concellos de costa e interior, e entre concellos próximos e influenciados por Vigo e aqueles máis distantes, e polo tanto máis deprimidos poboacionalmente. De forma xeral os nosos asentamentos se caracterizan pola dispersión, que en moitas ocasións dificultan e encarecen o dotar a poboación dos servizos básicos necesarios para obter unha boa calidade de vida. Esta problemática a padecen todos os nosos concellos, pero a atopamos como máxima representación no concello de Mos, onde a ausencia dun casco urbano e disección xeográfica do territorio a causa das infraestruturas de comunicación, dificultan o crecemento sostible do territorio e se traduce nun importante custo para dotar a toda a poboación dos servizos básicos.

#### 3.4.2.- Evolución da Poboación:



FONTE: Instituto Nacional de Estadística. Ano 2014

A **evolución da poboación** do GDR14 dos 10 últimos anos amosa un período de crecemento continuado dende o ano 2004 ata o ano 2010, unha pequena fase de estancamento entre os anos 2011 e 2012, e unha notable caída da poboación a partir do ano 2012. Porcentualmente os efectivos se incrementan no conxunto do territorio nos anos 2005 e 2006 en case un 1,5% cada ano, pero é a partir do ano 2007 é cando este incremento comeza a relentizarse, amosando cifras inferiores ao 1%. Na anualidade 2009 prodúcese un pequeno repuntamento con valores aínda así por debaixo do 1%, pero a partir dese momento, a nosa poboación comeza a moderar o seu crecemento con escasos incrementos do 0,41% no 2010, do 0,13%



en 2011 e do 0,06% no ano 2012. A partir do ano 2013 a poboación do conxunto descende, perdendo un 0,33% dos seus efectivos e continua con esta tendencia no ano 2014 cun 0,45% de perda de poboación.

Se analizamos os datos para cada un dos concellos, as tendencias son, podendo atopar espazos onde a perda de poboación se produce en anos anteriores e no ano 2014 comeza a incrementarse novamente como son: A Guarda, Baiona e Tui; concellos que seguen a mesma tendencia que a totalidade do territorio como Tomiño e O Rosal; concellos que experimentaron un crecemento moito máis elevado a partir do ano 2005 con porcentaxes entre 3 e 4 puntos, pero que a partir do ano 2010 comezan a perder poboación de forma continuada como Oia e Nigrán; áreas onde o incremento da poboación é constante durante todo o período, aínda que nos anos iniciais o incremento é moito máis elevado mentres que a medida que nos achegamos á actualidade o incremento é reducido, con porcentaxes que roldan o 0,3% como Gondomar e concellos que perden poboación constantemente dende o ano 2004, como son os casos de O Porriño que no ano 2014 ten perdido case un 5% dos seus efectivos, Redondela cunha perda moderada de poboación pero continuada con valores que roldan o 0,20%, e Pazos de Borbén e Fornelos de Montes que perden poboación todos os anos, e se traduce nun proceso de avellentamento de ambos concellos e a perda e ausencia de relevo xeracional.

No período completo dos 10 anos comprendidos entre 2004 e 2014, destaca o feito de que os concellos de Tomiño e Gondomar teñan incrementado a seu volume poboacional nun 15,36% e un 15% respectivamente, mentres que Fornelos de Montes, no outro extremo teña perdido ao 15,63% dos seus efectivos.

En Baiona, O Rosal e Mos elevouse o número de habitantes neste período con valores entre o 7 e o 8%, e con valores próximos ao 5% nos concellos de Nigrán, Oia, Tui e A Guarda. Os restantes concellos teñen perdido poboación no cómputo xeral, con valores próximos ao 3% no caso de O Porriño e Pazos de Borbén, e en menor medida, por debaixo dun 1% de perda no concello de Redondela.

Se nos comparamos cos datos obtidos para a provincia de Pontevedra e para a Comunidade Autónoma de Galicia podemos afirmar que os tres ámbitos territoriais seguen a mesma tendencia, incremento moderado ata aproximadamente 2010, relentización pero crecente entre 2011 e 2012 e descenso da poboación constante nos anos 2013 e 2014.

### 3.4.3.- Estrutura da Poboación:

Estrutura da poboación por sexos (%)														
Concello	Baiona	Fornelos de Montes	Gondomar	Guarda (A)	Mos	Nigrán	Oia	Pazos de Borbén	Porriño (O)	Redondela	Rosal (O)	Tomiño	Tui	Total
% Homes	49,67	46,80	49,41	48,77	49,13	49,02	49,90	48,23	48,75	48,60	49,26	50,17	47,86	49,21
% Mulleres	50,33	53,20	50,59	51,23	50,87	50,98	50,10	51,77	51,25	51,40	50,74	49,83	52,14	50,79

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Datos 2014

A ***estrutura da poboación por sexo*** nos amosa de forma xenérica unha pequena vantaxe de poboación feminina con respecto á masculina, posto que o 50,79% da poboación total son mulleres. Esta norma se pode aplicar na maior parte dos concellos, a excepción do concello de Tomiño, onde a presenza de homes é superior cun valor de 50,17%. Tamén debemos destacar a presenza dunha maior porcentaxe de mulleres que dista bastante da media nos concellos de Redondela, Tui e Fornelos de Montes. É sobre todo neste último onde a diferenza é maior, cunha porcentaxe feminina do 53,20% fronte a un 46,80% masculina. A


causa principal deste distanciamento ao respecto dos demais concellos é o avellentamento da poboación e a maior esperanza de vida entre as mulleres en idade avanzada.

Analizando a taxa de masculinidade, que se refire ao número de homes por cada 100 mulleres nun territorio, e que é moi útil para determinar aqueles espazos onde as actividades que se desenvolven están vinculadas en orixe co sexo masculino, como pode ser a agricultura de forma xenérica, nos atopamos cunha taxa do 96,87% propio de áreas intermedias entre zonas rurais e zonas urbanas. Se nos atopásemos nunha zona rural propiamente dita, a taxa sería superior ao 100 %.

#### 3.4.4.- Movemento Natural da Poboación:

Para poder comprender na súa totalidade a evolución da poboación é imprescindible analizar o **movemento natural**: nacementos, defuncións e crecemento vexetativo.

A **taxa bruta de natalidade** é o índice que mide o número de nados vivos por cada mil habitantes dun territorio determinado e polo tanto mide a capacidade de expansión natural que ten esa poboación. No noso caso, para o ano 2014 a taxa de natalidade é dun 9,10‰, unha porcentaxe moi baixa, tendo en conta que os valores para ser considerados como alta estarían por encima do 30‰, medias entre 30‰ e 15‰ e baixas estarían por debaixo do 15‰.



FONTE: Instituto Nacional de Estadística. Ano 2014


Ao falar de natalidade non debemos esquecer unha das principais variables que condicionan este movemento natural da poboación, as nais. As gráficas anteriores amosan datos relacionados coa idade das nais e a súa situación laboral. Como podemos comprobar, máis do 80% das mulleres que deciden ser nais son activas fronte a un 18% de mulleres inactivas. No caso da idade elixida para ter fillos/as comprobamos como no primeiro tramo anterior aos 20 anos é reducido, pero está presente cun 0,92% dos nacementos totais, no tramo seguinte entre os 20 e os 25 anos comeza a ascender representando un 5,38% do total. A partir dos 25 anos é cando as mulleres da nosa área deciden maioritariamente ser nais, concentrándose as maiores porcentaxes nos ratos entre os 30 e 34 anos cun 35,08% e os 35 e 39 anos cun 34%. A partir dos 40 anos, a diferenza de épocas anteriores onde a natalidade era moi reducida, na actualidade representa unha maior porcentaxe que o representado polas mulleres de entre 20 e 24 anos. Mentres estas últimas representan un 17,85%, as mulleres entre os 40 e os 44 anos acadan un 19,08% dos nacementos. No derradeiro tramo, a partir dos 45 anos so temos

un 0,08% que se debe en gran medida as dificultades a partir de determinadas idades para ser nais.

Analizamos as dúas variables en conxunto, posto que están totalmente relacionadas. A incorporación da muller ao mercado laboral, a súa maior formación e información, a súa consolidación e ascenso nos postos de traballo, e as dificultades para a conciliación da vida laboral e familiar, teñen causado que a idade elixida para ter descendencia cada vez sexa máis avanzada. Esta cuestión tamén inflúe no feito de que se incrementamos a idade para ter o primeiro fillo/a, as posibilidades de ter máis de un fillo/a por nai se reducen. A súa vez se relaciona tamén cunha natalidade cada vez menor, tanto pola idade elixida para a reprodución como polas dificultades laborais anteriormente descritas, que provocan que teñamos nunha poboación cada vez máis avellentada e con graves problemas de derivan na ausencia de relevo xeracional.

A taxa bruta de mortalidade que mide o número de defuncións por cada mil habitantes nun espazo determinado para un período concreto de tempo, o noso territorio presenta un valor do 9,63‰. Para interpretar os valores, utilízanse os mesmos ratios que para a taxa de natalidade, e polo tanto estamos a falar dunha taxa de mortalidade baixa, posto que presentamos valores por debaixo do 15‰.

Neste caso, tamén debemos analizar a idade á que se produce a defunción, pois esta variable nos pode aportar información importante da evolución da nosa poboación actual.



FONTE: Instituto Galego de Estatística. Ano 2014

A gráfica nos demostra como a maior parte das defuncións, concretamente un 80,15% se corresponde con defuncións sucedidas a habitantes de máis de 69 anos. Este feito non deixa de constatar como comentamos con anterioridade que contamos cunha poboación cunha esperanza de vida elevada e que as perdas son causadas sobre todo pola idade avanzada, posto que estamos a analizar unha poboación cun importante número de efectivos maiores.

Se calculamos o noso crecemento vexetativo ou crecemento natural en termos absolutos, descontando o número de defuncións ocorridas ao número de nacementos no ano 2014 para todo o GDR, nos atopamos con que o noso saldo vexetativo é de -75 habitantes, que demostra que perdemos máis efectivos dos que nacen.

Para calcular a taxa de crecemento vexetativo en termos relativos, utilizamos a diferenza entre o número de nacementos e defuncións por cada mil habitantes do territorio no ano 2014. Aquí a nosa taxa é -0,05%, e nos aporta información sobre a nosa dinámica demográfica. Presentando valores negativos indica que falecen máis persoas das que nacen. Tendo como referencia á *teoría da transición demográfica*, o GDR se atoparía nun réxime demográfico moderno, caracterizado por unha baixa natalidade e unha baixa mortalidade, cunha esperanza de vida maior e consecuentemente un incremento do volume poboación con idade avanzada.

Analizando por separado a natalidade en cada un dos territorio que comprenden a nosa área de actuación afirmamos que todos os concellos presentan unha taxa moi baixa de natalidade, estando todos por debaixo do 15‰. Os concellos que máis se aproximan a este porcentaxe son O Porriño, Gondomar e Mos, pero en ningún dos casos presentan valores superiores ao 10‰, e cas porcentaxes máis negativas atopamos os concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén que apenas acadan un 5‰.


En relación coa mortalidade o concello de Fornelos de Montes presenta unha taxa de mortalidade media, xa que supera o 15‰. Un numeroso grupo de concellos presenta unha taxa baixa, por debaixo do 15‰, pero por encima do 10‰ como Pazos de Borbén, Oia, O Porriño, Redondela e Tui. Os demais concellos amosan unha taxa moi baixa, por debaixo do 10‰. Cabe destacar o caso do Baiona, que presenta a taxa mortalidade máis baixa de todo o territorio con apenas un 5,72‰.

Para afondar nas diferenzas entre os concellos, calculamos a taxa de crecemento vexetativo, e nos amosan que a maior parte deles presentan valores negativos, destacando o caso de Fornelos de Montes cun -1,12%. A excepción atopámola nos concellos de Baiona, Gondomar, Mos e O Porriño que a pesar de contar cunha taxa moi baixa ao igual co resto do territorio, posto que se atopan por debaixo do 0,5%, non presentan saldo negativos, pero apenas alcanzan un 0,1%.

### 3.4.5.- Movemento migratorio da poboación:

Complementando a información anterior, debemos tratar tamén o análise dos movementos migratorios, considerados como tales os cambios de residencia dende un municipio a outro, ao estranxeiro ou dende o estranxeiro. Esta información sobre a poboación xunto coa anterior nos permitirán obter as características clave da nosa poboación actual e da súa evolución ata o momento.

En 2014, dunha poboación total próxima aos 143.000 habitantes teñen emigrado do noso territorio un total de 5.869 efectivos, o que supón un 4,11% da poboación.



FONTE: Instituto Galego de Estatística. Ano 2014


Deste conxunto de habitantes que deciden mudar a súa residencia, debemos diferenciar entre aqueles que permanecen dentro da nosa propia Comunidade Autónoma, coñecida como emigración interna, que no noso caso se corresponde co 70,86% do total de emigrantes, e aqueles que deciden residir fora da Galicia e polo tanto considerada como emigración externa e que representan o 29,14%.

Ao mesmo tempo diferenciaremos dentro de cada un dos grandes grupos varias tipoloxías dependendo do destino escollido. No caso da emigración interna predominan as persoas que residen noutros concellos da mesma comarca. En segundo lugar, as persoas que se trasladan a outros concellos da mesma provincia cun 20,70% e en menor medida aquelas que se desprazan a outras provincias galegas representando apenas un 5,79%. Podemos deducir que en ocasión os cambios de residencia son motivados por cuestións familiares ou por proximidade aos centros de traballo. Cando falamos de emigración externa, diferenciaremos entre aquelas persoas que se trasladan a residir a outras comunidades autónomas representando o 15,98% e as que residen no estranxeiro con algo máis do 13% sobre o total da emigración no GDR14.

Atendendo ao sexo dos habitantes que deciden emigrar, o 51,43% son homes fronte a un 48,57% de mulleres, e as porcentaxes por idades deste fenómeno demostran que o grupo que maioritariamente emigra é aquel con idades comprendidas entre os 30 e os 54 anos cun 47,40% de representación, seguido polo grupo de entre 16 e 29 anos cun 23,46%. En menor medida atopamos aos menores de 16 anos co 16,27% e aos maiores de 55 anos cun 12,86%. Cabe resaltar que no ano 2014 teñen emigrado de cara ao estranxeiro un 13,15% do nosa emigración total con predominio neste destino de poboación con idades comprendidas entre os 30 e os 54 anos.

Centrándonos nés persoas con discapacidade a nivel nacional, a Provincia de Pontevedra xunto coa de Cadiz, son as provincias con maior número de persoas con discapacidade que teñen que emigrar a outras provincias por causas laborais, como se fai constar nos datos publicados no Informe de Mercado de Traballo das persoas con discapacidade estatal.

O outro vértice do movemento migratorio é a inmigración cunha representación menor que a emigración no ano que estamos a analizar.



FONTE: Instituto Galego de Estatística. Ano 2014

Nas gráficas anteriores amosamos a totalidade de inmigrantes que recibimos en 2014, cunha cifra de 5.275 novos residentes que proveñen nun 77,04% do mesmo territorio galego, fronte

a un 22,96% de residentes externos, que se trasladan dende outras comunidades autónomas ou outros países.

Analizando o lugar de orixe da inmigración recibida, case o 50% trasladan o seu lugar de residencia dun concello a outro dentro da mesma comarca, polo que non supón unha perda de poboación para o conxunto do territorio, algo máis dun 20% chegan a nos doutras comarcas da mesma provincia, e unha porcentaxe moito máis reducida, representando ao 6,62% son orixinarios doutras provincias galegas. Todos estes estarían dentro da inmigración interna. Se falamos de inmigración externa, nos atopamos con que case un 15% provén doutras comunidades autónomas e un 8,34% ten a súa orixe noutros países tanto europeos como do resto do mundo.

Ao igual que no caso da emigración, atendendo á variable do sexo, nos atopamos con que recibimos no total do GDR a máis homes que mulleres, nunha porcentaxe de 51,96% e 48,04% respectivamente. Os grupos dominantes de idades son os de aqueles que teñen entre 30 e 54 anos, co 46,98%. De seguido atopamos aos que teñen entre 16 e 29 anos cun 20,47%, ao grupo de menores de 16 anos cun 18,05% e finalmente aos maiores de 55 anos que representan ao 14,50%. En canto á inmigración procedente do estranxeiro, a porcentaxe é dun 8,38%, menor que no caso da emigración, pero compartindo o mesmo grupo de idade, entre os 30 e os 54 anos.

O saldo migratorio, que mide a diferenza entre a poboación inmigrante e a poboación emigrante para o ano que estamos a analizar en cifras absolutas presenta valores negativos (-594 habitantes). Isto manifesta que nos movementos migratorios do territorio estamos a perder poboación. Centrándonos por concellos, a excepción de Oia, Tomiño, O Porriño, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes que teñen saldos migratorios reducidos pero en positivo, os demais concellos perden efectivos destacando sobre todo o caso de A Guarda e Redondela.


Se analizamos o dato anterior pero en termos relativos sobre o total da poboación de cada concello, nos sorprende novamente o caso de Fornelos de Montes que ten un saldo migratorio relativo dun 2,35% e Pazos de Borbén cun 0,72%, mentres que os demais concellos con saldo positivos apenas acadan un 0,1% (Oia, Tomiño e O Porriño). No outro extremo atopamos ao resto do GDR con valores negativos inferiores a -1% a excepción de A Guarda que acada -1,5%. Tanto o caso de Fornelos de Montes como o caso de Pazos de Borbén pode ter a súa orixe no incremento recente de poboación que vive na urbe e pola proximidade e a calidade de vida decide residir en zonas rurais.

Para o conxunto territorial o saldo migratorio relativo é -0,42%, aínda así esta cifra non implica que realmente esteamos a perder poboación, posto que non contempla os nacementos e as defuncións, pero si nos clarifica o lugar e a mobilidade das persoas que residen tanto dentro da nosa propia área como fora.

Para coñecer se realmente estamos a perder poboación debemos analizar catro variables en conxunto, por unha parte o movemento natural da poboación a través do crecemento natural ou vexetativo (nacementos-defuncións), e por outra parte os movementos migratorios a través do saldo migratorio absoluto (inmigración-emigración). Deste xeito obteremos o crecemento real absoluto que para o GDR sería de -729 habitantes no ano 2014. Atendendo a cada un dos concellos, o crecemento real positivo so o atopamos en O Porriño con 60, Fornelos de Montes con 22 e Tomiño con 2 habitantes. Os demais concellos

presentan cifras negativas cos valores máis elevados nos concellos de Redondela -271, A Guarda -168, Nigrán -126 e Tui con -114 habitantes.

Para dar por finalizado este apartado de análise dos movementos migratorios debemos prestar atención á evolución destes movementos e non quedarnos exclusivamente cos datos dunha anualidade en concreto. A representación gráfica da evolución dos movementos migratorios entre os anos 2004 e 2014 pode axudarnos a comprender as tendencias seguidas.



FONTE: Instituto Galego de Estatística.


A inmigración como se pode observa ao longo deste período conta cun maior número de efectivos que a emigración, posto que para os dez anos no atopamos cun volume total de inmigración de 63.819 habitantes fronte a 54.904 emigrantes. Os datos revelan que o fenómeno inmigratorio é constante e en crecemento ata o ano 2007, onde as liñas comezan a descender paulatinamente ata o ano 2011. A partir dese momento, o fenómeno segue estando presente pero os valores se manteñen sen apenas producirse incrementos ou descenso ata 2014, no que si podemos observar un pequeno descenso da inmigración. No caso da emigración, comezamos o período cun importante incremento no ano 2005, para continuar os anos 2006 e 2007 en retroceso. A partir de 2008 prodúcese un ascenso do número de persoas emigrantes cara outros territorios e a partir dese momento, a tendencia é constante ata a actualidade. Cabe destacar o feito de que se durante todo o período a inmigración presentaba cifras superiores á emigración, a partir do ano 2012, conviven con cifras moi próximas os dous fenómenos e a partir do ano 2013, o número de emigrantes supera ao número de persoas inmigrantes que recibimos.

A nivel de concellos para a década analizada, os concellos que rexistran saldo migratorio negativo son Fornelos de Montes e Redondela, mentres que os demais presentan saldo positivo, destacando os casos de Tomiño, O Porriño e Gondomar, con saldo de 2.132 hab., 1.616 hab., e 1.496 hab. respectivamente.

En resumo podemos afirmar que o movemento migratorio é un fenómeno que no noso territorio ten aumentado considerablemente, sobre todo a emigración nos últimos anos, sendo un claro reflexo da situación económica de cada momento.

### 3.4.6.- Estrutura Demográfica:

Unha vez rematada a análise de todas as variables que afectan ao incremento ou perda dos nosos habitantes, podemos falar da **estrutura demográfica** que presentamos.



A pirámide de poboación é a forma gráfica máis habitual para a representación da estrutura demográfica dun territorio por sexo e por idades e nos permite percibir dunha forma sinxela fenómenos demográficos tales como o avellentamento, a natalidade, a esperanza de vida da poboación e o equilibrio ou desequilibrio entre sexos. Os segmentos de poboación están dispostos en xeracións de 5 anos contados dende o momento de nacemento ata máis de 85 anos.

A nosa pirámide ten forma de ánfora, que se traduce en ser unha poboación en estado de avellentamento, producido por un retroceso da natalidade e polo incremento da esperanza de vida. Observamos como nos niveis baixos da gráfica por sexos, os efectivos acadan porcentaxes similares e se manteñen ata a idade de 65 anos. A partir deste momento, increméntase a porcentaxe de mulleres, causado por unha esperanza de vida maior delas e se observamos a cúspide da gráfica vemos como incluso a porcentaxe de mulleres duplica a porcentaxe de homes. A nivel de concellos, a representación gráfica de cada un deles mostra a mesma tendencia que a pirámide grupal.

O índice de avellentamento, que mide a porcentaxe de poboación con máis de 65 anos por cada 100 menores de 16 anos nos demostra que en conxunto obtemos un valor de 132,41%. Por concellos destaca o dato para Fornelos de Montes cun 365% e o valor máis baixo en O Porriño cun 104,12%. Os demais concellos os podemos clasificar en dous grupos. O primeiro



con cifras superiores ao 100% pero por debaixo de 150% que son Gondomar, Mos, Tui, Tomiño, Baiona, Nigrán e Redondela e o segundo grupo ten valores superiores a 150% pero inferiores ao 200% e aquí localizamos a O Rosal, A Guarda, Oia e Pazos de Borbén.

Tendo en conta os índices de avellentamento que manexamos no territorio, debemos presentar tamén o índice de dependencia que poría de manifesto a dependencia das persoas maiores de 65 anos e menores de 16 anos, e polo tanto inactivos, sobre a poboación activa comprendida entre os 16 e os 64 anos. Este índice para o GDR 14 é de 49,14%. Este dato se pode traducir en que aproximadamente por cada persoa traballadora ou potencialmente traballadora, existe un 0,5 de persoas dependentes dela. Podendo desagregar máis este dato, diferenciando entre dependencia de menores de 16 anos e maiores de 65 anos, podemos presentar o índice de dependencia xuvenil que se corresponde con un 21,14% sobre o total da dependencia (49,14%) e o índice de dependencia da poboación envellecida que suporá o restante 28,00% de dependencia existente. Por concellos, os maiores índices de dependencia xuvenil están nos concellos de Tui, Mos e Tomiño, mentres que os maiores valores para o índice de dependencia das persoas maiores están nos concellos de Fornelos de Montes cun índice do 55,76% seguido de Pazos de Borbén e Oia, pero con valores lixeiramente superiores ao 30%.


#### 3.4.7.- A discapacidade:

Non podemos pasar por alto a análise máis dilatada de determinados factores que nos permitirán caracterizar ao tecido humano que reside na nosa área de actuación. De entre estes a continuación estudaremos o segmento de poboación formado polos efectivos que presentan unha **discapacidade**, pois na nosa área o 10,84% da poboación total a ten recoñecida (para o cálculo dos datos neste apartado, faremos referencia á poboación total do territorio incluíndo os cascos urbanos excluído do Programa Leader, posto que é imposible a súa desagregación, e se fixéramos os cálculos para os habitantes do territorio elixible deste xeito, os valores estarían desvirtuados).

A cifra absoluta de persoas con discapacidade no GDR 14 é de 17.667 habitantes incidindo dunha forma lixeiramente máis elevada no colectivo feminino cun 52,69% fronte ao 47,31% de incidencia masculina.

Se temos en conta a totalidade da nosa poboación podemos afirmar que no ano 2014, ese 10,84% de discapacidade recoñecida, independentemente da súa tipoloxía, sexo ou grado de recoñecemento supón o 8,25% da totalidade de persoas que teñen algunha discapacidade dentro do conxunto de Galicia e se o comparamos coa totalidade de poboación galega incluída dentro dos GDR, estamos a falar dun 1,17% de persoas con discapacidade sobre o total, que residen no noso territorio.

Atendendo á distribución espacial das persoas que presentan algunha discapacidade temos elaborado a gráfica que presentamos a continuación que representa a porcentaxe da totalidade de persoas con discapacidade repartidas polos diferentes concellos nos que se aplicará a nosa estratexia para o ano 2014.




FONTE: Instituto Galego de Estatística. Ano 2014

Observamos como os espazos de maior concentración de discapacidade son concellos como Redondela, Tui, Mos ou Nigrán, coincidindo con concellos que presentan cifras máis elevadas de poboación, mentres que os concellos con menos efectivos como Fornelos de Montes, Oia, Pazos de Borbén e O Rosal presentan o número de persoas con discapacidade máis reducido. Podemos polo tanto establecer que a maior ou menor poboación dun territorio está estreitamente relacionada cun maior ou menor número de persoas con discapacidade presentes nel en termos absolutos.

Se poñemos en relación a poboación total de cada unha destas áreas coa poboación que ten algún tipo de discapacidade, polo tanto, analizamos a variable en termos relativos, nos atopamos con grandes diferenzas entre os concellos, podendo establecer tres grupos:

- Concellos con menos dun 10% de poboación con discapacidade: Neste grupo están O Porriño (8,86%), Redondela (9,13%), Tomiño (9,59%) e Nigrán (9,99%).
- Concellos con entre un 10% e un 15% de poboación con discapacidade: cunha gran diversidade, pois temos concellos lixeiramente superiores ao 10% como O Rosal (10,09%), A Guarda (10,19%), Oia (10,35%) Baiona (10,37%), Gondomar (11,44%) e Pazos de Borbén (11,97%), e concellos próximos ao 15% como Mos (14,13%) e Tui (14,23%).
- E concellos con máis do 15% da súa poboación con discapacidade, atopándose únicamente neste caso ao concello de Fornelos de Montes, onde o 22,37% dos seus habitantes teñen unha discapacidade, posiblemente pola avanzada idade de gran parte da súa poboación.



FONTE: Instituto Galego de Estatística. Ano 2014

No que se refire á distribución da discapacidade por idade para o conxunto do GDR 14, o noso 10,84% existente ten maior presenza entre determinados grupos. O dominante é o da discapacidade en idades entre os 16 e os 64 anos, cun 51,47% sobre o total. Nunha porcentaxe algo inferior está o grupo con idades superiores aos 65 anos cun 45,24% e a moita distancia atopamos o grupo dos menores de 16 anos no que presentan unha incidencia do 3,29%.


Debemos comentar que a maior das porcentaxes tamén se corresponden cun grupo de idades moi amplo; que no caso dos maiores de 65 anos temos unha importante presenza, e o grupo de idades é moito menor que o anterior grupo en tamaño. A elevada porcentaxe entre os maiores de 65 anos pode ter orixe nas discapacidades adquiridas ao longo da vida e pola propia idade dos recoñecidos; e no caso dos menores de 16 anos, a presenza é moi reducida en comparación cos demais grupos, pero tamén debemos ser coñecedores de que algunhas das discapacidades orixinadas no momento do nacemento ou durante a infancia non son identificadas e/ou recoñecidas en idades temperás, polo que esa pode ser a clave para presentar valores tan inferiores inicialmente, e incrementarse o número a partir dos 16 anos.

Se temos en conta os datos da gráfica que representa a distribución por concellos atendendo aos grandes grupos de idade, a tendencia non é igual para todos os concellos, e non seguen o patrón dos datos que representan ao conxunto do territorio.

Para todos, excepto os concellos de Fornelos de Montes, Tui, Pazos de Borbén e Mos, o grupo dominante con maior presenza de discapacidade é o grupo de poboación se atopa entre 16 e 64 anos. Para os concellos anteriormente citados, o grupo máis dominante con discapacidade é o de persoas maiores de 65 anos. Esta diferenza pode facerse máis notable en aqueles territorios que presentan un maior índice de avellentamento e a súa vez implica un maior índice de dependencia de persoas maiores de 65 anos.

Do mesmo xeito que anteriormente clasificamos en tres grupos aos diferentes concellos en función da maior o menor presenza relativa da discapacidade entre a súa poboación, podendo establecer tres grupos, cada un deles cun conxunto de idades diferentes e onde o comportamento de cada territorio tamén presenta as súas características propias.

- Discapacidade no grupo de idade inferior aos 16 anos, onde tendo como referencia a media do territorio, que é 3,29%, atopamos concellos con valores moi inferiores como Pazos de Borbén (1,09%), Fornelos de Montes (1,25%) e Oia (1,80%); concellos con valores lixeiramente inferiores como Nigrán e Mos que rondan o 2,5%, concellos que se atopan na media como Baiona, A Guarda, Tomiño e Redondela; concellos lixeiramente superiores á media, como Tui (3,96%) e Gondomar (3,98%); e concellos moi por enriba da media, que son O Porriño e O Rosal con valores superiores ao 4%.
- Discapacidade no grupo de idade entre os 16 e os 64 anos onde a media de referencia xeral é 51,47% nos atoparemos territorios con valores moi inferiores á esta cifra como Tui, Fornelos de Montes e Mos con datos por debaixo do 47%, espazos lixeiramente inferiores á media como O Rosal, Pazos de Borbén e Baiona con valores entre o 47% e o 50%; concellos que están sobre a media como Nigrán e Tomiño con 51,64% e 51,86% respectivamente; concellos lixeiramente superiores á media onde estarían Gondomar e Redondela con valores sobre o 54% e por encima da media a maior distancia concellos como A Guarda, Oia e O Porriño con case o 60% da discapacidade neste grupo de idade.
- Por último o grupo de idade superior aos 65 anos cunha media territorial do 45,24% nos amosa novamente concellos con datos moi inferiores a este como o Porriño e Oia, inferiores ao 40% e por debaixo do 43% atopamos a Gondomar, A Guarda e Redondela. Con valores lixeiramente inferiores estaría Tomiño cun 44,71%. Por enriba Baiona, Nigrán, O Rosal e moi por enriba da media nos atoparíamos con Pazos de Borbén, Tui, Mos e sobre todo Fornelos de Montes cun 52,13% de maiores con discapacidade.



FONTE: Consellería de Traballo e Benestar . Ano 2014

En función da tipoloxía de discapacidade predomina con case un 60% a presenza de discapacidade física, fronte á discapacidade psíquica e a discapacidade sensorial que representan un 28,74% e un 13,22% respectivamente.

Se o analizamos por separado atendendo a cada un dos espazos que nos integran podemos afirmar que a tendencia é a mesma para todos, posto que a discapacidade máis numerosas

para os seus habitantes é a física, seguida da psíquica (intelectual e mental) e en último lugar atoparemos a discapacidade sensorial.

Tomando como variable o grado de recoñecemento que cada un dos habitantes presenta, na totalidade falamos dun reparto case 50%, 30% e 20% onde a maior representación se corresponde con aqueles efectivos que teñen entre un 33% e un 64%; o segundo grupo sería o de aqueles que ostentan entre un 65% e un 74% e o último dos tramos se corresponde con aqueles habitantes que presentan unha discapacidade recoñecida superior ao 75%.

Establecemos polo tanto que existe unha correlación entre a maior porcentaxe de discapacidade recoñecida, menor número de persoas con discapacidade recoñecida e a menor porcentaxe de discapacidade recoñecida, o número de persoas con discapacidade se incrementa.

Por áreas xeográficas dentro do GDR, ao igual que na variable anteriormente analizada, a tendencia é similar para todos os concellos e para a totalidade do territorio.

Introducindo a variable sexo neste caso concreto, nos atopamos con que as persoas cunha discapacidade recoñecida de entre un 33% e un 64% son porcentualmente superiores no caso dos homes 51,48% fronte a un 48,51% de mulleres. No seguinte grupo, con discapacidades entre o 65% e o 74% nos atopamos con maior presenza de mulleres (55,62% de mulleres sobre un 44,38% de homes) e no último tramo con discapacidades superiores ao 75% a presenza de mulleres e moito maior ca de homes (58,25% de mulleres sobre 41,75% de homes). Dentro deste último grupo, cando a discapacidade maior vai asociada á idade das persoas, en ocasións pode estar relacionada cunha maior esperanza de vida das mulleres, e polo tanto cun maior número de mulleres con idades avanzadas que de homes que teñen recoñecida unha discapacidade superior ao 75%.

Debemos destacar dentro deste apartado a forte incidencia da migración das persoas que teñen unha discapacidade, posto que en ocasións deciden mudar o seu lugar de residencia buscando ás mellores condicións de vida que pode atopar noutros lugares, que non deixa de estar vinculado cunha maior accesibilidade á vivenda, aos servizos básicos, aos centros de saúde e que en moitas ocasións inciden no abandono do rural cara a cidades mellor dotadas servicialmente.

#### 3.4.8.- Nivel de Instrución da Poboación

O **nivel de instrución** da poboación é outro dos factores que nos aproximarán ao tecido humano co que contamos. Dito nivel fai referencia á formación acadado pola poboación maior de 16 anos nos nosos concellos dende o valor inferior, non sabe ler ou escribir ao nivel superior, doutoramento (os últimos datos dispoñibles para esta variable a nivel municipal datan de 2001. Realizaremos un pequeno análise neste caso para poñernos en antecedentes e a continuación utilizaremos datos a nivel provincial e da comunidade autónoma máis actuais).

Para o noso conxunto no ano 2001 nos atopábase con que máis do 30% dos nosos efectivos non tiñan rematado o Bacherelato elemental, a Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou a Ensinanza Xeral Obrigatoria e un 27,60% tiñan os estudos anteriormente citados rematados. O case restante 50% da poboación se repartía entre os demais niveis de

formación, onde destaca o feito de que un 15,25% posuía menos de 5 anos de escolarización e so o 8,74% tiña rematado o Bachelato Superior.

No que se refire á formación profesional, o 2,94% estaba en posesión dun título de grado medio e o 4,22% de grado superior.

Centrándonos a nivel universitario, dentro do conxunto de titulacións, unicamente un 3% da poboación contaba cunha formación universitaria superior (Licenciatura, Arquitectura e Enxeñaría Superior), mentres que un 3,61% se tiña formado nun grado universitario inferior (Diplomatura, Arquitectura e Enxeñaría Técnica). Apenas un 0,16% dos nosos habitantes contaban na súa formación cun doutorado.

Finalmente na parte formativa máis baixa, nos atopamos coas persoas que non saben ler ou escribir. Neste caso tiñamos ao 2,16% da poboación.

<b>Porcentaxe do nivel de instrucción por sexo GDR14 - 2001</b>		
<b>Nivel de instrucción</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Non sabe ler ou escribir	1,14	3,11
Menos de 5 anos de escolarización	12,90	17,44
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	33,02	31,66
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	30,40	25,00
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	9,00	8,50
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	3,07	2,81
FP II, FP grao superior, Mestría industrial	4,32	4,13
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñaría Técnica	2,89	4,29
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	3,08	2,93
Doutoramento	0,18	0,14

Fonte: Instituto Galego de Estatística . Datos 2001

Se aos datos analizados en canto ao nivel de instrucción lle aplicamos a variable sexo, observamos como se reflexa na taboa que os valores sempre eran máis elevados para o conxunto da poboación masculina ca feminina coa excepción dos niveis máis baixos e máis altos da taboa, que se corresponden coa menor formación (non sabe ler ou escribir, e menos de 5 anos de escolarización) e niveis universitarios na maior formación (Diplomatura, Licenciatura e similares, e Doutorodo). No caso da baixa formación, predominaba o sexo feminino chegando incluso a duplicar o valor dos homes en canto a non saber ler ou escribir, seguido das persoas que tiñan menos de 5 anos de escolarización, onde o valor das mulleres era case 5 puntos porcentuais superior ao dos homes. A partir deste nivel formativo, existía dunha maior formación no caso dos homes (ensinanzas secundarias e formación profesional), e novamente nos atopamos con maior presenza do colectivo feminino en formacións universitarias tanto de grado técnico como superior. No caso dos doutorados, novamente eran os homes os que contaban cun maior porcentaxe de poboación que acadaba esta formación.

A taxa de alfabetización que reflexa a porcentaxe de persoas que non saben ler ou escribir sobre a poboación total atinxida, para o noso ámbito de actuación no ano 2001 era dun 2,16%, lixeiramente superior á taxa existente na provincia de Pontevedra que era 1,82% e á da comunidade galega que ostentaba un 2,05%.

En canto aos concellos concretamente, as taxas de alfabetización máis elevadas estaban nos concellos de Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, espazos máis rurais, alexados da costa e cunha poboación máis avellentada, mentres que as taxas de formación universitaria e doutoramento máis elevadas as atopábamos nos concello de Nigrán, Gondomar e Baiona, polo tanto na comarca do Val Miñor, un espazo menos rural, na costa que con maior porcentaxe de poboación nova.

Unha vez realizada esta pequena aproximación ao nivel formativo dos nosos habitantes no ano 2001, presentamos algúns datos da situación actual pero para o conxunto da poboación galega e da provincia, xa que os datos a nivel municipal non se atopan desagregados.

Para o territorio galego en 2014, unha das problemáticas que se teñen que ter en conta e que marcarán tanto o nivel formativo como laboral o seu tecido humano é a interrupción de forma voluntaria dos estudos, pois estamos a falar de que o 18,5% da poboación non completa a Ensinanza Secundaria Obrigatoria por iniciativa propia, tendo maior incidencia entre o colectivo masculino que sobre o feminino. Se nos comparamos a nivel nacional con outros países da UE, os valores de España son os máis elevados, ostentando un 21,9% de persoas que abandonan os seus estudos básicos, seguida de Malta cun 20,4% e Rumanía cun 18,1%.

Se falamos de poboación que teña rematados os seus estudos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria no territorio galego no ano 2014, coñecemos que a media de persoas formadas é dun 82,8%, inferior á española, que é dun 84,2%. Este mesmo dato aplicado ao sexo nos desvela que son as mulleres nos dous ámbitos territoriais as que presentan maiores porcentaxes, estando nun 85,3% e 87,1% para Galicia e España respectivamente, fronte aos valores masculinos para os mesmos ámbitos que se sitúan en 80,4% e 81,4%.

En relación coa obtención da graduación en cada unha das modalidades formativas non universitarias para a totalidade de Galicia, o 79,1% dos matriculados acadan a súa graduación na Eso, un 3,2% obteñen a titulación Eso a través do PCPI e un 29,2% a través do sistema de Ensinanza educativa para adultos. Ao falar de bachelato, acadan a graduación o 59,5% do total de matriculados e nos ciclos de formación profesional, no que se refire ao grado medio rematan os estudos o 56,7%, mentres que en grado superior apenas o 29,5% os remata.

Centrándonos na formación superior en Galicia podemos afirmar que o 44,1% dos nosos habitantes con entre 30 e 34 anos posúen formación superior universitaria, sendo neste caso maior a importancia das mulleres, posto que das cifras presentadas o 52,7% lles pertence a elas fronte a un 35,6% de homes.

No campo da discapacidade, en todos os niveis de ensinanza non obrigatoria existe unha menor escolarización de persoas con discapacidade, en comparanza co resto da poboación, tendencia que se acentúa coa idade. A desigualdade que xa se observa nos niveis de educación básica reduce as posibilidades de acceso aos niveis superiores desta poboación. A dificultade que trae consigo a propia discapacidade hai que sumarlle que nos atopamos nunha zona rural con grupos de poboación moi dispersos, factor que dificulta máis aínda o acceso a formación regrada.

Está falta de formación vese reflectida nos tipos de contratación laboral. Segundo o Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego, no ano 2014 o 70,92% dos contratos laborais a persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra foron a persoas con nivel

formativo igual ou inferior á ESO fronte o 29,07% de contratación a persoas con discapacidade cunha formación regradada superior á ESO.

#### 3.4.9.- Calidade de Vida:

A **calidade de vida** dos nosos efectivos tamén é un factor a analizar para coñecer as características concretas da poboación. Atendendo a este criterio debemos ter presente no noso traballo a execución dunha análise multidimensional das condicións materiais de vida, do traballo, da saúde, da educación, do ocio e as relacións sociais, da seguridade física e persoal, da gobernanza e dos dereitos básicos, e do entorno e o medio ambiente.

### MULTIDIMENSIÓN DA CALIDADE DE VIDA



#### 3.4.9.a.- Condicións materiais de vida:

Dentro das **condicións materiais de vida** atopamos a dimensión económica, as carencias materiais e a seguridade económica. O primeiro que tratamos é a renda bruta dispoñible por habitante.




<b>Renda dispoñible bruta por habitante (euros) de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>			
Concello	Renda dispoñible bruta por habitante (euros)	Índice Renda dispoñible bruta por habitante (GDR14=100)	Índice Renda dispoñible bruta por habitante (Galicia=100)
Baiona	14.431	114,18	96,4
Fornelos de Montes	8.181	64,73	54,7
Gondomar	13.988	110,68	93,5
Guarda (A)	12.859	101,74	85,9
Mos	13.020	103,02	87,0
Nigrán	16.325	129,17	109,1
Oia	11.833	93,62	79,1
Pazos de Borbén	9.981	78,97	66,7
Porriño (O)	13.529	107,04	90,4
Redondela	13.750	108,79	91,9
Rosal (O)	11.745	92,93	78,5
Tomiño	11.495	90,95	76,8
Tui	13.167	104,18	88,0
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>12.639</b>	<b>100,00</b>	<b>84,46</b>
<b>MEDIA GALICIA</b>	<b>14.965</b>		

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2009

A *renda* bruta dispoñible por habitante (2009) en valores medios para o total do territorio galego é de 14.965,00€ anuais, mentres que para o GDR 14 a media é de 12.639,00€, que se traduce en que contamos cunha renda bruta por habitante anual inferior á media de Galicia. Se analizamos cada un dos nosos territorios por separado e os comparamos coa media que obtemos para o conxunto (12.639,00€/persoa/ano) atoparemos comportamento diferente en cada unha das áreas. Se nos presentan concellos que se sitúan moi por debaixo da media como Fornelos de Montes (8.181,00€) e Pazos de Borbén (9.981,00€); concellos con valores próximos á media tanto por debaixo, onde estarían Tomiño, O Rosal e Oia como por enriba, con A Guarda, Mos, Gondomar, Tui, O Porriño e Redondela; e concellos con valores moi superiores á media, como Baiona e Nigrán con 14.431,00€ e 16.325,00€ respectivamente. Contamos unicamente cun concello que se sitúa nun nivel superior ao de Galicia, o concello de Nigrán, que case duplica á renda media por habitante ao ano en comparación co noso concello con menor renda media dispoñible (Fornelos de Montes).

O ingreso medio mensual por persoa para o conxunto do territorio ao sur da provincia de Pontevedra é 657,00€ e o ingreso medio mensual por fogar ascende a 1.761,00€, mentras que para a provincia de Pontevedra é de 1.863,00€ e para Galicia 1.915,00€. Na nosa provincia, os ingresos dos fogares teñen a súa orixe nun 51,90% en traballos por conta allea, un 9,60% en traballos por conta propia, un 36,03% en prestacións e o restante 2,48% procede de rendas e outros ingresos.

É importante destacar que entre os fogares que perciben ingresos por prestacións (o 36,03% dos fogares) na nosa provincia, máis do 40% obteñen destes ingresos máis do 50% dos seus ingresos medios, mentras que un 36% reciben máis do 75% dos seus ingresos a través deste medio e un 30% dos fogares teñen neste ingreso o 100% dos seus recursos económicos mensuais.



FONTE: Enquisa Estrutural a Fogares. Instituto Galego de Estatística. Ano 2014

No sur da Provincia de Pontevedra contamos cun total de 40.802 fogares, predominante constituídos por parellas con fillos/as, continuando en representación os fogares de parellas sen fillos/as e en terceiro e cuarto lugar atopamos os fogares unipersoais e os monoparentais respectivamente. Os noso fogares teñen por media 2,68 habitantes por fogar. A tendencia para o conxunto galego é similar ao noso comportamento.

Dos fogares constituídos por parellas con fillos/as non podemos deixar de mencionar que aqueles fogares con fillos/as de entre 18 e 24 anos, aínda residen na vivenda familiar cos pais case o 50%. Nos fogares con fillos de entre 25 e 29 anos, residen cos pais case un 30% dos descendentes e no caso de fillos/as de entre 30 e 34 anos, residen na vivenda familiar o 21,82%.

O *risco de exclusión social* para o territorio galego se sitúa nun 16,41%. Dito risco trasladado á provincia de Pontevedra ascende ata un 19,80% mentres que para o noso territorio localizado ao sur da provincia a porcentaxe acada o 27,06%.

En relación a aqueles habitantes que perciben una Renta de Integración Social de Galicia (RISGA) e/ou unha Axuda e Emerxencia Social (AES), para o conxunto do GDR 14 un 0,45% da nosa poboación total percibe ditas axudas, tendo maior presenza entre as mulleres cun 60% de representación. Por concellos, a maior existencia destas axudas están en A Guarda, O Porriño e Tui e a menor presenza a atopamos en Baiona, Nigrán e O Rosal.

A maioría das persoas con discapacidade son perceptores de PNCs, RISGA ou Prestacións familiares. A este baixo nivel de ingresos económicos hai que sumarlle os gastos a maiores que lles produce a súa discapacidade (material ortoprotésico, pañais, adaptacións na vivenda...), o que ocasiona que moitas das persoas con discapacidade se atopen nunha situación de carencia material severa.

Segundo os datos aportados polo INE no ano 2014, o 62,64% das persoas con discapacidade a nivel estatal atópanse nunha situación de inactividade.

Tendo en conta que a nosa zona xeográfica caracterízase pola dispersión, esta taxa de inactividade é superior posto que unha das causas da inactividade é a dificultade para acceder aos recursos normalizados das comunidades tanto a nivel formativo, como laboral, ocio ou deporte. Esta inactividade é consecuencia directa dos seguintes conceptos:

- Incapacidade laboral
- Grandes discapacidades
- Dificultades de acceso os recursos comunitarios
- Falta de servizos específicos

Segundo a Enquisa estrutural a fogares publicada polo IGE para o ano 2014, na totalidade do territorio galego nos atopamos cun 5,32% da poboación que se atopa en situación de *carenza material severa*. Para a provincia de Pontevedra este porcentaxe é superior acadando un 5,67%. Se considera que unha persoa está en situación de carenza material cando ten a carenza de 3 sobre os 9 conceptos relatados a continuación, e carenza material severa se padece cando se ten a carenza polo menos de 4 conceptos dos 9 seguintes:

non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade); non pode permitirse dispoñer de coche; non pode permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil); non pode permitirse dispor de televisor en color; e non pode permitirse dispor de lavadora.

Deste conceptos amosados, o 39,34% da provincia carecen de dous deles, o 17,74% carecen de tres, polo que se atopan en situación de carenza material, e carecen de catro destes conceptos un 5,32% polo que se atopan en carenza material severa.

As *dificultades económicas* da poboación para chegar a final de mes tamén se ten en conta neste apartado e na provincia de Pontevedra sabemos que apenas o 35% da poboación chega ben a fin de mes. Pola contra case o 50% da poboación chega con dificultade a final de mes, e o restante 15% ten grandes dificultades para completar economicamente o mes. Desta poboación, o 4,26% se viron obrigados a retrasarse no pago de algún recibo vencellado coa vivenda habitual.

#### **3.4.9.b.- Condicións do traballo:**

Relacionado co traballo falaremos de dúas dimensión, a cantidade e a calidade.

No primeiro dos casos para o conxunto da comunidade é relevante salientar que aproximadamente un 10% dos nosos parados, o son de longa duración.

En canto á calidade do traballo, o salario medio anual para o conxunto de Galicia en 2014 é de algo menos de 20.000,00 euros, sendo a terceira cifra máis baixa do Estado, so por enriba

de Canarias e Extremadura. Asemade o salario bruto medio é de 2.751,00 euros, inferior ás cifras acadadas pola media nacional.

Actualmente o 40% dos empregos na comunidade son contratos de traballo a xornada parcial, polo que aínda que o nivel de emprego se recupera, o fai a costas de traballos estacionais con menor número de horas de traballo e polo tanto con menos ingresos para as familias e para a Seguridade Social.

En canto a durabilidade dos contratos nos atopamos con que a maioría dos contratos xerados no ano 2015 en Galicia son temporais, aumentando o número total de persoas traballadoras con esta tipoloxía de contrato nun 15,7% con respecto ao ano anterior, unha cifra que permite compensar a perda de 4.300 empregos asalariados indefinidos, que diminuíron nun 0,7% no mesmo período. En función da durabilidade dos contratos podemos afirmar que as persoas asalariadas galegas con contratos indefinidos supoñen un total de 596.600 empregos fronte a 225.800 contratos temporais. Esta situación para as familias galegas supón unha inestabilidade laboral importante.

Segundo o Informe do Mercado de Traballo das Persoas con discapacidade (datos 2014) , o número de persoas con discapacidade que se atopan como parados de longa duración diminuíu a nivel nacional. Isto non soamente non se reproduciu na Comunidade Autónoma de Galicia, senón que aumentou o número de persoas paradas de longa duración, sendo Galicia a segunda Comunidade con maior número de persoas con discapacidade que se atopan como persoas desempregadas de longa duración, e Pontevedra a terceira provincia a nivel estatal, con maior número de persoas con discapacidade que se atopan como parados/as de longa duración.

Deixamos constancia neste apartado de existencia no territorio de empresas dedicadas á inserción de persoas en risco de exclusión social, tales como os Centros Especiais de Emprego, pero que a pesar de estar presentes, consideramos que o seu número é moi reducido para o conxunto da poboación que manexamos en todo o territorio, polo que sería imprescindible incrementar esta tipoloxía de empresas para acadar unha maior inserción laboral ordinaria para o colectivo de persoas con risco de exclusión social.

#### **3.4.9.c.- Condicións da Saúde:**

A saúde é un dos aspectos mais valorados na vida das persoas. Potencia as oportunidades de participar no mercado laboral, as actividades de educación e formación e o conxunto das actividades sociais e de ocio, e sobre todo incrementar a calidade de vida.

Deste xeito podemos falar de varios condicionantes como o acceso aos coidados sanitarios. A pesar de non atopar ningún hospital no noso espazo concreto de actuación, a nosa área de influencia ten como referencia para o acceso ao servizo sanitario especializado a cidade de Vigo. Nela se atopan 9 dos 38 hospitais existentes na comunidade galega, e contamos co 22,73% das camas dispoñibles en toda Galicia. Todos os nosos concellos contan con centro de saúde no termo municipal pero servizos de urxencias só están dispoñibles nos concellos de Redondela, O Porriño, Nigrán e Tui. Igualmente todos os concellos contan cunha ou varias farmacias nos seus territorios.

Unha das maiores problemáticas identificadas en todos os concellos son tanto as carencias como a precariedade dos accesos e dos desprazamentos da poboación rural aos servizos

sanitarios de especialistas. Igualmente citamos tamén a problemática que se xera ao estar moitos dos servizos sanitarios especializados na cidade de Vigo, que conleva que as persoas que padecen enfermidades tales como cancro, diabete, ou enfermidades relacionadas con dependencias teñan verdadeiros problemas e dificultades á hora de acceder aos servizos necesarios dende o rural. Debemos tamén incidir na necesidade de xerar concienciación sobre as enfermidades e sobre a prevención de moitas delas anticipándonos ao seu padecemento.

Dos servizos prestados polos centros de saúde contan con persoal dedicado ao traballo social, farmacia e odontoloxía os concellos de A Guarda, Tui, Nigrán, O Porriño e Redondela. Con servizo de matrona 9 dos 13 concellos (excepto O Rosal, Oia, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén), e servizo de pediatría todos excepto Oia, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén. Na totalidade contamos con 153 especialistas en medicina xeral repartidos polo noso territorio.

En relación coa asistencia da nosa poboación aos servizos sanitarios se debe na maioría dos casos a problemas circulatorios, respiratorios e traumatismos en maior medida que outras afeccións e o índice de asistencia a consultas sanitarias en función do sexo do paciente, é relativamente maior a presenza de mulleres (52,00%) sobre homes.

A estadía media de hospitalización para a provincia independentemente da causa é de 6,8 días mentres que en Galicia é de 7,1 días.

A esperanza de vida ao nacer para o GDR 14 é 83,12 anos de media, existindo unha importante diferenza entre a esperanza de vida das mulleres que se sitúa nos 86,18 anos e a dos homes que é de 79,86 anos. No caso da provincia e a comunidade a tendencia é similar, a pesar de acadar idades lixeiramente inferiores ao noso GDR.

Facemos neste último apartado dedicado á sanidade referencia a enfermidades que pola súa complexidade son abordadas dende catro áreas fundamentais, a saúde, a xustiza, a sociedade e a educación. Estamos a falar de enfermidades relacionadas coas adiccións. Para solventalas, interveñen diferentes profesionais que coas súas accións tratan de reducir os riscos que comportan. Non contamos con estudos concretos na zona sobre estas cuestións, pero sí contamos con datos de persoas que están loitando por deixar atrás ditas enfermidades, e de profesionais que traballan para acadar este fin. Concretamente no noso ámbito de actuación temos algo máis 500 persoas que padecen algunha destas enfermidades e consideramos de vital importancia invertir nestas accións, non so para curar enfermidades senón tamén para axudar á prevenilas.

#### **3.4.9.d.- Condicións da educación:**


A educación, tomando como principais dimensións as competencias e habilidades adquiridas e a formación continua realizada pola poboación.

As competencias e habilidades son aquelas que a poboación adquire ao longo da súa vida formativa e neste aspecto podemos afirmar que máis do 82,00% da poboación galega con idades entre os 20 anos e os 24 teñen adquirido as competencias clave a través da obtención da Ensinanza Secundaria Obrigatoria. A porcentaxe difere entre homes e mulleres, posto que mentres para as mulleres acadamos o 85% para os homes é lixeiramente superior ao 80,00%.

Os datos varían en función da idade, pois para o conxunto galegos con entre 30 e 34 anos acadan a titulación da ESO únicamente nun 44,1% dos cales algo mais do 52% son mulleres.

Como se mencionou no apartado dedicado ao nivel de instrucción da poboación, o número de persoas que teñen nivel formativo baixo está en decrimento, e nos últimos anos se contempla unha mellora xeral do nivel formativo dos nosos efectivos. O número de persoas con escaso nivel de formación que non saben ler ou escribir se reduce practicamente á poboación de avanzada idade e o acceso á universidade é cada vez maior e mostrando certa vantaxe da poboación feminina que se forma en disciplinas universitarias tanto de grado medio como superior.

Existe tamén de forma xeneralizada un maior número de persoas adultas que acceden á formación para adquirir as competencias clave, para obter o bacharelato, acceder a ciclos formativos ou á universidade.



FONTE: Enquisa de formación activa.. Instituto Nacional de Estadística. Ano 2014

De forma xeral para a totalidade da comunidade autónoma, e tendo como referencia os niveis formativos da Clasificación Nacional de Educación onde o niveis se clasifican da seguinte forma:

- Nivel (0-2): preescolar, primaria e 1ª etapa de educación secundaria
- Nivel (3-4): 2ª etapa de educación secundaria e postsecundaria non superior
- Nivel (5-6): 1º e 2º ciclo de educación superior e doutorado

A poboación galega con idade superior aos 25 anos e inferior a 65 acada case nun 50% o nivel 0-2, aproximadamente nun 20% os niveis 3 e 4 mentres que máis do 30% acadan os niveis 5 e 6 que se corresponden coa educación universitaria.

Se analizamos as mesmas características pero para a poboación de máis de 65 anos, comprobamos como case o 90% desta poboación ten acadado o nivel 0-2 pertencente a niveis básicos, mentras que o restante 10% se reparte entre os demais niveis superiores.

Estos datos non deixan de constatar a información expresada durante este apartado e poderse extrapolado tanto para a provincia de Pontevedra como para o conxunto do noso territorio.

A continuación citamos o número de centros de ensinanza co que conta o GDR 14 tanto de ensinanzas ordinarias como de ensinanzas de persoas adultas. No que respecta ás ensinanzas ordinarias, contamos en todo o territorio con 73 escolas infantís, 64 centros de educación primaria, 21 centros de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, 17 centros que imparten o Bacherelato, 9 centros con ciclos formativos de grado medio e 7 de grado superior, e 14 centros con Programas de Certificación Profesional Inicial (PCPI). Se falamos da ensinanza para persoas adultas so 2 centros imparten este tipo de ensinanza de nivel I e II (alfabetización e consolidación de coñecemento de técnicas instrumentais), 6 centros Ensinanza Secundaria para persoas Adultas (ESA), 2 centros bacherelato, 2 centros imparten ciclos formativos de grado medio e 1 de grado superior. Contamos ademais no territorio con 6 centros de educación especial localizados en Mos, Nigrán, O Porriño e A Guarda.

A formación continua é o aprendizaxe continuo ao longo da vida por razóns persoais ou profesionais e aporta importantes valores de capacitación permitindo un importante desenvolvemento persoal, a adquisición e actualización de coñecementos para unha mellor adaptación ás necesidades do mercado laboral.

No conxunto da nosa comunidade para o ano 2014 teñen participado en accións de formación continua un total de 189.636 habitantes que se traduce en 6.649.434 horas de formación. Dentro deste conxunto de formación 173.381 persoas teñen solicitado formación bonificada, 13.700 teñen participado en plans de formación e 2.557 en programas formativos específicos.

Na comunidade contamos cun total de 1.902 empresas dedicadas á impartición e á xestión de formación continua.

Identificamos no territorio algunhas deficiencias relacionadas coa ausencia de formación para determinados colectivos, como pode ser o caso de formación para persoas con discapacidade intelectual que precisan unha metodoloxía de aprendizaxe adaptada ás súas necesidades (formación dual) que lles permita, ademais de aprender un oficio, estar acreditados oficialmente para desempeñalo.

#### **3.4.9.e.- Condicións do ocio e as relacións sociais:**

O tempo de ocio do que dispoñen as persoas fora da súa actividade laboral ten un importante impacto na súa sensación de benestar, de felicidade e de satisfacción coa vida. Esta dimensión a podemos dividir en ocio e relacións sociais.

No que se refire ao tempo de ocio, dentro do conxunto español a poboación galega é a menos satisfeita co tempo de ocio dispoñible. De forma xeral en canto aos niveis de satisfacción por sexo, son os homes sempre os que acadan maiores valores e outra das premisas que se cumpre é que a menor idade maior e a satisfacción co tempo de ocio dispoñible e a medida que ascende a idade, descende o grado de satisfacción. Outra das relacións que se establecen é que a medida que ascende o nivel de formación aumenta a satisfacción co tempo dispoñible para o ocio.

Podemos analizar a nivel local algunhas das actividades ás que dedicamos o tempo de ocio. Deste xeito, a nosa poboación manifesta na *Enquisa estrutural dos fogares* que asisten con pouca frecuencia ao cine algunha vez ao mes solo un 2,2%, que asisten a actividades deportivas algunha vez á semana un 8,08% e unha vez ao ano un 20,36%. Que dediquen o seu tempo a visitar museos, arquivos, exposicións ou eventos musicais unha vez ao mes, so o 3,64%, e unha vez ao ano en torno a un 30%. Que asistan a verbenas e festas populares algunha vez ao ano, nos atopamos co 69% dos nosos habitantes mentres os que non asisten nunca so acadan un 0,47%.

O 90,10% dos habitantes do GDR ven a televisión diariamente, mentres que nunca leen un libro o 43,55%, e o 68,01% nunca utilizan os servizos das bibliotecas.

Referente ás actividades deportivas que practica a nosa poboación predominan camiñar, a actividade en ximnasio, correr, a bicicleta e o fútbol.

Novamente detectamos ausencia de sistemas de accesibilidade para as persoas con discapacidade á moitas das actividades e eventos relacionados co tempo de ocio, co que consideramos necesario mellorar este aspecto no territorio do GDR 14 para que toda a poboación poda acceder por igual e disfrutar nas mesmas condición do tempo de ocio dispoñible.

En canto ás relacións sociais, estamos a falar das reunións con amizades e compañeiros/as. De forma xeral, as relacións sociais as establecemos nun 70% cos familiares e nun 30% coas amizades e compañeiros/as. Este valor xeral para a nosa poboación varía en función da idade, pois con idades inferiores aos 15 anos predominan as actividades familiares. A partir deste momento se incrementan as relacións con amizades ata que se acadan os 30 anos, chegando a dedicar o 65% do noso tempo para as relacións sociais aos compañeiros/as. A partir deste momento, as relacións familiares volven a incrementar a súa porcentaxe e a medida que cumprimos anos, as nosas relacións sociais cada vez son máis ca familia.

Outras das relacións que se establecen é que as mulleres dedican menor número de horas a manter relacións sociais con amizades e compañeiros/as, mentres que o maior número de horas o dedica a facer actividades en familia. Que de forma xeral a muller dispón de menos tempo para establecer relacións sociais que os homes e que coa idade o número de horas para establecer relacións sociais diminúe, que canto menor é o nivel educativo da poboación, menor é o tempo dedicado á relacións sociais e finalmente que canto máis rural é unha zona, maior é a frecuencia coa que establecemos relacións sociais familiares e con amizades.

Se os galegos somos a poboación menos satisfeita co tempo de ocio, no caso das persoas con discapacidade este dato é aínda maior. O dito anteriormente hai que sumarlle a falta de ocio accesible, as barreiras arquitectónicas que poidan ter os diferentes centro de ocio coma unha sala de cine, pavillóns deportivo, museos...

Moitas das persoas con discapacidade dedican todo o seu tempo de ocio a ver a televisión e unicamente se relacionan ca familia, tendo unha escasa rede social de amizades. Isto produce un aumento do illamento social, que se ve incrementado no rural.



#### **3.4.9.f.- Condicións da seguridade física e persoal:**

Este indicador fai referencia á delincuencia e ao vandalismo ao que se enfrentan a nosa poboación.

Cabe destacar que das 123.086 problemáticas dos fogares de toda Galicia que teñen a súa orixe na delincuencia existente no entorno, o 41,06% destes casos os atopamos no conxunto da provincia de Pontevedra.

Concretamente para os concellos do GDR 14, un 9,72% presentan problemas de delincuencia e vandalismo nas zonas próximas aos seus fogares. Os concellos onde este factor ten maior presenza é O Porriño, Redondela, A Guarda e Tui en termos absolutos, e menor presenza nos concellos de Tomiño, O Rosal, Oia e Fornelos de Montes. Se lle aplicamos a análise relativo os valores non varían pois a maior número de poboación e maior número de fogares, maior é o índice de delincuencia e vandalismo.

En referencia á exposición dos nosos habitantes a esta problemática, a porcentaxe feminina é lixeiramente superior (52,23%) ao de poboación masculina. A variación tamén a atoparemos en canto ás idades, pois os grupos de idades entre os 16 e os 44 anos teñen unha exposición de case o 50% mentres que a medida que se incrementa a idade da poboación, o risco descende.

Outra das variables que afectan na maior ou menor incidencia é o tamaño do espazo ao que nos referimos. Deste xeito, nos non contamos con concellos de máis de 50.000 habitantes onde a incidencia acadou un 33% pero no noso caso, os concellos de menos de 10.000 habitantes ostentan unha incidencia de máis do 25% e nos concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes a porcentaxe é dun 18,69%.

#### **3.4.9.g.- Condicións da gobernanza e dos dereitos básicos:**

Neste apartado nos toca analizar as institucións públicas coas que contamos no noso territorio e aos servizos públicos aos que a nosa poboación ten acceso.

En canto ás institucións, contamos no territorio con 13 concellos, polo tanto cada un deles dispón dun órgano de goberno local. Ademais das entidades locais municipais temos presentes no territorio 4 das 8 entidades locais menores existentes na provincia de Pontevedra, con personalidade xurídica propia e capacidade para xestionar os seus bens e servizos. Son Camposancos (A Guarda), Chenlo (O Porriño), Morgadáns (Gondomar) e Pazos de Reis (Tui).

Con carácter supramunicipal atopamos as asociacións de municipios ou Mancomunidades. Concretamente contamos coa Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (á que pertencen Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Gondomar e Mos); a Mancomunidad do Val Miñor (Baiona, Nigrán e Gondomar) e a Mancomunidad Intermunicipal do Baixo Miño (Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Tui). E finalmente a Deputación Provincial de Pontevedra.

Os dereitos básicos da poboación, son aqueles servizos públicos dos que dispomos e que garanten de maneira efectiva a implantación dos dereitos básicos da poboación.

En canto ás infraestruturas de transporte estamos localizados no "Eixo Atlántico" das comunicacións formado pola autopista AP-9 (Ferrol - Tui) e a N-550 (A Coruña - Tui). O Porriño asume as funcións de distribución das infraestruturas de alta capacidade no sur de

Galicia e dende aquí parte a A-52 (Autovía das Rías Baixas) que comunica Vigo con Benavente (Zamora); a A-55 dende O Porriño ata a fronteira con Portugal e a AG-57 que comunica Vigo con Baiona.

A menor escala temos a PO-552 (Tui – Baiona) bordeando toda a costa, a PO-448 que vai dende Tui dirección Ourense pola marxe do río Miño e a PO-340 que comunica Gondomar con Tui polo interior.

As comunicacións por estrada se completan coa rede provincial que comunica as diferentes comarcas e une entre si os concellos colindantes e as de titularidade municipal que comunican os diferentes núcleos de poboación entre si de forma que non existe ningunha entidade de poboación illada. Estas comunicacións se caracterizan por un mal estado de conservación, por ter un trazado sinuoso e por ter en ocasións unha anchura insuficiente.

Debemos deixar constancia do importante déficit de comunicación por estrada no Baixo Miño a consecuencia de ter pendente a finalización do vial de alta capacidade.

O ferrocarril apenas ten relevancia no noso territorio, sendo máis utilizado pola actividade económica que pola poboación en xeral, de forma cotiá. É maiormente utilizado pola poboación para percorrer longas distancias. Contamos con trens de percorrido internacional (Vigo – Porto), pero se caracteriza pola súa lentitude e escasa competitividade, e comunicación con Madrid e Barcelona diariamente dende Vigo. A introducción do Alvia está a favorecer un incremento nos desprazamentos en tren, sobre todo no que se refire ao “Eixo Atlántico” (A Coruña – Santiago– Pontevedra – Vigo)

O porto de Vigo é o principal porto de Galicia, pero que a pesar de non formar parte do noso territorio ten unha importancia considerable sobre todo para a industria do noso GDR, posto que é utilizado sobre todo para as exportacións. Ademais contamos no territorio cos portos de Redondela, Baiona, Oia e A Guarda todos eles marítimos, e os portos fluviais de A Pasaxe en A Guarda, Goián e Tui. Contamos tamén cun porto deportivo marítimo en Baiona e un porto deportivo fluvial en Tui.

O aeroporto de Peinador – Vigo que está localizado nos entre os concellos de Vigo, Mos e Redondela, a pesar de contar con poucos destinos e escasa frecuencia, nos permite a comunicación aérea con Madrid a diario. Dispomos ademais de conexións directas con Barcelona, Bilbao, Valencia no ámbito nacional e Bolonia, Dublín e Nuremberg dentro da Unión Europea.

O servizo de transporte público é prestado por empresas concesionarias de media e corta distancia, que comunican as principais cabeceiras comarcais co resto dos concellos e coas cidades próximas. Nas zonas máis rurais da nosa área o principal problema co que nos atopamos é ca escasa frecuencia dos servizos e polo tanto a dependencia de medios privados de transporte como o taxi. Contamos con transporte público escolar que garante a asistencia dos menores aos centros de ensinanza.

No tocante ao planeamento urbanístico dos nosos concellos a 2014, so contamos con Plan Xeral de Ordenación Municipal nos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, O Porriño, Redondela, Tomiño e Tui. Os demais concellos se rixen polas normas subsidiarias dictaminadas nos anos 90.


Enerxéticamente vivimos nunha zona onde o suministro eléctrico é de bastante calidade e presenta escasas interrupcións. Contamos no territorio con pequenos aproveitamentos hidráulicos no territorio para a produción de electricidade, concretamente no río Oitavén. Tamen ten presenza a xeración de enerxía eólica, pero en todo o territorio so se está a desenvolver no concello de Fornelos de Montes, formando parte dos parques eólicos de Fontearia I e Fontearia II e o parque eólico de Bidueiros Fase I.

O abastecemento de auga e o saneamento se caracterizan por unha importante diferenciación entre as áreas máis e menos rurais. Mentres que o abastecemento de augas nos cascos urbanos é ofrecido polos concellos, na maior parte das parroquias o abastecemento de auga á poboación se realiza mediante a construción de pozos por parte de cada un dos propietarios ou a través das comunidades de usuarios de augas, entidades privadas que xestionan a auga procedentes de fontes e mananciais.

No referente ao saneamento, a práctica totalidade dos cascos urbanos contan con rede de saneamento, pero a medida que nos alonxamos cara a zonas máis rurais, nos atopamos coa existencia de fosas sépticas e pozos negros aínda a día de hoxe, cos conseguíntes riscos de contaminación das augas freáticas e superficiais, á espera de que se complete a rede de saneamento de todos os concellos do GDR 14.



Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR 14  
 Parte II: Territorio e poboación que abarca a estratexia



**Leyenda**

- |   |                   |   |   |   |           |
|---|-------------------|---|---|---|-----------|
|  | Aeroporto de Vigo | <b>Carreteras</b>   |  | COMARCAL  |           |
|  | Puerto            |  | AUTOPISTA   |  | VIA LOCAL |
|  | Via Ferroviaria   |  | AUTOVIA   |  | NACIONAL  |

O acceso ás telecomunicacións tamén condicionan a calidade de vida dos nosos habitantes. Podemos afirmar que contamos con Banda Ancha en gran parte do noso territorio a excepción daquelas zonas máis rurais onde está certamente limitadas ás cabeceiras municipais. Este é o caso de determinadas áreas de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Oia. Tamén contamos con fibra óptica no territorio, con maior densidade na zona central do

territorio, sobre todo nos concellos de O Porriño e Mos. O nivel de contratación de liñas de telefonía fixa máis elevadas se concentra nos concellos de Mos, O Porriño, Gondomar e A Guarda, e en canto á telefonía móbil contamos polo menos con 3 operadores con presenza en cada un dos nosos municipios.

Todos os nosos concellos contan con sistemas de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) con sistemas de recollida selectiva, aínda que a frecuencia de recollida non é similar nas cabeceiras municipais que nas zonas máis rurais, pois nestas últimas non se realiza a recollida diariamente. Na actualidade os vertedeiros existentes en anos anteriores no territorio están totalmente clausurados. Contamos con dúas plantas de transferencia de residuos, en O Porriño e O Rosal, un vertedoiro de residuos de construción en A Guarda e puntos limpos nos municipios de A Guarda, O Rosal, Tui, Gondomar e O Porriño; e en relación cos residuos xerados pola actividade agrogandeira, existe un programa de recollida de plásticos agrícolas ao que está adherido o Concello de O Rosal. Dende o Programa Leader Galicia 2007 – 2013 no noso territorio se apostou pola xestión de residuos de orixe forestal e agrario e a súa transformación en biomasa (concretamente astilla de madeira para a industria), polo que na actualidade na comarca do Baixo Miño contamos con empresas que transforman os restos dos traballos forestais e agrícolas nun recurso económico para o territorio. A pesar dos logros dos últimos anos nesta materia, a loita contra os vertedeiros ilegais nas zonas rurais segue a ser unha tarefa a combatir nos nosos territorios.

En relación cos servizos á sociedade, todos os concellos do noso territorio contan con servizo de biblioteca, pero debemos mencionar que en ocasións ditos servizos non son prestados polos propios concellos, senón que son as comunidades de montes veciñais en man común ou as asociacións veciñais e culturais as que prestan o servizo.

As garderías públicas están presentes en todas as entidades locais excepto nos concellos de A Guarda, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes e residencias e/ou centros de día para maiores en todos menos en Oia, Fornelos de Montes e O Rosal. Todos os concellos contan por Lei co servizo de asistencia a domicilio para as persoas maiores.

En todo o ámbito de actuación contábase no ano 2005 segundo o Censo Nacional de Instalacións Deportivas con 372 instalacións deportivas, 676 espazos deportivos e 717 espazos complementarios, tendo presenza das tres tipoloxías en todos os nosos territorios.

Por último citamos neste apartado a necesidade de realizar campañas de concienciación e civismo na nosa sociedade, posto que unha das problemáticas identificadas polos nosos habitantes e así o manifestan, é o malestar xerado ausencia desta concienciación en moitos dos seus veciños.

#### **3.4.9.h.- Condicións do entorno e o medio ambiente:**

O medio ambiente e a sostibilidade é un factor fundamental para a medición da calidade de vida da poboación. Non afectan exclusivamente á saúde e ao benestar persoal senón que a longo prazo afectarán ao benestar futuro. Neste caso analizamos a contaminación, o ruído, o acceso ás zonas verdes e de recreo e o grado de satisfacción da poboación co entorno no que viven.

A contaminación é un problema que sufren o 8,3% da poboación galega, atopándose con valores por debaixo da media nacional que é do 9,8%. Aínda así, certamente é elevada en

comparación con outras comunidades autónomas como La Rioja, Extremadura ou Castilla León.

Segundo a *Enquisa Europea de Saúde* do ano 2009, en Galicia a poboación máis exposta á contaminación de forma xeral é aquela con idades entre os 16 e os 44 anos e a medida que se incrementa a idade o nivel de exposición se vai reducindo.

Se segmentamos o factor contaminación, a maioría da poboación galega identifica como factores máis molestos por orden de importancia, a escasez de zonas verdes, as rúas pouco limpas, a presenza de animais molestos, os ruídos procedentes do exterior, as augas de consumo de mala calidade, os malos olores e a contaminación do aire.

A enquisa anteriormente citada tamén desvela que a nivel provincial a contaminación por ruído afecta a un 19,97% da nosa poboación e a suciedade en xeral e outros problemas medio ambientais do espazo nun 12,09%. Estes datos varían en función do municipio no que nos atopemos, pois de forma xeral, a maior tamaño de municipio, maior e a porcentaxe de afectados por ambos factores.

En 2014 o grado de satisfacción da poboación coa cantidade e calidade dos espazos verdes dos que dispón na área na que residen era do redor de 6 puntos sobre un total de 10, mentres que o grado de satisfacción coa calidade do espazo no que residimos era de 7 sobre 10. En ambos casos, as mulleres son as que presentan os valores máis elevados á hora de puntuar fronte aos homes, e no caso das idades, as puntuacións máis altas son as obtidas para os grupos de idade entre os 16 e os 64 anos.

#### 3.4.10.- Mercado de Traballo

Ao igual que nas economías do noso contorno, a estrutura produtiva de Galicia ten sufrido unha importante transformación ao longo das últimas décadas, sendo o rasgo máis característico o aumento de peso relativo do sector terciario a costa do sector primario, aspecto que tamén se ve reflicte no mercado de traballo.

##### 3.4.10.a.- Taxa de Paro:

O índice habitualmente máis utilizado para analizar o mercado de traballo é a taxa de desemprego que representa a cantidade de persoas desempregadas sobre a poboación economicamente activa.

<b>Taxa de Paro de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>			
Concello	Ano 2015	Ano 2010	Ano 2005
Baiona	20,09%	18,69%	12,54%
Fornelos de Montes	28,50%	29,12%	24,98%
Gondomar	22,75%	22,21%	14,59%
Guarda (A)	19,75%	19,39%	14,20%
Mos	20,79%	21,23%	16,67%
Nigrán	18,80%	17,76%	11,63%
Oia	23,63%	19,49%	15,60%
Pazos de Borbén	32,60%	27,69%	23,60%
Porriño (O)	24,28%	24,48%	18,32%
Redondela	18,51%	18,77%	15,05%
Rosal (O)	24,25%	23,04%	18,97%
Tomiño	24,67%	25,46%	18,28%
Tui	25,14%	23,10%	17,60%
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>21,89%</b>	<b>21,34%</b>	<b>15,88%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>17,70%</b>	<b>15,60%</b>	<b>9,90%</b>

Fonte: "Encuesta Población Activa" (EPA)

A prioridade da economía é a xeración de emprego para paliar as dificultades financeiras das familias e das arcas públicas. O 17,7% da poboación activa galega está desempregada, case o dobre que a media da eurozona. No territorio do GDR 14 a taxa de desemprego é incluso maior que a media galega debido ao feito dunha grande densidade de poboación, activos menos avellentados que os do resto de Galicia, por tratarse dunha zona dinámica que crece pero sofre os problemas derivados dunha crise económica que perdura no tempo. O nivel de paro rexistrado en 2010 mantívose e incluso creceu nos últimos cinco anos, aumentando na última década (dende o 2005) case nun 40%. En todo caso, a media do noso territorio é similar á media de desemprego a nivel nacional, que rolda o 21% de desemprego (EPA).

Por concellos, son Pazos de Borbén e Fornelos de Montes os que rexistran as taxas mais altas do noso territorio. Se trata dos dous concellos mais deprimidos economicamente e tamén menos poboados. Con respecto ao resto dos concellos, obsérvase en xeral que os municipios costeiros teñen un desemprego inferior aos concellos do interior. Tui, Tomiño, O Rosal, Gondomar e incluso O Porriño que é o concello mais industrial, rexistran un nivel de desemprego máis alto que a media territorial. Oia como concello costeiro é a excepción, por tratarse dunha zona costeira pero pouco poboadada e allea dos núcleos socioeconómicos máis influentes. Mos pola súa proximidade a Vigo, e pola súa importancia económica ten un paro mais moderado.

Comentar que ata fai pouco tempo rexistrábanse niveis de desemprego artificialmente baixos nos lugares mais rurais dado o nivel de subemprego e traballo por conta propia, mentres que os datos mais elevados de emprego rexistrábanse nas zonas mais dinámicas nas que se concentran maiores taxas de actividade e atracción de forza de traballo. Pero nos últimos anos tense producido unha inversión deste efecto, cunha tendencia ao equilibrio, pasando as zonas mais rurais a ter taxas similares ás zonas mais urbanas.

Das persoas activas que se atopan en situación de paro, na poboación con discapacidade hai maior porcentaxe de homes, de persoas de 45 a 64 anos e de persoas desempregadas con

estudios primarios en comparación coa poboación parada sen discapacidade, e polo contrario, hai menor representación de persoas paradas con estudos superiores. O desemprego aumentou en maior medida para o colectivo de persoas con discapacidade que para o resto, tanto no caso dos homes como no das mulleres.

#### 3.4.10.b.- Taxa de Emprego:

Se coñece como taxa de emprego ou ocupación á relación entre a poboación ocupada e a poboación economicamente activa (que está en condicións de formar parte do mercado laboral). A taxa de emprego, en outras palabras, permite indicar qué porcentaxe de persoas traballadoras teñen efectivamente emprego. Aos efectos para os cálculos realizados, a poboación economicamente activa é a comprendida entre 16 e 64 anos e a poboación ocupada se corresponde coas afiliacións á Seguridade Social que están en alta laboral.

<b>Taxa de Ocupación de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>			
Concello	Homes	Mulleres	Total
Baiona	51,49%	47,27%	49,39%
Fornelos de Montes	44,53%	41,87%	43,23%
Gondomar	57,30%	50,12%	53,73%
Guarda (A)	49,28%	41,77%	45,56%
Mos	59,10%	51,87%	55,54%
Nigrán	55,27%	47,95%	51,65%
Oia	54,55%	46,21%	50,55%
Pazos de Borbén	50,61%	41,17%	46,04%
Porriño (O)	58,57%	50,25%	54,43%
Redondela	55,38%	49,51%	52,45%
Rosal (O)	52,92%	43,28%	48,15%
Tomiño	53,55%	45,07%	49,42%
Tui	55,26%	45,01%	50,11%
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>55,13%</b>	<b>47,72%</b>	<b>51,46%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>54,60%</b>	<b>51,74%</b>	<b>53,16%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2015

As taxas de emprego mais elevadas obsérvanse nos concellos que contan cunha actividade industrial mais relevante (Mos, O Porriño, Gondomar e Redondela), en detrimento dos municipios do interior que rexistran unhas taxas de ocupación moi inferiores á media do territorio (Fornelos de Montes e Pazos de Borbén rexistran as taxas de ocupación mais baixas do territorio). No caso de A Guarda, O Rosal, Baiona, Tomiño, Tui e Oia tamén rexistran taxas inferiores en relación coa media territorial, mentres que o concello de Nigrán presenta unha cifra moi similar con respecto a todo o conxunto, e soamente Mos, O Porriño, Gondomar e Redondela están por enriba de dita media. Asemade, a media da taxa total de emprego do noso territorio (51,46%) é inferior á media de ocupación do total da comunidade autónoma (53,16%).

Se á mesma taxa analizada anteriormente lle aplicamos a variable sexo, a taxa media masculina é similar á media galega (55,13% e 54,60% respectivamente). O problema



obsérvase no emprego feminino, xa que ademais de ser inferior en termos absolutos ao emprego masculino, tamén é inferior en termos relativos (a nivel comarcal e a nivel de toda Galicia). Así, a media rexistrada da taxa de emprego feminino do noso territorio é (47,72%) moi inferior con respecto á taxa media de ocupación entre as mulleres galegas (51,74%) e moito mais baixa que a media da taxa de emprego masculino do GDR 14 (55,13%).

Considéranse persoas ocupadas ás que levan a cabo un traballo por conta propia ou allea a cambio dunha remuneración. Por conseguinte, o dato da taxa de ocupación presenta algunha distorsión polo feito da elevada proporción de persoas ocupadas en situación de “axuda familiar”, razón pola cal se supón que a taxa de ocupación debería ser mais elevada, sobre todo no caso da muller. É o caso da comarca do Baixo Miño, zona na que o sector primario ten un importante peso relativo, e na que observamos a existencia de actividades agrarias en pequenas explotacións levada a cabo fundamentalmente polo núcleo familiar. O relativo estancamento da poboación activa, a pesar da incorporación nas últimas décadas da muller ao mercado de traballo, se debe tamén á xeneralización e ampliación dos niveis educativos e polo propio avellentamento da pirámide poboacional.

As persoas con discapacidade presentan unha taxa de emprego e actividade moi baixa, menos da metade da que se rexistra entre a poboación en xeral.

#### 3.4.10.c.- Desemprego por Sexo e Idades:

Por sexos, o desemprego afecta mais aos homes no grupo de menores de 25 anos, mentres que no resto de idades son as mulleres as mais afectadas polo paro.

<b>Desemprego Rexistrado Homes/Mulleres de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>			
<b>Concello</b>	<b>Número Homes Parados</b>	<b>Número Mulleres Parados</b>	<b>Número Total Parados</b>
Baiona	493	594	<b>1.087</b>
Fornelos de Montes	82	109	<b>191</b>
Gondomar	711	787	<b>1.498</b>
Guarda (A)	415	461	<b>876</b>
Mos	660	854	<b>1.514</b>
Nigrán	698	812	<b>1.510</b>
Oia	145	165	<b>310</b>
Pazos de Borbén	160	239	<b>399</b>
Porriño (O)	931	1.256	<b>2.187</b>
Redondela	982	1.486	<b>2.468</b>
Rosal (O)	287	360	<b>647</b>
Tomíño	686	806	<b>1.492</b>
Tui	803	1.125	<b>1.928</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>7.053</b>	<b>9.054</b>	<b>16.107</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>107.932</b>	<b>125.517</b>	<b>233.449</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2015

Por concellos, se observa que en Pazos de Borbén e Redondela as mulleres paradas son moitas mais que os homes desempregados (en termos relativos). En termos absolutos, nos

trece concellos que forman o GDR 14 o paro feminino é superior ao masculino, xa que a participación do sexo feminino no mercado laboral é inferior ao sexo masculino. As diferenzas entre sexos nas taxas de emprego e actividade son moi superiores entre as persoas sen discapacidade.

<b>Desemprego Rexistrado por Idades de cada concello do territorio do Leader GDR</b>			
<b>- 14</b>			
<b>Concello</b>	<b>Número Parados Menores 25 Anos</b>	<b>Número Parados Outras Idades</b>	<b>Número Total Parados</b>
Baiona	53	1.034	<b>1.087</b>
Fornelos de Montes	16	175	<b>191</b>
Gondomar	109	1.389	<b>1.498</b>
Guarda (A)	45	831	<b>876</b>
Mos	81	1.433	<b>1.514</b>
Nigrán	89	1.421	<b>1.510</b>
Oia	20	290	<b>310</b>
Pazos de Borbén	26	373	<b>399</b>
Porriño (O)	134	2.053	<b>2.187</b>
Redondela	120	2.348	<b>2.468</b>
Rosal (O)	36	611	<b>647</b>
Tomiño	104	1.388	<b>1.492</b>
Tui	126	1.802	<b>1.928</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>959</b>	<b>15.148</b>	<b>16.107</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>12.214</b>	<b>221.235</b>	<b>233.449</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2015

O grupo de poboación de menos de 25 anos rexistra moita menos poboación parada que o resto, polo feito de que gran parte de dito colectivo non é demandante de emprego, polo que non se atopa en situación de busca activa de traballo (na maioría dos casos por estar realizando estudos e/ou estar en formación basicamente). Outra cuestión é que as persoas menores de 25 anos que buscan emprego teñen o nivel de paro mais elevado, tanto en Galicia como no resto de España, con niveis que rolda o 50% da mocidade.

Tamén hai que destacar o papel dos programas de emprego para persoas con discapacidade e con risco de exclusión social (como é o colectivo de maiores de 55 anos), xa que se trata en xeral dun mercado laboral de escasa cualificación e cun alto índice de desemprego sobre todo no caso das persoas con discapacidade.

3.4.10.d.-Desemprego por Sectores de Actividade:

<b>Desemprego Rexistrado por Sectores Actividade de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>						
Concello	Número Parados Agricultura	Número Parados Industria	Número Parados Construcción	Número Parados Servizos	Número Parados Sen Emprego Anterior	Número Total Parados
Baiona	43	102	122	731	89	<b>1.087</b>
Fornelos de Montes	10	20	16	119	26	<b>191</b>
Gondomar	33	207	258	821	179	<b>1.498</b>
Guarda (A)	124	95	87	514	56	<b>876</b>
Mos	32	356	144	874	108	<b>1.514</b>
Nigrán	38	187	170	959	156	<b>1.510</b>
Oia	46	19	35	184	26	<b>310</b>
Pazos de Borbén	13	86	41	243	16	<b>399</b>
Porriño (O)	69	416	181	1.298	223	<b>2.187</b>
Redondela	74	483	262	1.471	178	<b>2.468</b>
Rosal (O)	93	81	92	338	43	<b>647</b>
Tomíño	188	204	206	774	120	<b>1.492</b>
Tuí	84	292	233	1.091	228	<b>1.928</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>847</b>	<b>2.548</b>	<b>1.847</b>	<b>9.417</b>	<b>1.448</b>	<b>16.107</b>
<b>PESO RELATIVO TERRITORIO</b>	<b>5,26%</b>	<b>15,82%</b>	<b>11,47%</b>	<b>58,47%</b>	<b>8,99%</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>8.454</b>	<b>29.675</b>	<b>28.903</b>	<b>147.165</b>	<b>19.253</b>	<b>233.450</b>
<b>PESO RELATIVO GALICIA</b>	<b>3,62%</b>	<b>12,71%</b>	<b>12,38%</b>	<b>63,04%</b>	<b>8,25%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2015

Analizando o desemprego por sectores de actividade, o sector servizos concentra case que o 60% da poboación parada do noso territorio, produto da dependencia económica actual con respecto ao sector terciario. O sector secundario (industria e construción) aglutina mais do 25% da poboación desempregada do GDR 14 e o sector primario supera o 5% das persoas paradas a nivel local. En termos absolutos, a finais de 2015 había rexistrados mais de 16 mil desempregados no noso territorio.

Ademais comprobamos un peso relativo maior das persoas paradas no sector primario (5,26%) e no sector industrial (15,82%) con respecto a Galicia, derivado da crise económica que ten castigado o nivel de emprego en ambos sectores económicos que no territorio do GDR 14 teñen unha gran importancia, en concreto, o sector agrario no Baixo Miño e a industria en Porriño e Mos principalmente. En cambio, na construción e no sector servizos o peso relativo do total de Galicia é maior que o do noso ámbito de actuación.

3.4.10.e.- Ocupados por Sectores de Actividade:

<b>Afiliacións en Alta Laboral por Sectores de Actividade de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>					
Concello	Número Afiliados Agricultura	Número Afiliados Industria	Número Afiliados Construcción	Número Afiliados Servizos	Número Total Afiliados
Baiona	128	646	274	2.972	<b>4.020</b>
Fornelos de Montes	11	97	25	327	<b>460</b>
Gondomar	69	1.067	549	3.487	<b>5.172</b>
Guarda (A)	378	475	211	2.011	<b>3.075</b>
Mos	28	1.431	376	3.833	<b>5.668</b>
Nigrán	99	1.053	458	4.420	<b>6.030</b>
Oia	127	162	103	578	<b>970</b>
Pazos de Borbén	19	184	68	605	<b>876</b>
Porriño (O)	49	1.946	441	4.652	<b>7.088</b>
Redondela	288	2.140	732	7.129	<b>10.289</b>
Rosal (O)	238	392	226	1.144	<b>2.000</b>
Tomíño	387	871	379	2.767	<b>4.404</b>
Tui	107	1.183	500	3.686	<b>5.476</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>1.928</b>	<b>11.647</b>	<b>4.342</b>	<b>37.611</b>	<b>55.528</b>
<b>PESO RELATIVO TERRITORIO</b>	<b>3,47%</b>	<b>20,98%</b>	<b>7,82%</b>	<b>67,73%</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>59.095</b>	<b>127.295</b>	<b>67.717</b>	<b>664.180</b>	<b>918.287</b>
<b>PESO RELATIVO GALICIA</b>	<b>6,44%</b>	<b>13,86%</b>	<b>7,37%</b>	<b>72,33%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2015

A forma de comprobar o número de persoas que traballan en cada sector económico é contabilizando os afiliados á Seguridade Social, que se corresponden coas altas laborais por sectores de actividade. No noso territorio, as persoas afiliadas na agricultura non chegan ao 4% do total de traballadores/as, os empregados/as na industria e na construción (sector secundario) superan o 28% cun maior peso da industria (20,98%), e por último, no sector servizos as persoas afiliadas roldan o 68% do total de persoas traballadoras rexistradas. En concreto, a finais de 2015 rexistrábanse mais de 55 mil persoas afiliadas á Seguridade Social no noso territorio.

Ao revés do que pasa coa distribución sectorial das persoas desempregadas, con respecto ás persoas traballadoras afiliadas en alta laboral, o peso relativo no noso territorio do sector primario (3,47%) é inferior ao peso relativo a nivel de Galicia (6,44%). Na construción o GDR 14 e Galicia teñen pesos relativos similares. Na industria é inferior o peso relativo galego e no sector servizos é superior o peso relativo a nivel de Galicia, o que concorda con outros indicadores económicos analizados. A maior importancia relativa do sector industrial no noso territorio en comparación co total de Galicia, e pola contra o menor peso relativo do sector servizos. Na zona de Vigo é mais salientable dita diferenza, pola relevancia industrial da comarca (principalmente O Porriño, Mos, Redondela, Nigrán e Gondomar), sen menosprezar a importancia do sector servizos (comercio e turismo sobre todo).

Na comarca do Baixo Miño soamente o comercio, a hostalaría, a educación e as actividades artísticas ou recreativas están mantendo o nivel de emprego nos últimos anos. Tui é o maior responsable das cifras de comercio, debido a que a actividade comercial é a máis dinámica da comarca (actividade reforzada polas denominadas actividades administrativas e servizos auxiliares). O resto do comercio repártese entre A Guarda e Tomiño. Este último centra a súa aportación ao emprego no comercio, na construción e nas actividades primarias. A centralidade do concello na zona do Baixo Miño axuda a xerar dita dinámica comercial. O impacto de O Rosal e Oia no emprego é pouco relevante na maioría dos sectores, por ser os concellos menos poboados, nos que destacan a ocupación en actividades primarias en O Rosal (sector do viño) e a hostalaría en Oia (por ser esta unha zona moi enfocada ao turismo).

Segundo o informe de Mercado de Traballo das Persoas con Discapacidade Estatal o 3,14 % das persoas con discapacidade da provincia de Pontevedra está contratada no sector primario, o 17,82 % no sector secundario e o 79,03 % no sector terciario.

### 3.5.- A Economía

O ámbito de actuación do GDR14 que esta formado pola Comarca do Baixo Miño e pola maioría dos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo é un dos territorios máis dinámicos de toda Galicia. Neste senso, aínda que para certos aspectos de índole económica e algúns indicadores socioeconómicos pódese realizar unha análise conxunta de todo o ámbito territorial, ben é certo a clara diferenciación entre as comarcas do Baixo Miño e a de Vigo.

Ao igual que nas economías do noso entorno, a estrutura produtiva do noso territorio de actuación está vivindo unha importante transformación ao longo das dúas últimas décadas, sendo os rasgos máis característicos a diminución do peso relativo do sector primario e o incremento do peso relativo do sector terciario.

O concello de Vigo, que no novo período Leader xa non forma parte do noso GDR, concentra a maior actividade económico do suroeste de Galicia, xa que conta con grandes concentracións empresariais ligadas a determinadas cadeas produtivas ou extractivas e que desenvolven a súa actividade en parques empresariais ou industriais. Un claro exemplo destas actividades é o sector da automoción que xira en torno á planta de PSA Citroën en Vigo, ou as actividades comerciais que se xeran en torno ao Porto de Vigo, onde está radicada unha das maiores lonxas de peixe de Europa. Neste senso, na zona de influencia de Vigo as actividades empresariais máis características son as cadeas empresariais da automoción, a construción naval, a pesca e súa transformación, e a extracción de roca ornamental concentrada sobre todo en O Porriño.

De feito unha das notas características deste territorio é a excesiva concentración empresarial na zona de Vigo, Redondela, O Porriño e Mos, onde se asentan sobre o 80% das empresas do territorio (destacan as empresas que desenvolven actividades industriais), a falta dun tecido empresarial relevante nos concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, a especialización no sector servizos nos concellos do Val Miñor (Baiona, Gondomar e Nigrán) e o maior peso relativo do sector primario na comarca do Baixo Miño, que conta cunhas condicións climáticas óptimas para os cultivos hortícolas e para os cultivos de planta ornamental.

Salientamos o cultivo do kiwi, do mirabel e da flor sobre todo en invernadoiros, ademais do viño que adquire un peso específico na economía dende a súa inclusión na Denominación de Orixe Rías Baixas, subzona do Rosal. Debemos citar como posibles melloras para o sector, a realización de actividades formativas específicas, a xeración dunha marca de calidade e a creación de empresas de transformación e comercialización coa finalidade de pechar ciclos produtivos que aporten valor engadido ao territorio.

Por outra banda, a maior parte das empresas que se asentan no noso territorio teñen unha clara orientación cara ao sector servizos. Este sector amosa problemas como a pequena dimensión das súas empresas e a falta de profesionalización e formación especializada. A meirande parte das empresas do sector terciario son microempresas, moitas delas formadas unicamente por traballadores autónomos sen persoal contratado por conta allea, polo que estamos a falar de pequenas empresas familiares cunha curta traxectoria empresarial.

Pola contra, existen varias actividades económicas que se atopan en situación de crise e/ou estancamento como son a actividade pesqueira, a actividade gandeira e a construción.

<b>Producto Interior Bruto de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>		
Concello	Producto Interior Bruto por habitante (euros)	Desviación con respecto á media do territorio GDR14 (euros)
Baiona	12.180	-3.278
Fornelos de Montes	7.662	-7.796
Gondomar	15.970	512
Guarda (A)	15.075	-383
Mos	25.075	9.617
Nigrán	15.616	158
Oia	9.255	-6.203
Pazos de Borbén	9.729	-5.729
Porriño (O)	41.006	25.548
Redondela	13.343	-2.115
Rosal (O)	10.042	-5.416
Tomiño	11.109	-4.349
Tui	14.887	-571
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>15.458</b>	<b>100,00%</b>
<b>MEDIA GALICIA</b>	<b>19.748</b>	<b>78,27%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2012

Como indicador económico comparativo a nivel local, analizamos o Produto Interior Bruto por habitante dos trece concellos que forman o noso ámbito de actuación. Neste senso, observamos que a nosa media é inferior á galega, xa que nos situamos no 78,27% do valor medio autonómico. Por concellos, destacan O Porriño e Mos polo seu alto nivel de PIB por habitante (trátase de dous concellos cunha importante base empresarial e industrial). Nigrán, A Guarda, Gondomar e Tui están sobre a media do territorio do GDR14, pero en cambio Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Oia e O Rosal están moi por debaixo, mentres que

Tomíño, Baiona e Redondela se sitúan tamén por debaixo, pero non tanto como os outros catro concellos.

A economía social ten unha gran importancia no desenvolvemento económico e social do noso territorio. Os centros especiais de emprego producen bens e servizos para a comunidade colaborando co tecido industrial, á vez que se minimiza o gasto social (se contribúe positivamente á Seguridade Social reducindo suxeitos pasivos por activos) e se favorece a inclusión social do colectivo de persoas con discapacidade (mellorando a calidade de vida de dito colectivo).

### 3.5.1.- O Sector Primario:

No sector primario, que ocupa sobre un 10% da poboación activa, temos que considerar ademais da pesca, dous tipos de agricultura, unha agricultura tradicional de subsistencia ou autoconsumo practicada sobre todo na zona montañosa oriental (Fornelos de Montes e Pazos de Borbén), fronte a outra agricultura moderna tecnificada, rendible e orientada aos mercados, favorecida polas características naturais e climáticas, baseada no cultivo de produtos de alto valor como a produción de flor (plantas ornamentais), hortaliza en invernadoiros, a elaboración de viño con Denominación de Orixe "Rías Baixas", a explotación do kiwi e tamén doutros cultivos destinados á elaboración de conservas, licores e marmeladas. Esta agricultura é a que se practica fundamentalmente na comarca do Baixo Miño que conta cun elevado número de explotacións agrarias.

Pola contra, a gandería ten unha importancia residual, xa que estas actividades levan varios anos en declive. O sector conta cunha presenza testemuñal no territorio, onde as producións máis salientables son a bovina e a equina, grazas a gandeira extensiva (gando ceibe nos montes), así como a avícola, pola presenza de varias granxas na comarca do Baixo Miño e na zona da Louríña (Porriño e Mos). En conclusión, a gandería no noso territorio ten un escaso peso en comparación co resto de Galicia, a pesar do cal o territorio é susceptible de outros aproveitamentos gandeiros, como poden ser o caprino e o porcino. No territorio GDR 14 existen varias agrupacións de gandeiros de cabalos e celebranse seis curros anuais (Valga, Torroña, Mougás, Vincios, Peitierios e Pinzas), o que significa a existencia de certo manexo do gando. Non podemos esquecer que estamos nun territorio densamente poboado que limita cunha grande cidade como é Vigo, o que se traduce na existencia de moitos usuarios potenciais.

En canto ao sector da pesca, nas lonxas de A Guarda, Baiona e Redondela se comercializan produtos sobre todo procedentes da pesca de baixura, ademais de marisco (moluscos e crustáceos). Neste apartado cabe destacar tamén a pesca fluvial, especialmente a lamprea do río Miño que dende a época dos romanos se atrapa de forma artesanal. Tamén é importante a pesca da angula. Estamos a falar dunha pesca pouco profesionalizada, aínda que representa un alto valor para o territorio e unha tradición cultural, a pesar do pouco volume de capturas que se rexistran actualmente a causa entre outros factores, da sobrepesca. Outra actividade relacionada co mar e con certa tradición, localizada sobre todo na costa de Redondela, Oia e A Guarda, é a recollida de varias especies de algas con destino á industria (química, farmacéutica, cosmética e alimentaria) e á fertilización das terras de cultivo situadas preto do litoral.

Como referencia, comentar que a zona sur da Provincia de Pontevedra ten unha Superficie Agraria Útil (SAU) de 276.450 Ha, e o aproveitamento das terras está dominado pola

superficie forestal, que supón o 61,9% da superficie total (171.232 Ha). Seguen en importancia outras superficies, que se corresponden con terras improdutivas ou áreas urbanas, no que destacamos neste caso a comarca de Vigo á que lle pertencen o 38,8% do total desta tipoloxía, consecuencia da importancia do solo industrial e urbano nesta área. Os prados e pastos ocupan o 16,2% e 14,2% respectivamente, mentres que as terras de cultivo ascenden a 24.370,5 Ha, o que supón un 8,8%.

No referente aos cultivos, destacan as superficies dedicadas a cereais, cultivos forraxeiros, millo, patacas, frutais, á produción hortícola e as plantas e flores (sobre todo falamos de explotacións de planta ornamental e flor cortada en viveiros), e tamén o viño.

Destacamos a gran relevancia que teñen na comarca do Baixo Miño:

- O kiwi, cultivo que supón o 50% da produción de Galicia e o 25% da produción nacional.
- O mirabel, de orixe centroeuropeo, que se cultiva exclusivamente nesta zona do Baixo Miño e a súa produción se destina principalmente á industria conserveira (mirabeis en almíbar, marmelada, xenebra, frito deshidratado para a hostalaría, todos eles elaborados artesanalmente).
- O viñedo, que é o mais antigo de Galicia e tamén un dos mais importantes polo seu alto valor nos mercados, sobre todo dende a inclusión dalgúns concellos -O Rosal, Tomiño e parte de Tui- na Denominación de Orixe "Rías Baixas", principalmente sobre as terrazas fluviais do Miño. Dentro das explotacións vitivinícolas resaltamos as que practican o monocultivo de variedades autorizadas polo Consello Regulador, das que boa parte son híbridas a pesar de que nos últimos anos a Xunta de Galicia está apoiando a reestruturación dos viñedos e fomentando a substitución das variedades híbridas por variedades autóctonas. Outro dato importante é que o rendemento dos viñedos oscila entre os 5.000 e os 7.000 Kg/ha. O número de viticultores que no Baixo Miño se dedican á produción de uva para viño dentro da D.O "Rías Baixas" é aproximadamente duns 500 activos, algo menos do 10% do total de dita Denominación, se ben nesta comarca a superficie utilizada para a produción das diferentes variedades de uva é de case seis millóns de metros cadrados, o que supón un 15% da superficie total da Denominación de Orixe "Rías Baixas".
- Os cultivos intensivos orientados aos mercados urbanos teñen unha grande importancia económica no territorio. Este tipo de cultivos, explotados sobre todo en invernadoiros, iniciouse na década dos 70 e rapidamente se expandiu polo nosos territorio. Neste senso, nos invernadoiros se poden diferenciar dous tipos de cultivos, por un lado os produtos hortícolas e por outra banda a produción de flor de invernadoiro.

No primeiro dos casos estamos a falar dunha produción que representa aproximadamente o 20% da produción autonómica, e se dedica a todo tipo de hortalizas tanto de verán como de inverno, e se destina basicamente aos mercados urbanos próximos e ao resto do territorio galego. Neste senso non podemos deixar de citar tamén a produción de hortaliza ao aire libre, localizadas sobre todo en O Rosal e Tomiño, onde as condicións climáticas son moi favorables.

No referente á flor de invernadoiro (sobre todo flor cortada) a comarca do Baixo Miño foi pioneira neste tipo de cultivo en todo o territorio autonómico. Logo dunha forte expansión, na actualidade se atopa estabilizado e a produción se destina tanto a mercados locais como



á exportación. Non debemos pasar por alto o abandono nos últimos anos de moitos destes cultivos, pois para os nosos produtores/as é imposible competir en prezo de produción con áreas como Portugal ou Marrocos, polo que algunhas empresas produtoras teñen cambiado a súa orientación e na actualidade son empresas intermediarias entre o produtor e a venda ao por maior. A “planta ornamental” é un sector agroindustrial estratéxico na comarca do Baixo Miño xa que o cultivo de plantas ornamentais é un dos mais importantes piares sobre os que se sustenta a economía de dita comarca. Atopamos eiquí unha importante concentración de viveiros produtores de plantas ornamentais, que fan desta comarca, o mais importante centro produtor da Galicia, e que teñen un claro afán exportador. Todo isto susténtase nos máis de 400 postos de traballo ligados a esta actividade, dos que aproximadamente o 80% son mulleres, e tamén nas arredor de 200 hectáreas de produción entre cultivos ao aire libre e en invernadoiro.

A transformación e posterior comercialización dos recursos agrarios é fundamental, engadindo valor ao territorio e pechando ciclos produtivos, por iso o fomento da agroindustria faise necesaria, sobre todo na comarca do Baixo Miño, zona na que o sector primario ten un papel fundamental na economía local. Cando falamos de agroindustria non soamente facemos referencia á creación de empresas no sector, xa que a modernización e ampliación das existentes é tan importante como a creación de novas iniciativas.

<b>Explotacións agrarias de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>	
Concello	Explotacións agrarias (unidades)
Baiona	47
Fornelos de Montes	129
Gondomar	115
Guarda (A)	17
Mos	146
Nigrán	53
Oia	148
Pazos de Borbén	108
Porriño (O)	84
Redondela	65
Rosal (O)	135
Tomiño	422
Tui	142
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>124</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>1.611</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>81.174</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Datos 2009

No ámbito de actuación da Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño, o maior número de explotacións agrarias se localizan nos concellos do Baixo Miño (Tomiño, Oia, Tui e O Rosal), e tamén en Mos, Gondomar, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. Cada un deste concellos contan nos seus ámbitos con máis de 100 explotacións agrarias rexistradas, pero neste caso sobre todo debemos destacar a importancia de Tomiño sobre os demais concellos, pois aquí nos atoparemos con algo mais de 420 explotacións agrarias.

Os últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística cifra nun total de 1.611 as explotacións agrarias localizadas nos trece concellos do noso territorio, mentres que para o conxunto autonómico no mesmo período o censo ascendía a un total de 81.174 explotacións. A superficie de referencia do GDR14 representa o 2,6% de todos os GDRs galegos, mentres que o número de explotacións agrarias representa o 2% de toda Galicia.

En xeral, nas explotacións agrarias obsérvase un abandono das explotacións pouco rendibles ou por xubilación do titular, e aínda que hai unha certa fragmentación da propiedade, cada vez se busca unha maior dimensión das explotacións na procura do punto morto de equilibrio ou o umbral mínimo de rendibilidade económica. Neste senso, os procesos de concentración parcelaria axudaron en parte a lograr as dimensións mínimas necesarias.

<b>Número total de UTAs (Unidades de traballo ano) nas explotacións agrícolas de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>		
<b>Concello</b>	<b>Número total de UTAs (Unidades de traballo ano) nas explotacións agrícolas</b>	<b>Índice Ocupados Explotación Agrícolas (GDR14=100)</b>
Baiona	41	24,97
Fornelos de Montes	85	316,77
Gondomar	104	55,33
Guarda (A)	33	57,80
Mos	142	71,38
Nigrán	51	20,84
Oia	152	346,86
Pazos de Borbén	79	183,52
Porriño (O)	142	85,44
Redondela	57	18,64
Rosal (O)	208	233,14
Tomíño	703	388,80
Tui	146	62,28
<b>MEDIA TERRITORIO</b>	<b>149</b>	<b>100,00</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>1.943</b>	<b>100,00</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>87.433</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Instituto Galego de Estatística. Datos 2009

O número de UTAs (unidades de traballo/ano) nas explotacións agrarias do noso territorio, tendo en conta os últimos datos publicados, elévase a 1.943 empregos. A superficie de referencia do GDR14 representa o 2,6% de todos os GDRs galegos, mentres que o número de UTAs representa o 2,2% de toda Galicia.

A media de UTAs por concello das trece entidades locais do noso ámbito de actuación é de 149 unidades. Para poder realizar unha comparativa útil e xusta en base ás UTAs rexistrados en cada un dos concellos, e tendo en conta as diferentes poboacións municipais, calculamos o Índice de persoas Ocupadas en Explotacións Agrarias (unha especie de media ponderada que considera as diverxencias demográficas entre os distintos concellos). Observamos que os concellos de Tomíño, Oia e Fornelos de Montes triplican a media (Base 100), que os concellos de O Rosal e Pazos de Borbén duplican dita media, mentres que os demais concellos non chegan á media, destacando Baiona, Nigrán e Redondela que non chegan nin ao 25% da media do territorio do GDR 14.

Como conclusión dicir que hai unha gran disparidade entre concellos á hora de avaliar o Índice de persoas Ocupadas en Explotacións Agrarias, efecto directo dun territorio heteroxéneo e con peculiaridades diferentes no sector primario, segundo se comentou nos diferentes aspectos e subapartados de dito sector económico.

Outro dos sectores de gran potencial é o sector do monte/forestal. Neste sector hai que distinguir entre montes de particulares e montes veciñais en man común:

- Os primeiros teñen a problemática de ser unha propiedade fragmentada (a media é de 0,2 ha.) e con ausencia de traballos de silvicultura. A alternativa a estas propiedades pasa non soamente pola figura das SOFOR (sociedades de fomento forestal formadas por propietarios da terras e capital), se non tamén por outras formulas asociativas como poden ser as agrupacións de propietarios e cooperativas.
- Os segundos son superficies concentradas (a media é de 250 ha.), que é necesario por en valor de xeito multifuncional e sustentable e que están xestionadas con criterios profesionais. As comunidades de montes, titulares dos montes veciñais en man común, teñen un peso específico no territorio do GDR 14. Unha das súas características a destacar é que a toma de decisións faise asemblearia e democraticamente, principio de gobernanza que coincide coa filosofía Leader dos programas europeos de desenvolvemento rural.

En todo caso, o sector do monte/forestal ten unha gran importancia no territorio GDR 14, entre outras cousas por:

- Ocupar unha superficie considerable do territorio. O noso territorio conta cunha superficie arborada que supera o 70 % do territorio, sendo as principais especies arbóreas cultivadas as frondosas (eucalipto) e as coníferas (piñeiro), seguidas polas especies autóctonas (carballo, castiñeiro e bidueiro entre outras).
- Estar xestionada por comunidades de montes activas, vivas e que contan con instrumentos de xestión para por en valor os seus montes veciñais.
- Atoparse na zona de Galicia que mais conservou a industria dos serradoiros e moi influenciada polo mercado de Portugal dada a súa proximidade.

O territorio galego ten unha superficie de monte/forestal de 2.039.572 ha.: o 3 % (845.154 ha.) é de titularidade pública, o 64 % (1.994.418 ha.) e da propiedade restante o 33 % (608.728 ha.) é de titularidade veciñal. É relevante que practicamente unha terceira parte do territorio do monte galego corresponda á titularidade veciñal en man común. Isto demostra que esta figura non soamente ten importancia como sinal de identidade do noso país, senón que ademais é un dos principais motores de emprego local, xerado tanto pola contratación de empresas forestais como polas propias comunidades de montes (xestión comunitaria dos recursos). A pesar de todo, o monte veciñal en man común é o gran descoñecido da sociedade galega. A asignatura pendente das comunidades de montes é a de xerar mais valor engadido dos seus produtos mediante a elaboración e transformación (parques intermedios de madeira e envasado doutros produtos) e o control da posterior comercialización dos mesmos (lonxa de madeira e de produtos do monte). O monte veciñal é un dos principais motores do emprego local no sector forestal sendo as comunidades de

montes as que xestionan a continuación do ciclo produtivo a través da transformación e comercialización dos diferentes recursos forestais.

Na zona rural de Pontevedra este e sur hai un total de 444 montes veciñais, que ocupan unha superficie de 95.181,22 ha., o que supón preto do 62 % de toda a superficie forestal, valor que case duplica á media galega (33 %).

Os obxectivos das comunidades de montes veciñais en man común son a defensa desta titularidade singular e a súa posta en valor dun xeito multifuncional e sustentable.

- Multifuncional significa que se dan as tres funcións que todo monte debe cumprir: a económica (madeira, usos pastorís, biomasa forestal, gando, cogomelos, castañas, mel, froitos do bosque, etc.), a social (áreas de lecer, restos patrimoniais e etnográficos, programas recreativos/educativos, sendeirismo, etc.) e a medioambiental (combate do efecto invernadoiro, regulación do ciclo das augas, defensa da biodiversidade, etc.).
- Sustentable, non soamente no senso de asegurar no tempo a vida do monte, tamén na procura da súa posta en valor, xa que os principais beneficiarios son as persoas comunieras e a poboación en xeral que vive na zona de influencia do monte. Se estaría apostando pola fixación da poboación no medio rural que é un dos principais obxectivos dos programas europeos de desenvolvemento rural.

O IV Inventario Forestal cifra en preto de 36 millóns de euros anuais o valor dos montes veciñais en man común galegos en cuestións socio e medio ambientais (control da erosión, captura de carbono, regulación do ciclo das augas, conservación da biodiversidade, servizos recreativos, etc.). Destes servizos que cumpren os montes veciñais, o beneficiario é a sociedade no seu conxunto, pero o custe de manter os montes é unha carga sobre as titularidades dos mesmos, xa que os montes non poden estar abandonados, teñen que estar activos en todo momento, por iso habería que compensar estratexicamente dito feito a través de medidas de redistribución destes custes socio e medio ambientais entre toda a sociedade.

Un dos principais problemas é a proliferación dos lumes forestais. Cando hai un incendio non soamente arde o monte, arde todo o territorio (montes, facendas, aproveitamentos, casas, paisaxe, biodiversidade, etc.). Non significan soamente unha perda económica, son tamén unha catástrofe medio ambiental. Independentemente da gran extensión de monte existente, dos condicionantes climáticos e da orografía do terreo, a inmensa maioría dos lumes forestais son intencionados. As causas dos lumes son diversas, pero son basicamente problemas estruturais: monocultivo forestal e abandono das terras. A adecuación de medios e de persoal nos distintos distritos forestais (no caso do GDR 14 o distrito forestal é o XVIII de Galicia) é importante para combater os lumes na súa faceta de extinción. Aínda así, esta actividade ten que ser complementada con medidas de prevención: posta en valor dos montes veciñais en man común dun xeito multifuncional e sustentable contando coa implicación das titularidades das terras, pois son pezas fundamentais na labor de prevención. Nos últimos anos sobre o 50 % dos fogos rexistrados en toda España foron localizados en Galicia, cunha superficie queimada que representa aproximadamente o 30 % da superficie devastada en toda España.

Un instrumento de planificación territorial son os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais como ferramentas esenciais na ordenación do territorio.

### 3.5.2.- O Sector Secundario:

O sector secundario, polo tanto a industria, atópase moi desenvolvida na comarca do Baixo Miño e, sobre todo na comarca de Vigo (mais en concreto nos concellos que limitan directamente coa cidade). Fornelos de Montes e Pazos de Borbén son os concellos menos industrializados posto que non deixan de ser os dous concellos mais pobres do ámbito de actuación do GDR14 e son considerados ambos pola Xunta de Galicia como zona de reequilibrio territorial. No referente á zona do Baixo Miño é o concello de Oia o menos desenvolto con soamente 5 empresas industriais rexistradas en 2014.

<b>Empresas por actividade de cada concello do territorio do Leader GDR - 14</b>				
<b>Concello</b>	<b>Número Empresas Industria</b>	<b>Número Empresas Construcción</b>	<b>Número Empresas Servizos</b>	<b>Número Total Empresas Sector Secundario e Terciario</b>
Baiona	37	109	633	<b>779</b>
Fornelos de Montes	2	10	37	<b>49</b>
Gondomar	95	222	694	<b>1.011</b>
Guarda (A)	45	115	520	<b>680</b>
Mos	178	175	935	<b>1.288</b>
Nigrán	79	250	1.038	<b>1.367</b>
Oia	5	52	118	<b>175</b>
Pazos de Borbén	13	29	81	<b>123</b>
Porriño (O)	270	240	1.250	<b>1.760</b>
Redondela	129	261	1.393	<b>1.783</b>
Rosal (O)	53	95	247	<b>395</b>
Tomíño	81	161	599	<b>841</b>
Tui	125	273	941	<b>1.339</b>
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>1.112</b>	<b>1.992</b>	<b>8.486</b>	<b>11.590</b>
<b>PESO RELATIVO TERRITORIO</b>	<b>9,59%</b>	<b>17,19%</b>	<b>73,22%</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>14.922</b>	<b>31.504</b>	<b>152.382</b>	<b>198.808</b>
<b>PESO RELATIVO GALICIA</b>	<b>7,51%</b>	<b>15,85%</b>	<b>76,65%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2014

Nas comarcas de Vigo e do Baixo Miño temos rexistradas en 2014 mais de 1.000 empresas industriais e case 2.000 empresas relacionadas coa construción. Con respecto ao total de Galicia, o total de empresas do sector secundario e terciario rexistradas no territorio do GDR 14 representan sobre o 6% das empresas galegas. No caso das empresas industriais o peso relativo do noso territorio con respecto ao total autonómico é incluso superior cunha cifra do 7,5% das empresas industriais rexistradas en 2014 en toda Galicia.

A comarca de Vigo é o principal nodo de concentración industrial e demográfica galega. Destacan pola súa importancia industrial os concellos de O Porriño e Mos, seguidos de

Redondela, Gondomar e Nigrán. Na comarca do Baixo Miño resaltan polo seu peso industrial Tui e Tomiño seguidos de O Rosal e A Guarda.

A industria caracterízase pola diversificación, con empresas dedicadas ao sector da alimentación, ao tratamento da pedra, ligadas ao sector auxiliar do automóbil, a metalmecánica, aos materiais de construción e a industria química e farmacéutica principalmente.

A construción, que é un sector económico en crise, ten unha participación menor en comparación coa industria no que se refire a persoas ocupadas, pero o número de empresas deste tipo case duplica ás industriais. A construción ten visto estancada a súa actividade económica, debido á sobreoferta e ás dificultades financeiras das persoas promotoras e compradoras nos últimos anos, entre outros factores.

Un aspecto destacable do sector industrial é que a gran maioría das empresas son manufactureiras, con cifras próximas ao 90% sobre o total.

Ademais dos sectores mencionados, existe toda unha mestura doutro tipo de empresas, de moi diverso tamaño e actividade. Destacamos a carpintería metálica, a fabricación e transformación de plásticos, a carpintería e transformación da madeira, talleres mecánicos, fabricación de maquinaria de todo tipo e artes gráficas.

A dotación de solo industrial é un bo indicador económico, xa que é difícil que a industria e o comercio se desenvolva sen unha boa dotación de polígonos industriais ou parques empresariais. Nos trece concellos do territorio do GDR14 localízanse os seguintes polígonos industriais:

- Polígono Industrial de Chan de Amoedo (Pazos de Borbén). A superficie total do polígono é de 139.000 metros cadrados, dos que actualmente en 88.902 m<sup>2</sup> están instaladas 14 empresas de diversos sectores, principalmente dedicadas ao peixe conxelado e á elaboración de plásticos e adhesivos.
- Polígono Industrial A Pasaxe-Vincios (Gondomar). Ten unha superficie de 496.917 m<sup>2</sup>, dos que 311.863 m<sup>2</sup> son de carácter industrial. A pesar da falta de planeamento, hai instaladas no polígono cerca de 90 empresas. Os sectores con maior presenza no polígono son a automoción, o metal, o comercio ao por maior, as instalacións industriais e a fabricación de maquinaria.
- Parque Empresarial Porto do Molle (Nigrán). Esta zona foi promovida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e comezou a súa actividade en 2010. Hoxe en día é unha importante plataforma empresarial e de servizos para empresas tanto nacionais como internacionais. Este parque con máis de 100 hectáreas a disposición das empresas, ordenado como unha especie de cidade de servizos cunha gran oferta de actividades complementarias con zonas comerciais, espazos socioculturais i equipamentos, dispón das seguintes áreas: Área Industrial, Área Comercial, Área Tecnolóxica, Servizos de Ocio Recreativo, Servizos Centrais e Centro de Iniciativas Empresariais (CEI), Equipamento Social, Equipamento Deportivo e Zonas Verdes.
- Polígono Industrial de Areas (Tui). A superficie deste polígono se divide en dous fases. A primeira fase conta con 154.589 m<sup>2</sup>, dos que 93.440 m<sup>2</sup> son de carácter

industrial e comercial repartidos en 52 parcelas. A segunda fase ten unha superficie de 61.496 m<sup>2</sup>, dos que 33.108 m<sup>2</sup> son de uso industrial e comercial repartidos en 20 parcelas. Tanto a primeira como a segunda fase, xestionadas por Xestur Pontevedra, están esgotadas. Na actualidade atópanse instaladas cerca de 30 empresas e o centro comercial Outletui.

- Polígono industrial A Granxa (O Porriño). Creado en 1993, é un dos principais motores do progreso económico da comarca de Vigo. Ocupa 1.161.896 m<sup>2</sup> dos que 517.423 m<sup>2</sup> son de uso industrial e 36.413 m<sup>2</sup> de uso comercial. O resto da superficie se destina a viais, zonas verdes e usos deportivos. A maioría das empresas instaladas son do sector auxiliar de automoción, do sector da pedra ornamental e do sector de transporte e loxística.
- Polígono industrial As Gándaras (O Porriño). Outro motor económico do noso territorio. As Gándaras ocupa 2.147.467 m<sup>2</sup>, dos que 1.012.227 metros cadrados son de uso industrial, 35.400 m<sup>2</sup> de uso comercial, 92.100 m<sup>2</sup> están destinados a viais, e 364.220 m<sup>2</sup> a zonas verdes. Actualmente hai instaladas cerca de 65 empresas de diversos sectores, sobre todo empresas de fabricación e maioristas.
- Parque Empresarial de A Veigadaña (Mos). Parque empresarial creado por iniciativa de Xestur Pontevedra no ano 2012. Conta con 776.023 m<sup>2</sup> de superficie en bruto, cun investimento duns 50 millóns de euros, naceu pola evidente necesidade de solo industrial que sofre cronicamente a área metropolitana de Vigo. Aproximadamente a metade da superficie do parque destínase a solo puramente industrial/empresarial (uns 392.939 m<sup>2</sup>). Actualmente están en fase de venda ou dereito de uso uns 165 mil metros cadrados de superficie para uso industrial ou empresarial, debido en parte a crise económica que perdura no tempo e non deixa paso a reanimación definitiva da actividade económica. Cabe destacar que moitas das empresas xa instaladas no parque tiñan anteriormente as súas instalacións en Vigo, e decidiron trasladarse a Mos por motivos de aforro de custes.

Na comarca do Baixo Miño, zona na que unicamente existe o polígono de Areas (Tui), hai dous parques empresariais en proxecto, que nun futuro van a axudar moito ao desenvolvemento económico do Baixo Miño:

- Polígono de Tebra-Vilameán (Tomiño). Previstos 493.000 metros cadrados de superficie.
- Parque empresarial de A Guarda - O Rosal (A Guarda – O Rosal). Previstos 272.890 metros cadrados de superficie.

Ademais dos polígonos/parques empresariais existentes ou en proxecto, se observa unha gran diseminación e dispersión caótica das empresas por todo o noso territorio rural, a veces compartindo e mesturándose os espazos empresariais cos espazos veciñais de uso residencial. Esta dispersión provoca problemas de aproveitamento eficiente de recursos enerxéticos e a carencia doutros servizos mancomunados. A falta de coordinación e cooperación é palpable nestes casos. Un exemplo deste “caos” é Mos, concello dunha dispersión da poboación tremenda, o mesmo pasa coa localización das súas empresas, e iso que dende o ano 2012 ten un parque empresarial recoñecido. Pero a falta de oferta de solo

industrial e o seu custe excesivo dificulta o traslado das empresas existentes que están pasando momentos difíciles a efectos de acometer novos investimentos.

### 3.5.3.- O Sector Terciario:

O sector terciario ou de servizos mostra un gran dinamismo nos últimos anos, reflexo da importancia que ten tanto o sector industrial como o sector primario no territorio. Cada vez o sector terciario ten unha importancia relativa maior na economía con respecto aos outros dous sectores económicos, reflexo do desenvolvemento dunha economía do benestar orientada á mellora da calidade de vida. Sobre un 40% da empresas de servizos son comercios, un 15% son empresas relacionadas co sector inmobiliario e da construción, un 15% de hostalaría, un 10% de transporte e o 20% restante está ligado ao sector financeiro, da educación, da sanidade e outros. A tipoloxía das empresas de servizos é moi variada, dende o comercio tradicional de alimentación, tanto minorista como maiorista, a pesca, a horticultura, a interindustrial de pezas, a maquinaria e as materias primas, mentres que nos servizos nos atoparemos con actividades como as hostalería, o transporte, ou venta de carburantes e vehículos, etc. No referente ao comercio minorista, por actividades dominan os comercios que non se dedican á alimentación, sendo o 60% aproximadamente fronte a aqueles que si se dedican á alimentación que representan un 40%.

Nas comarcas de Vigo e do Baixo Miño para o período que nos atinxe temos rexistradas aproximadamente 8.500 empresas de servizos. Con respecto ao total de Galicia, o noso territorio representan case o 6% das empresas galegas. Se agregamos as empresas rexistradas do sector secundario e terciario podemos afirmar que estas supoñen mais do 70% tanto a nivel do noso territorio como a nivel de Galicia.

Ao igual que no resto de Galicia, destaca a reducida dimensión das empresas. Case o 60% non teñen contratado persoal por conta allea e sobre un 90% teñen cinco ou menos persoas contratadas. Se consideramos medianas ás empresas que superan os 20 persoas traballadoras, soamente un pouco mais do 1% do total entrarían neste intervalo.

Destacamos que ningunha empresa do Baixo Miño conta con mais de 250 persoas traballadoras. Polo tanto, esta gran maioría de empresas de tamaño reducido, moitas delas constituídas por persoas autónomas cunha estrutura organizativa moi simple, teñen dificultades para competir nos mercados internacionais e incluso no mercado nacional. A cooperación sería unha ferramenta axeitada e necesaria para poder competir cunhas mínimas garantía de éxito. Debido ao pequeno tamaño, as empresas do Baixo Miño compiten maioritariamente pola diferenciación e non tanto por custes. Falamos dunha preferencia por competir pola calidade dos seus bens ou servizos, especialmente na calidade da súa oferta e na relación directa cos clientes (marketing relacional). Tratan de asegurar a súa supervivencia logrando unha boa imaxe e posicionamento no mercado. A falta de cooperación é debida en parte a falta dunha cultura empresarial definida que produce limitacións, e unha escasa internacionalización. A pesar da boa calidade de vida que se observa na comarca, hai unha falta de formación cualificada e certas dificultades para captar profesionais especializados.

No Baixo Miño, das empresas do sector servizos, mais de dous terzos están vinculadas a actividades de comercio, hostalaría, transporte, almacenamento, comunicacións, actividades inmobiliarias e financeiras, etc. Se comparamos a importancia relativa dos tres sectores



económicos coas do resto de Galicia podemos apreciar que tanto a industria como a construción teñen mais peso relativo que a media galega. A pesar da lóxica terciarización da economía, a dependencia do sector primario é sensiblemente maior, especialmente no caso de Tomiño. En cambio en A Guarda e Tui o sector servizos é proporcionalmente mais importante, pois estamos a falar de dous núcleos urbanos relevantes. Tui, ben comunicada e sendo unha poboación histórica importante e porta principal de entrada á veciña Portugal, supón o centro neuráxico do comercio de boa parte da comarca. En Oia, como característica a comentar, hai proporcionalmente mais pequenas empresas dedicadas sobre todo á construción.

### 3.5.3.a.- Turismo

No sector servizos ten un destacado papel o turismo, actividade que ben diversificada, con participación en diferentes modalidades como o turismo de costa, de natureza ou de negocios entre outros. Neste senso, obsérvase un importante desenvolvemento da infraestrutura hoteleira no ámbito de actuación do GDR14. En 1985 contábase na zona do sur da provincia de Pontevedra con 11 hoteis e 342 habitacións. No 2009 aparecen rexistrados 44 hoteis, ademais doutros tipos de aloxamentos e con 1.390 habitacións. Dentro do noso territorio contamos con dous concellos declarados de interese turístico, A Guarda e o concello de Tui.

Establecementos de Turismo de cada concello do territorio do Leader GDR - 14						
Concello	Número Hoteis	Número Pensións	Número Aloxamentos Turismo Rural	Número Campamentos	Número Apartamentos	Número Total Establecementos
Baiona	15	3	2	1	1	22
Fornelos de Montes	0	0	2	0	0	2
Gondomar	1	2	4	0	0	7
Guarda (A)	9	1	1	1	0	12
Mos	4	2	0	0	0	6
Nigrán	6	10	1	1	1	19
Oia	7	3	3	2	1	16
Pazos de Borbén	0	0	2	0	0	2
Porriño (O)	4	5	1	0	0	10
Redondela	1	7	2	1	0	11
Rosal (O)	0	1	2	0	0	3
Tomiño	1	3	4	0	0	8
Tui	8	7	4	0	0	19
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>56</b>	<b>44</b>	<b>28</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>137</b>
<b>PESO RELATIVO TERRITORIO</b>	<b>40,88%</b>	<b>32,12%</b>	<b>20,44%</b>	<b>4,38%</b>	<b>2,19%</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>894</b>	<b>1.261</b>	<b>600</b>	<b>116</b>	<b>131</b>	<b>3.002</b>
<b>PESO RELATIVO GALICIA</b>	<b>29,78%</b>	<b>42,01%</b>	<b>19,99%</b>	<b>3,86%</b>	<b>4,36%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2013

A oferta hoteleira concéntrase na costa, principalmente en Baiona, Nigrán e Oia. A Guarda ten tamén unha boa oferta hoteleira, orientada tamén ao turismo estival, con varios hotéis e un cámping con 1.520 prazas. Tui é un centro turístico destacado no que resalta o seu valor patrimonial. O turismo rural está favorecido polas cualidades naturais e paisaxísticas do noso territorio, e tamén pola proximidade e boa accesibilidade ás grandes áreas urbanas do sur de Galicia, fontes emisoras do principal tipo de cliente que teñen estes establecementos rurais. O turismo rural no sur da provincia de Pontevedra pasou de 5 establecementos e 49 prazas en 1994 a 67 establecementos e 759 prazas en 2009, estando moi ben representado no noso ámbito xeográfico, con establecementos que ofertan actividades alternativas de turismo activo, cunha influencia moi positiva sobre as economías locais e cunha menor influenciados problemas da estacionalidade do turismo estival tradicional. En total, no noso territorio no ano 2013 había rexistrados 28 establecementos de turismo rural cunha capacidade de aloxamento de case 300 persoas.

Prazas de Aloxamento Turístico de cada concello do territorio do Leader GDR - 14						
Concello	Prazas Hotéis	Prazas Pensións	Prazas Aloxamentos Turismo Rural	Prazas Campamentos	Prazas Apartamentos	Número Total Establecementos
Baiona	769	47	18	1.913	602	3.349
Fornelos de Montes	0	0	26	0	0	26
Gondomar	42	31	38	0	0	111
Guarda (A)	470	20	10	1.520	0	2.020
Mos	201	42	0	0	0	243
Nigrán	328	165	18	1.581	141	2.233
Oia	402	41	40	891	70	1.444
Pazos de Borbén	0	0	18	0	0	18
Porriño (O)	278	67	6	0	0	351
Redondela	27	130	30	138	0	325
Rosal (O)	0	12	26	0	0	38
Tomíño	53	45	28	0	0	126
Tui	541	125	35	0	0	701
<b>TOTAL TERRITORIO</b>	<b>3.111</b>	<b>725</b>	<b>293</b>	<b>6.043</b>	<b>813</b>	<b>10.985</b>
<b>PESO RELATIVO TERRITORIO</b>	<b>28,32%</b>	<b>6,60%</b>	<b>2,67%</b>	<b>55,01%</b>	<b>7,40%</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>56.374</b>	<b>25.183</b>	<b>7.319</b>	<b>34.977</b>	<b>5.049</b>	<b>128.902</b>
<b>PESO RELATIVO GALICIA</b>	<b>43,73%</b>	<b>19,54%</b>	<b>5,68%</b>	<b>27,13%</b>	<b>3,92%</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Instituto Galego de Estadística. Datos 2013

Mentres que o número total de establecementos de aloxamento turístico rexistrados no territorio GDR 14 no ano 2013 representa sobre un 4,5% do total de establecementos de Galicia, o número de prazas de aloxamento rolda o 8,5% de toda Galicia, aspecto que destaca un bo tamaño medio en canto a capacidade de aloxamento dos establecementos localizados no noso territorio, sobre o dobre da media galega.

Os nosos recursos turísticos son múltiples e variados: tanto o turista foráneo como o residente no noso territorio pode consultar neste diagnóstico os espazos naturais existentes (ver apartado de medio físico) e o patrimonio clasificado por concellos (ver apartado de elementos patrimoniais).

No territorio do GDR 14 hai un importante número de manifestacións patrimoniais, arqueolóxicas, arquitectónicas, históricas e etnográficas. Tamén hai importantes paraxes naturais de gran valor medio ambiental, camiños naturais, como por exemplo o “camiño do sal”, que son as bases para desenvolver un turismo rural e natural. En conclusión, o turismo que predomina no territorio é un turismo estacional, polo que potenciar un turismo alternativo sería un complemento importante. Neste senso, dentro da estratexia territorial, a nivel turístico sería importante identificar rutas, camiños, miradoiros e todo tipo de patrimonio natural ou etnográfico material e inmaterial, coa finalidade de vertebrar o noso territorio rural unificando e homoxeneizando as posibles rutas e a súa sinalización, dando prioridade ao uso das novas tecnoloxías na procura da máxima visualización entre o público obxectivo.

Ademais dos establecementos turísticos tradicionais, nos últimos anos existen alternativas para o aloxamento dos turistas que nos visitan: o fomento do auto caravanismo (ruta entre España e Portugal) que conta con parques recoñecidos para auto caravanas como o localizado en Tui. Polo tanto, é necesario fomentar na nosa zona a creación de novas infraestruturas para o turismo alternativo ao tradicional.

No sector turístico as persoas con discapacidade seguen tendo unha representatividade moi escasa, debido entre outros aspectos as barreiras arquitectónicas aínda presentes na comunidade en xeral, e máis se cabe nos establecementos turísticos que na maioría dos casos non son accesibles.

#### 3.5.4.- Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal:

Este marco institucional de cooperación ten unha grande importancia polos efectos positivos sobre os dous territorios. A supresión das fronteiras transformou o antigo espazo fronteirizo nun recurso que enriquece a complexidade interrexional. A creación desta Eurorrexión ten por obxecto estimular e coordinar a cooperación transfronteriza e interrexional para promover o desenvolvemento conxunto dentro dun espazo europeo sen fronteiras, mediante o establecemento dun compromiso mutuo de carácter non normativo. A Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal é hoxe unha realidade e conforma un espazo de forte interrelación económica, comercial e humana, que presenta un gran potencial. Dende o ano 1991, froito da cooperación transfronteriza, téñense impulsado máis de douscentos proxectos de cooperación. Nun principio, foron as infraestruturas, pero logo a cooperación se ten expendido a áreas como a agricultura, o medio ambiente, a ciencia e a investigación, o emprego e a formación, o turismo, o transporte, a pesca, etc. Todo isto ten contribuído non exclusivamente á creación dun novo espazo económico, senón tamén ao desenvolvemento de novas redes de relacións institucionais e persoais entre a poboación galega e portuguesa.



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

## Parte 3 Estratexia

# Índice de Contidos Parte 3: Estratexia

<b>1.- Matriz DAFO</b>	<b>94</b>
1.1.- Debilidades	94
1.2.- Ameazas	98
1.3.- Fortalezas	100
1.4.- Oportunidades	102
<b>2.- Matriz CAME</b>	<b>106</b>
2.1.- Correxir as Debilidades	106
2.2.- Afrontar as Ameazas	108
2.3.- Manter as Fortalezas	110
2.4.- Explotar as Oportunidades	111
<b>3.- Necesidades de desenvolvemento e potencialidades</b>	<b>114</b>
3.1.- Territorio e patrimonio	114
3.2.- Poboación	114
3.3.- Economía	115
3.4.- Gobernanza	116
<b>4.- Características integradas da estratexia</b>	<b>118</b>
<b>5.- Integración territorial</b>	<b>118</b>
5.1.- Integración multisectorial	119
5.2.- Integración na gobernanza	120
<b>6.- Características innovadoras da estratexia</b>	<b>121</b>
<b>7.- Obxectivos estratéxicos</b>	<b>123</b>
<b>8.- Liñas de actuación</b>	<b>127</b>
8.1.- Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural ...	127
8.2.- Creación e mellora dos servizos á poboación e inclusión social	128
8.3.- Mellora da competitividade, diversificación produtiva e innovación	128
8.4.- Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio	130
8.5.- Dinamización do territorio fomentando a participación da poboación ...	131

<b>9.- Limitacións sectoriais ás Liñas de Actuación do GDR 14</b>	<b>132</b>
<b>10.- Distribución dun plan de acción que demostre o modo en que os ...</b>	<b>134</b>
<b>11.- Complementariedade e coherencia con outros programas...</b>	<b>134</b>
<b>12.- Plan de formación</b>	<b>137</b>

O análise DAFO o integran as variables de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. Destas catro, as Fortalezas e Debilidades fan referencia aos factores internos do propio territorio, e polo tanto son aquelas sobre os que é mais doado traballar e obter resultados a corto e medio prazo, mentres que as Oportunidades e as Ameazas fan referencia a factores externos que non dependen de nós, e polo tanto temos menos capacidade de control e cambio sobre elas.

Asemade cando falamos destas catro variables, tamén as podemos dividir entre aspectos positivos, que se corresponderían con Fortalezas (internas) e Oportunidades (externas), e aspectos negativos, que serían as Debilidades (internas) e as Ameazas (externas).

Esta ferramenta de análise ten alcanzado grande relevancia na planificación territorial e estratéxica dos territorios e por tal motivo, a nosa asociación ten elaborado de forma participativa a **Matriz DAFO do GDR 14**, para identificar as Necesidades e Potencialidades do noso territorio que posteriormente serán trasladadas á nosa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa.

## 1.- Matriz DAFO

	Fortalezas →	Debilidades →
Oportunidades →	<b>Reforzas</b> para aproveitar as oportunidades	<b>Diminuír</b> para utilizar as oportunidades
Ameazas →	<b>Asegurar</b> contra as futuras ameazas	<b>Evitar</b> para escapar das trampas

### 1.1.- Debilidades

#### 1.1.1.- Territorio e patrimonio

- D1.** Territorio localizado na periferia da periferia (Galicia, España, Unión Europea)
- D2.** Diversidade xeográfica territorial (diverxencia zonas rurais “versus” zonas periurbanas): territorio heteróxeneo de costa e interior con grandes diferenzas entre concellos
- D3.** Dispersión da poboación, producindo un encarecemento na dotación de servizos básicos
- D4.** Danos na flora e na fauna tanto por especies invasoras como pola acción antrópica
- D5.** Risco de catástrofes naturais (incendios, erosión...)
- D6.** Importantes impactos ambientais nos espazos onde se concentra a industria extractiva (canteiras e empresas dedicadas á extracción de gravas e areas)

- D7. Falta de protección dos espazos naturais con alto valor
- D8. Ausencia de recoñecemento e posta en valor de moitos espazos naturais con alto valor paisaxístico e medio ambiental
- D9. Existencia de patrimonio cultural sen conservar, sen rehabilitar, sen poñer en valor e escaso número de empresas de servizos culturais na zona. Descoñecemento e falta de sensibilización e concienciación da poboación sobre a riqueza do seu patrimonio, e das Administracións. Ausencia dun plan integral de xestión do patrimonio cultural do GDR 14
- D10. Inexistencia de interpretación accesible no patrimonio, tanto natural como cultural
- D11. Deficiencias na accesibilidade aos bens naturais e culturais para as persoas con mobilidade reducida
- D12. Incremento do desequilibrio territorial pola concentración da poboación na costa
- D13. Existencia dun desenvolvemento non sostible
- D14. Abandono do rural en busca de oportunidades e mellores accesos aos servizos nas cidades
- D15. Insuficiencia de espazos culturais e de ocio con carencias en servizos e equipamentos sociais
- D16. Escasa presenza de infraestruturas, programas e actividades tanto para persoas maiores como para a xuventude, para a muller, para as persoas con discapacidade e para todas aquelas persoas que teñen risco de exclusión social en xeral nos espazos rurais
- D17. Ausencia de ocio, actividades e espazos culturais, e edificios públicos adaptados
- D18. Ausencia de visión e cultura empresarial por parte da poboación autóctona
- D19. Abandono da terra (éxodo rural e infrautilización dos terreos agrícolas, gandeiros e forestais)

#### 1.1.2.- Poboación

- D20. Estancamento demográfico, baixa natalidade e avellentamento da poboación, risco de despoboamento dos núcleos mais pequenos
- D21. Baixas taxas de actividade e ocupación, elevadas taxas de dependencia (xuventil e de persoas maiores), dificultades para revitalizar o territorio
- D22. Incremento da taxa de paro nos últimos anos: nivel de desemprego por encima da media galega. Desemprego feminino superior ao masculino. Desemprego xuvenil
- D23. Incremento da emigración da poboación (sobre todo poboación moza formada)



- D24.** Descenso da inmigración pola ausencia de oportunidades de traballo
- D25.** Evolución da poboación negativa (perda de efectivos nos últimos anos, avellentamento, baixa natalidade, incremento da emigración, retroceso da inmigración)
- D26.** Dificultades de acceso ao mercado laboral (baixa formación e cualificación profesional sobre todo en persoas desempregadas e en risco de exclusión social), unido a unha forte desmotivación e falta de autoestima sobre todo entre a poboación moza
- D27.** Inexistencia de emprego verde (reciclaxe, compost...)
- D28.** Escaso nivel de formación académica de determinados colectivos (poboación en xeral e máis pronunciado entre os colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social), tanto xeral como específica
- D29.** Baixa cualificación profesional para acceder ao mercado laboral (poboación en xeral e máis pronunciado entre os colectivos desfavorecidos). Dificultade de acceso á formación asociada á certificación de profesionalidade esixido para a maior parte dos empregos
- D30.** Falta de formación empresarial
- D31.** Ausencia de melloras para a integración laboral das persoas con risco de exclusión social, e incremento do risco de exclusión deste colectivo
- D32.** Incremento da poboación en risco de exclusión social e en situación de carencias materiais e carencias materiais severas
- D33.** Deficiencias na conciliación da vida familiar e laboral
- D34.** Deficiencias no acceso ás novas tecnoloxías (banda ancha e infraestruturas TIC) tanto para empresas como para a poboación en xeral
- D35.** Redes sociais pouco desenvolvidas
- D36.** Deficiente transporte metropolitano, vía de alta capacidade do Baixo Miño incompleta, estruturas de comunicación insuficientes nos diferentes territorios e transporte público mal adaptado para as persoas con mobilidade reducida, e horarios e tempos de transporte carentes e limitados
- D37.** Escaso apoio para a autonomía persoal das persoas con discapacidades (servizos como catering, lavandería, pisos adaptados...)
- D38.** Escasa ou deficiente formación no sector servizos de forma xeral e concretamente no turismo, con escasa colaboración entre os axentes implicados

### 1.1.3.- Economía

- D39.** Menor renda per cápita no noso territorio en comparación coa media galega. En cambio, o custe da vida é un dos mais altos de Galicia

- D40.** Ausencia de innovación no sector comercial
- D41.** Produto interior bruto moi por debaixo da media de Galicia, e con grandes diferenzas internas no territorio entre os concellos mais industrializados (Porriño e Mos) e o resto
- D42.** Gran dependencia de Vigo, escaso peso dos nosos territorios estando moi mediatizados por dita cidade
- D43.** Desintegración económica debido ao despoboamento e á falta de actividades económicas na zona norte do GDR 14
- D44.** Dificultades de acceso ao solo agrario (minifundismo, bloqueo do mercado de terras que impide o crecemento das explotacións, e escasa dimensión económica de moitas das explotacións). Dependendo do tipo de explotación (necesidade de minifundismo)
- D45.** Pouca visibilidade do sector da planta ornamental, da flor cortada e hortofrutícola dentro do propio territorio e máis aínda no exterior
- D46.** Progresivo abandono do sector primario por parte da poboación (abandono de terras agrícolas e forestais, perda de poboación activa, ausencia de relevo xeneracional e redución da renda agraria), escasa oferta formativa especializada neste sector
- D47.** Dificultades de acceso das PEMES ao solo empresarial, custe elevado para as pequenas empresas, ausencia de ordenación no uso do solo empresarial que dificulta a dotación de servizos ás empresas e insuficiencia de parques empresariais na comarca do Baixo Miño
- D48.** Falta ou pouca diversidade dos usos produtivos dos montes (novos aproveitamentos do sector forestal)
- D49.** Falta de sensibilización sobre enerxías renovables e cambio climático por parte da poboación en xeral, das administracións locais e das empresas
- D50.** Atomización empresarial, predominio de pequenas empresas e escaso acceso á innovación e ás novas tecnoloxías
- D51.** Presenza de servizos tradicionais de baixa produtividade e sen adaptar ás necesidades actuais da poboación
- D52.** Estacionalidade e crise dos sectores produtivos e ausencia de alternativas para combater este feito (agricultura, pesca, construción, turismo...)
- D53.** Inexistencia dunha rede ou banco de datos que puidese facilitar as oportunidades de negocio entre emprendedores e empresas no rural
- D54.** Deficiencias ou ausencia de procesos de transformación e comercialización do sector primario no noso territorio. Necesidade de pechar os ciclos produtivos

**D55.** Ausencia de imaxe de marca, sistemas de calidade, indicación xeográfica protexida ou figuras similares para moitos dos nosos produtos tanto do sector primario como da agroindustria

**D56.** Abandono do comercio local e dos produtos de proximidade, dificultades para adaptarse ás novas condicións de mercado e competencia das grandes superficies e cadeas comerciais

**D57.** Deficiencias na explotación e no desenvolvemento das fortalezas turísticas do territorio

**D58.** Estacionalidade do sector turístico (sol e praia) e escaso desenvolvemento doutras modalidades de turismo alternativo

**D59.** Infraestruturas turísticas sen adaptar aos potenciais clientes (persoas con discapacidade, familias con fillos/as, familias con mascotas...)

**D60.** Falta de infraestruturas hoteleiras de calidade e de melloras nas existentes que se adapten ás necesidades actuais

#### 1.1.4.- Gobernanza

**D61.** Existencia de pouco compromiso co territorio, pouco cohexionado internamente, baixo nivel identitario, ausencia de senso de pertenza ao territorio  
GDR 14: individualismo, localismo...

**D62.** Medo ao descoñecido

**D63.** Falta de complementariedade dos recursos existentes na zona

**D65.** Falta de colaboración entre axentes privados e públicos (axentes sociais e administracións públicas)

**D65.** Elevado grado de asociacionismo pero pouco activo e escaso desenvolvemento das cooperativas

### 1.2.- Ameazas

#### 1.2.1.- Territorio e patrimonio

**A1.** Cambio climático (contaminación, residuos, catástrofes naturais, actuación sobre os cursos fluviais, especies invasoras...)

**A2.** Perigo da desaparición do patrimonio cultural

**A3.** Destrucción dos espazos comunitarios (relación de veciñanza)

**A4.** Apropiación por parte das empresas e das urbes do territorio rural

**A5.** Desarraigo do rural, esquecemento dos usos e costumes

#### 1.2.2.- Poboación

- A6. Despoboamento rural: descenso da poboación nos últimos anos
- A7. Avellentamento da poboación sobre todo nas zonas mais deprimidas onde o efecto é máis acusado
- A8. Atracción doutros territorios de poboación formada e especializada (incremento da competitividade doutros territorios), agravados pola proximidade da cidade de Vigo que absorbe poboación e recursos en detrimento das áreas rurais
- A9. Falta de formación práctica e cualificación nos diversos sectores en xeral e de centros específicos para capacitar ás persoas en risco de exclusión social que faciliten a súa inserción laboral
- A10. Aparición de novas metodoloxías en formación (on line e semi presencial) que non sempre son válidas para toda a poboación e que se traducen nun incremento da brecha dixital e laboral
- A11. Ausencia de expectativas laborais para a poboación moza que incrementa a desmotivación nun contexto onde non existe unha arraigada cultura emprendedora
- A12. Cambios nos modelos de busca de emprego aos que non toda a poboación é capaz de adaptarse (internet, empresas de traballo temporal...)
- A13. Atraso nas infraestruturas de telecomunicacións, sobre todo nas zonas máis rurais
- A14. Problemas derivados da adaptación do fluxos migratorios: integración social, económica e laboral e imposición doutras culturas (alimentación, cultura, idioma...)

### 1.2.3.- Economía

- A15. Perda do valor do sector primario e da dignificación social de dito sector
- A16. Desemprego no sector primario e secundario (industria e construción) debido á perdura e agravamento da crise económica
- A17. Atractivo doutros territorios para a actividade industrial e empresarial. Competencia doutros países como Portugal, Marrocos ou países do Leste de Europa.
- A18. Importación de produtos agrarios e perda do mercado local de proximidade e penalización das canles curtas de comercialización do produto local
- A19. Aproveitamento exterior da falta de visión empresarial da poboación autóctona
- A20. Competencia para a produción local das marcas que controlan as grandes superficies comerciais e os principais canles de comercialización e distribución
- A21. Incremento da competitividade e da especialización doutros destinos turísticos
- A22. Ausencia ou reducida existencia de axudas ao sector agrario sobre todo para determinados colectivos e actuacións (creación, ampliación e modernización de explotacións, incorporación...)

A23. Carga burocrática e custes económicos impostos polas Administracións para emprender que poden frear ou xerar incertidume á hora de tomar decisións. Creación de polígonos industriais pero falta de motivación para o traslado das empresas aos mesmos.

#### 1.2.4.- Gobernanza

A24. Lexislación que pode prexudica ao pequeno produtor / emprendedor. Lexislación que impide o desenvolvemento multifuncional dos montes e que impide a capacidade de decisión dos titulares (Lei do solo). Diseminación empresarial por falta de planificación e ordenación do territorio por parte das Administracións.

A25. Falta de visión de conxunto do territorio GDR 14 (por parte da clase política e da sociedade en xeral)

A26. Falta de visión de oportunidade da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal

A27. Falta de previsión e planificación a medio – longo prazo

A28. Descordenación entre as diferentes Administracións

A29. Falta de Gobernanza multinivel

A30. Recorte nas subvencións para o mantemento de servizos ás persoas con discapacidade e para todo o colectivo en xeral con risco de exclusión social

A31. Fracaso das políticas de natalidade e conciliación da vida familiar e laboral

A32. Carencias nas políticas activas de emprego

A33. Falta de entendemento político e social nas accións de mellora cando se trata de emprender

### 1.3.- Fortalezas

#### 1.3.1- Territorio e patrimonio

F1. Situación xeográfica, boa situación estratéxica con respecto a Galicia por estar no centro do Eixo Atlántico

F2. Diversidade xeográfica, con forte atractivo natural e diversidade de recursos determinados pola boa climatoloxía. Dimensión territorial

F3. Diversidade e gran cantidade de importantes recursos patrimoniais, tanto naturais como culturais, susceptibles de ser postos en valor e explotados tanto para o lecer como para actividades económicas. Biodiversidade, Rede Natura 2000, zonas LIC, ZEPA, Bens de Interese Cultural...

F4. Bo clima favorable aos cultivos e ao turismo

F5. Paisaxe e experiencia en restauración de espazos degradados

F6. Gran dispoñibilidade de recursos para o desenvolvemento de enerxías renovables (biomasa)

F7. Existencia de organizacións medio ambientais ben organizadas para a protección do medio

### 1.3.2.- Poboación

F8. Capital humano formado e informado

F9. Dispoñibilidade de profesionais cualificados con tendencia á especialización

F10. Capacidade da poboación para crear e innovar: gran cantidade de diferentes colectivos sociais dispostos a colaborar activa e multisectorialmente

F11. Existencia de profesionais de ámbito local cun alto coñecemento do noso contorno

F12. Existencia de servizos de apoio ao emprego e ao emprendedor no territorio

F13. Existencia de entidades con estratexias activas de apoio ao sector comercial e empresarial

F14. Existencia de centros de atención e promoción de persoas en risco de exclusión social

F15. Proximidade á cidade de Vigo que actúa como motor de desenvolvemento económico rexional, nos converte nunha área atractiva e ben comunicada que pode atraer investimentos ao noso rural

### 1.3.3.- Economía

F16. Capacidade emprendedora da poboación

F17. Riqueza gastronómica (terra, mar e monte, calidade, diversidade...). Unión do turismo á gastronomía

F18. Sector vitivinícola desenvolvido e en auxe (sentado e consolidado, Denominación de Orixe "Rías Baixas")

F19. Gran potencial agrario e forestal pola diversificación de produtos

F20. Potencial para a transformación de produtos agrarios (industria agroalimentaria en crecemento e diversificación cara a produtos de alto valor engadido con base en materias primas de alta calidade)

F21. Potencial dos produtos hortícolas, frutícolas e silvícolas para abastecemento do mercado local. Aposta polo mercado de proximidade e polo abastecemento propio. Potencial da agricultura ecolóxica

F22. Adaptación e potencialidade dos cultivos autóctonos (mirabel, kiwi, planta ornamental...)

F23. Potencial do sector turístico e semellanzas culturais con outros pobos europeos

F24. Capacidade para desenvolver servizos relacionados coas empresas existentes no territorio

F25. Aposta polo comercio tradicional e de proximidade e veciñanza

F26. Presenza de importantes centros de innovación, investigación e tecnoloxías no territorio ou próximos

F27. Progresiva diversificación da economía rural (turismo, gastronomía, artesanía, cultura, caza, pesca, enerxías renovables, biomasa, servizos complementarios...)

F28. Boas instalacións turísticas rurais e sectores tradicionais susceptibles de ser explotados turisticamente. Unión do turismo ao agro, á natureza, ao patrimonio...

F29. Percorrido dos Camiños de Santiago (Portugués tradicional e Portugués pola Costa)

#### 1.3.4.- Gobernanza

F30. Existencia dunha forte base asociativa

F31. Importante esforzo pola potenciación dos dereitos, a integración e o desenvolvemento persoal do colectivo de persoas en risco de exclusión social no medio rural

F32. Eixo Atlántico – Cooperación transfronteiriza

F33. Interese da poboación por mellorar a realidade dos nosos territorios

F34. Boas relacións entre o rural e o urbano. Forte interpelación

F35. Interese e compromiso da Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño polo desenvolvemento rural integral do seu ámbito de actuación

F36. Experiencia en materia de Desenvolvemento Rural no territorio a través dos Programas PRODER e LEADER

### 1.4.- Oportunidades

#### 1.4.1.- Territorio e patrimonio

O1. Localización xeográfica (Eixo Atlántico, fronteira con Portugal)

O2. Combater o cambio climático (contaminación...)

O3. Mercado de emisión de CO<sub>2</sub> (mercado de bonos)

O4. Saneamento integrado de todo o rural

O5. A multifuncionalidade do monte en man común (introdución de novos aproveitamentos mantendo o uso social do monte)

O6. Existencia dun tecido social (veciñal, cultural, deportivo...)

O7. Maior valoración social do medio rural para o desenvolvemento de actividades relacionadas co ocio, a cultura e o medio ambiente, así como para atraer novos poboadores e iniciativas empresariais

O8. Demanda social dos servizos ambientais que ofrecen a agricultura e a gandería para a conservación da biodiversidade, para a prevención dos lumes forestais, para evitar a erosión...

O9. Valoración da imaxe de marca do territorio (pertenza, calidade, diferenciación, posicionamento...)

#### 1.4.2.- Poboación

O10. Presenza de capital humano importante con alto grado de formación e capacitación

O11. Preocupación pola vida saudable (alimentación, deporte, sendeirismo, Btt...)

O12. Transporte público mancomunado, transporte metropolitano

O13. Crecente demanda social de centros e espazos de lecer no rural público

O14. Comunicacions no territorio eficientes e na medida do posible libres de peaxe na súa totalidade

O15. Xeración de emprego rural e teletraballo que pode facilitar a oportunidade de compaxinar a vida no rural con traballar en determinados sectores que anteriormente implicaban desenvolver á actividade nas cidades

O16. Retorno das persoas emigrantes motivado en parte pola crise económica pode axudar a frear á perda de poboación

O17. Máis facilidades para o acceso á formación e á cualificación

O18. Achega das novas tecnoloxías e das redes sociais á poboación. Facilidades para a formación on line, e para os novos métodos de busca de emprego

O19. Recuperación de oficios tradicionais

#### 1.4.3.- Economía

O20. Necesidade de dar resposta a novos retos derivados do incremento da esperanza de vida, do avellentamento da poboación, e da presión social polo benestar e a saúde, que se traduce en novas fontes e nichos de emprego todavía por desenvolver (avellentamento activo, traballo asistencial...)

O21. Mantemento da industria dos serradoiros e mercado de Portugal próximo

O22. Vilas con importante poboación e próximas a unha gran cidade como Vigo que os fai potenciais consumidores dos produtos do rural

O23. Potencia do sector agrícola – gandeiro no referente a outros aproveitamentos como alternativas de ocio, industria cárnica, produción en ecolóxico



O24. Compatibilidade entre produción e sustentabilidade

O25. Existencia de importantes restos patrimoniais que poden potenciar o turismo non estacional. Xurdimento de iniciativas empresariais vencelladas ao patrimonio cultural (interpretación, servizos guiados...)

O26. Ferramentas de comercialización de produtos do monte e do medio rural

O27. Desenvolvemento das enerxías renovables, sobre todo das procedentes da actividade forestal e dos subprodutos agrícolas e gandeiros (biomasa e biocombustible). Posibilidade de xerar novas empresas especializadas e crear emprego verde

O28. Revalorización dos produtos do rural (gastronomía, produtos locais, cultura tradicional...). Crecente demanda e estima dos produtos agroalimentarios con calidade diferenciada baseada na orixe e con marcas de calidade certificadas

O29. Presenza do Camiño da Santiago como potencial turístico (Portugués e Portugués pola costa) e doutros itinerarios a desenvolver como o Camiño da Sal

O30. Existencia de parques e polígonos industriais capaces de atraer empresas e xerar emprego

O31. Agricultura respetuosa co medio e de calidade

O32. Potencial turístico do territorio do GDR 14

#### 1.4.4.- Gobernanza

O33. Xestión comunitaria de recursos

O34. Existencia de políticas de igualdade de oportunidades, conciliación, emprego...

O35. Crecente sensibilización social cos colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, acceso das persoas en risco de exclusión social ás decisións políticas e económicas

O36. Políticas e axudas europeas. Experiencia adquirida en materia de Desenvolvemento Rural e xestión de fondos comunitarios destinados a este fin

O37. Cumprimento da lei e lexislación adecuada ao desenvolvemento rural

O38. Posta en marcha da área metropolitana

O39. Posibilidade de establecer unha planificación estratéxica desenvolvida pola propia poboación local, e acceder a axudas e subvencións tanto autonómicas como nacionais e comunitarias para implantalas no territorio

Segundo a “Guía de desenvolvemento Local Participativo para Actores Locais” publicada pola Comisión Europea, toda Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa ademais dunha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), debe conter unha análise

***das Necesidades de desenvolvemento e potencial da zona*** que ao contrario que o DAFO que se presenta como unha ferramenta mais xenérica e que pode ser aplicada a outros territorios con características similares, demostre que os resultados obtidos dese DAFO son claramente conseguidos mediante un proceso participativo, que diferencian ao noso territorio de outros e que se poden converter nunha valiosa ferramenta para a construción dunha intervención forte e segura cunha maior orientación á busca de resultados.

Para poder realizar a análise de **Necesidades** de desenvolvemento e potencial, debemos basearnos nos resultados obtidos no DAFO, centrarnos no característico e na diferenciación do noso territorio, mirar deica o futuro e non ser defensivos, clasificar e priorizar as nosas necesidades e oportunidades, ter en conta a opinión razoada da poboación local e distinguir entre o *qué nos gustaría lograr* e o *qué poderemos lograr cos recursos e programas dos que dispoñemos*.

## 2.- Matriz CAME

Atendendo a estes criterios, identificamos as Necesidades de desenvolvemento e potencial utilizando unha nova ferramenta, a **Matriz CAME** (Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar). Cada unha das necesidades detectadas a través desta metodoloxía nos permitirán dar resposta á formulación “Qué Necesitamos?”, cómo Corrixir as Debilidades, Afrontar as Ameazas, Manter as nosas Fortalezas e Explotar as nosas Oportunidades.

		DAFO		
			Ameazas →	Oportunidades →
		CAME	Afrontar →	Explotar →
DAFO	Debilidades →	Corrixir →	Estratexia de supevivencia	Estratexia de reorientación
	Fortalezas →	Manter →	Estratexia de defensa	Estratexia de posicionamento

### 2.1.- Correxir as debilidades

#### 2.1.1.- Territorio e patrimonio

1 . Localización territorial, diversidade xeográfica, desequilibrio e dispersión (D1, D2, D3, D12)

**N1. Reequilibrio territorial, establecer melloras na calidade de vida e no acceso aos servizos básicos.**

2. Ausencia de recoñecemento, escasa protección ambiental, riscos e danos no patrimonio natural, ausencia de accesibilidade e de interpretación accesible ( D4, D5, D6, D7, D8, D10, D11)

**N2. Posta en valor do patrimonio natural, conservación, protección e accesibilidade. Visión económica e sustentable do recurso**

3. Escasa conservación e posta en valor do patrimonio cultural, ausencia de sensibilización e dun plan integral de xestión do patrimonio cultural, de accesibilidade e interpretación accesible. Escasa presenza de infraestruturas, programas e actividades culturais e da visión empresarial da cultura por parte da poboación autóctona (D9, D10, D11, D15, D16, D17, D18)

**N3. Posta en valor do patrimonio cultural, conservación, protección e accesibilidade. Visión económica e sustentable do recurso.**

## 2.1.2.- Poboación

4. Abandono do rural, estancamento demográfico, baixa natalidade, avellentamento, saldo migratorio negativo, evolución demográfica negativa (D14, D19, D20, D23, D24, D25)

**N4. Fixación de poboación no rural con estratexias contra o declive demográfico (calidade de vida)**

5. Dificultades de acceso ao mercado laboral, incremento do paro, baixas taxas de actividade e ocupación, dependencia, conciliación, falta de formación e cualificación profesional, desmotivación, incremento do número de persoas en risco de exclusión social con problemas aínda maiores de formación, cualificación e acceso ao mercado laboral asemade falta de apoio para autonomía persoal deste colectivo, falta de formación empresarial e do sector servizos en xeral (D21, D22, D26, D28, D29, D30, D31, D32, D33, D37, D38)

**N5. Formación e orientación en xeral, cualificación profesional, motivación e loita contra a exclusión social no acceso ao mercado laboral**

6. Deficiencias no acceso ás novas tecnoloxías e ás redes sociais (D34, D35, D50)

**N6. Mellora do servizo de novas tecnoloxías no rural e sensibilización e formación á poboación**

7. Deficiencias, insuficiencias e desigualdades nas comunicacións e no transporte público. Escasa adaptabilidade e accesibilidade no transporte (D36)

**N7. Mellorar as comunicación internas, a eficiencia e a accesibilidade no transporte público no rural**

## 2.1.3.- Economía

8. Renda per cápita baixa, custe da vida elevado, produto interior bruto baixo, desequilibrios económicos territoriais, desintegración económica nas zonas menos poboadas, gran dependencia de Vigo (D39, D41, D42, D43)

**N8. Apoio á actividade económica local e loita contra o desequilibrio territorial potenciando aquelas zonas máis desfavorecidas nas estratexias de diversificación económica**

9. Ausencia de innovación no sector comercial, abandono do comercio local e dos produtos de proximidade, dificultades de adaptación, servizos tradicionais de baixa produtividade e non adaptados ás necesidades sociais, falta de conexión e cohesión entre empresas e emprendedores (D40, D51, D53, D56)

**N9. Dinamización, modernización e innovación do comercio local e dos produtos de proximidade. Adaptación ás necesidades do mercado e fomento do emprendemento. Concienciación sobre a importancia do comercio local.**

10. Inexistencia dun desenvolvemento sostible e de emprego verde, falta de sensibilización medio ambiental e desenvolvemento de enerxías renovables e eficiencia enerxética (D13, D27, D49)

**N10. Potenciar a xeración de emprego verde, o uso das enerxías renovables e a eficiencia enerxética**

11. Sector turístico deficientemente explotado e desenvolvido, estacionalidade, infraestruturas sen adaptar ao cliente e de pouca calidade (D57, D58, D59, D60)

**N11. Mellorar a calidade e a accesibilidade das infraestruturas turísticas e loitar contra a estacionalidade a través da diversificación da oferta**

12. Dificultades e/ou custe elevado de acceso ao solo agrario e ao industrial e empresarial, ausencia de ordenación do uso do solo, predominio de pequenas empresas, estacionalidade e crise dos sectores produtivos, escasa transformación e comercialización e pouca visibilidade do sector primario en xeral sobre todo no exterior, abandono do sector primario e escasa capacitación e formación profesional específica, pouca diversidade dos usos produtivos do monte, ausencia de imaxe de marca e calidade territorial (D44, D45, D46, D47, D48, D50, D52, D54, D55)

**N12. Creación, ordenación, abaratamento de solos para usos produtivos e /ou busca de fórmulas alternativas de acceso ao solo. Loita contra a crise e a estacionalidade a través da diversificación, da especialización, e do peche dos ciclos produtivos no propio territorio. Promoción exterior do noso sector agrario e diversificación dos usos produtivos do monte. Creación dunha marca e calidade territorial.**

#### 2.1.4.- Gobernanza

13. Ausencia de senso de pertenza ao GDR 14, ausencia de cooperación, colaboración e asociacionismo entre os axentes do territorio, crecemento non sostible (D13, D61, D62, D63, D64, D65)

**N13. Sensibilización e integración da poboación na marca territorial GDR14, potenciando a cooperación e o asociacionismo para o desenvolvemento sostible do territorio.**

### 2.2.- Afrontar as ameazas

#### 2.2.1.- Territorio e patrimonio

14. Periurbanización das áreas rurais, desaparición de patrimonio natural e cultural, das relacións de veciñanza, das costumes e dos usos (A1, A2, A3, A4, A5)

**N14. Preservación da identidade rural**

15. Cambio Climático, contaminación, catástrofes naturais, actuación sobre os cursos fluviais, inundacións, especies invasoras (A1)

N15. Loita contra o cambio climático e contra a degradación e desaparición dos espazos naturais e da paisaxe

#### 2.2.2.- Poboación

16. Atracción doutros territorios e proximidade á cidade de Vigo. Traballo, formación, profesionalización da man de obra, especialización, movemento migratorio, servizos, benestar, centros para capacitar ás persoas en risco de exclusión social, motivación, cultura emprendedora...(A6, A7, A8, A9)

N16. Mellorar a nosa calidade de vida fomentando a integración social, económica e medio ambiental como ferramenta para atraer poboación e evitar o abandono rural

17. Novas metodoloxías de aprendizaxe e inserción laboral, novas tecnoloxías ( A9, A10, A11, A12, A13)

N17. Sensibilizar e formar á poboación nas novas metodoloxías de formación e inserción laboral

18. Problemas derivados da adaptación do fluxos migratorios: integración social, económica e laboral e imposición doutras culturas, alimentación, idioma... ( A14)

N18. Integración social e económica dos colectivos con risco de exclusión social. Identidade e tolerancia

#### 2.2.3.- Economía

19. Perda de competitividade da pequena empresa local pola crise económica e inestabilidade política, desemprego xeneralizado con especial relevancia no sector primario e na construción, aproveitamento exterior da nosa falta de iniciativa, competencia doutros países como territorios atractivos para localizar a actividade empresarial, competencia das grandes superficies que controlan as canles de comercialización e distribución (A16, A17, A19, A20)

N19. Incrementar a competitividade e a innovación das nosas empresas e dotalas de servizos, xerar emprego, apoiar o emprendemento, pechar os ciclos produtivos dentro do propio territorio e establecer estratexias conxuntas de comercialización e distribución

20. Perda de valor do sector primario, desemprego no sector, importación de produtos agrarios e perda do mercado local de proximidade, escasas axudas e apoio público ao sector (A15, A16, A18, A22)

N20. Potenciación e apoio público ao sector agrario a través da innovación, xerando emprego e apoiando o mercado local e os produtos de proximidade

21. Incremento da competitividade e da especialización doutros destinos turísticos (A21)

N21. Mellorar a nosa competitividade turística adaptándoa ao mercado potencial e especializándonos noutros tipos de turismo alternativo

#### 2.2.4.- Gobernanza

22. Ausencia de visión de oportunidades, gobernanza multinivel, visión de conxunto, fracaso de políticas aplicadas no medio rural, lexislación, carga burocrática, recorte de subvencións, entendemento público – privado, coordinación entre Administracións e ausencia de planificación (A23, A24, A25, A26, A27, A28, A29, A30, A31, A32, A33)

N22. Gobernanza multinivel, coordinación e planificación entre os axentes públicos e privados implicados no desenvolvemento, lexislacións adecuadas.

#### 2.3.- Manter as fortalezas

##### 2.3.1.- Territorio e patrimonio

23. Situación estratéxica, emprazamento, dimensión e clima (F1, F2, F4)

N23. Reforzar as vantaxes competitivas da nosa localización próxima á cidade de Vigo e no centro do Eixo Atlántico, e as vantaxes que o noso clima nos outorga tanto sociais como económicas (turismo, agricultura...)

24. Diversidade xeográfica, paisaxe, recursos naturais e culturais, espazos propicios para a súa posta en valor e para a xeración de riqueza económica. Biodiversidade, Rede Natura 2000, LIC, ZEPA, Bens de Interese Cultural. Experiencia en restauración de espazos degradados (F3, F4, F5)

N24. Conservar, recuperar e rentabilizar económica e socialmente a nosa biodiversidade e o patrimonio cultural

25. Organizacións de protección medio ambiental e dispoñibilidade de recursos para o desenvolvemento de enerxías renovables (F6, F7)

N25. Afianzar e promover a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables

##### 2.3.2.- Poboación

26. Capital humano formado e informado, profesionais cualificados, especializados, capacidade de crear e innovar. Profesionais de ámbito local con coñecementos do contorno. Servizos de apoio ao emprendedor. Entidades con estratexias de apoio ao sector comercial e empresarial. Centros de atención e inserción das persoas con risco de exclusión social, (F8, F9, F10, F11, F12, F13, F14)

N26. Afianzar e xerar vínculos entre os axentes cualificados e especializados existentes no territorio para buscar sinerxías de desenvolvemento económico e social da poboación con especial atencións aos colectivos en risco de exclusión social

##### 2.3.3.- Economía

27. Capacidade emprendedora da poboación, capacidade para desenvolver servizos relacionados coas empresas existentes no territorio, comercio tradicional de proximidade, presenza de importantes centros tecnolóxicos de innovación e

investigación, progresiva diversificación da economía rural e proximidade da cidade de Vigo motor de desenvolvemento económico rexional, converténdonos nunha área atractiva para atraer investimentos (F15, F16, F24, F25, F26, F27)

N27. Fortalecer o emprendemento, a innovación e a investigación, a diversificación económica, e especialización nas actividades existentes e fomentando o comercio local de proximidade.

28. Potencial do sector primario, diversificación produtiva, sector vitivinícola consolidado en expansión, produtos agrarios e forestais para o abastecemento local, adaptación e potencialidade dos cultivos autóctonos, agroindustria local de calidade, agricultura ecolóxica (F18, F19, F20, F21, F22, F27)

N28. Afianzar o noso sector primario, a transformación e comercialización dos nosos produtos agrarios e forestais tanto para o abastecemento local como para o mercado exterior. Potenciar o sector agrario cara á sustentabilidade e a produción ecolóxica de calidade

29. Potencial do sector turístico, riqueza gastronómica, auxe do enoturismo, boas instalacións turísticas rurais, sectores tradicionais susceptibles de explotación turística, percorrido dos camiños de Santiago (F17, F18, F23, F28, F29)

N29. Fortalecer o turismo vinculado aos recursos propios do territorio (gastronomía, enoturismo, paisaxe, cultura, itinerarios...)

#### 2.3.4.- Gobernanza

30. Potente tecido asociativo, interese da poboación por mellorar, e por acadar dereitos igualitarios para toda a poboación (integración e desenvolvemento das persoas en risco de exclusión social), compromiso e interese da ADR MAIV – Baixo Miño, experiencia do territorio adquirida nos Programas de Desenvolvemento Rural anteriores, boas relacións rural – urbano, aplicación de procesos participativos para a toma de decisións vinculadas ao desenvolvemento do territorio en xeral e cooperación e traballo en rede con outros territorios (F30, F31, F32, F33, F34, F35, F36)

N30. Aproveitar os coñecementos e a experiencia da ADR e de outros colectivos existentes para acadar un desenvolvemento integral do noso territorio que loite contra a desigualdade, e exclusión social e a pobreza traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios rurais.

### 2.4.- Explotar as oportunidades

#### 2.4.1.- Territorio e patrimonio

31. Localización xeográfica, Eixo Atlántico, proximidade a Vigo e espazo de fronteira (O1)

N31. Promover a nosa localización para atraer inversións e actuacións ao territorio sustentables



32. Posibilidades de aproveitamento de recursos naturais para combater o cambio climático, mercados de emisión de CO<sub>2</sub>, saneamento, demanda social dos servizos ambientais que ofrece a actividade agraria para a conservación da biodiversidade, prevención de lumes, erosión, multifuncionalidade do monte tanto para diversificación da produción como para o seu uso social, maior valoración do rural para o desenvolvemento de actividades de ocio, de lecer e medio ambientais que poden atraer novos poboadores e inversores (O2, O3, O4, O5, O7, O8)

N32. Aproveitar ás posibilidades dos nosos recursos naturais e do seu desenvolvemento sostible e multifuncional para loitar contra o cambio climático e para atraer poboación e inversores.

33. Existencia dun tecido asociativo importante e implicado (O6)

N33. Estimular as sinerxías positivas entre o tecido asociativo existente

34. Valoración da imaxe de marca dos territorios por senso de pertenza, calidade, diferenciación, posicionamento... (O9)

N34. Creación dunha imaxe de marca propia do territorio GDR14 que implique pertenza, calidade, diferenciación, orixe rural...

#### 2.4.2.- Poboación

35. Capital humano importante con alto grado de formación e capacitación, xeración de emprego rural e teletraballo, achegas e melloras nas novas tecnoloxías que facilitan o acceso á formación e ao mercado laboral e recuperación de oficios tradicionais (O10, O15, O17, O18, O19)

N35. Evitar a fuga de capital humano ben cualificado a través da xeración de emprego no rural, mellorando as novas tecnoloxías que permitan o desenvolvemento do teletraballo e da formación on line. Recuperar os oficios tradicionais

36. Demanda de modos de vida saudables, alimentación de calidade, orgánica, ecolóxica..., espazos de lecer, deporte, retorno de poboación emigrante, novos xacementos de emprego vinculados ao emprego verde, á saúde, ao incremento da esperanza de vida e á conciliación (O11, O13, O16, O20, O27, O31)

N36. Aproveitar as novas tendencias nos modos de vida saudables para desenvolver novos xacementos de emprego (alimentación, deporte, emprego verde, saúde, atención socio sanitaria, conciliación...)

37. Transporte público mancomunado, transporte metropolitano, comunicacións eficientes e accesibilidade no transporte público (O12, O14)

N37. Optimizar á cohesión e as conexións dos nosos territorios a través das comunicacións eficientes e dun transporte público mancomunado e accesible

### 2.4.3.- Economía

38. Sustentabilidade medio ambiental da produción de bens e servizos da economía local, desenvolvemento das enerxías renovables, revalorización dos produtos do rural, potencial do sector agrogandeiro e forestal, poboación urbana susceptible de ser consumidora dos produtos rurais, ferramentas dispoñibles para a comercialización de produtos do rural (O21, O22, O23, O26, O24, O27, O28)

N38. Impulsar o desenvolvemento dos sectores produtivos a través da diversificación, do fortalecemento do tecido empresarial e adecuando á produción á demanda do mercado local. Estimular entre a poboación local e das áreas de proximidade o consumo de produtos do rural.

39. Existencia de parques empresariais e polígonos industriais capaces de atraer empresas e xerar emprego (O30)

N39. Difundir e promover as vantaxes económicas, sociais e medio ambientais dos nosos parques empresariais, para a localización de novas empresas que xeren emprego rural

40. Potencial turístico do territorio. Iniciativas empresariais vinculadas ao patrimonio, presenza de itinerarios e o desenvolvemento doutra tipoloxías de turismo alternativo ao de sol e praia. (O25, O29, O32)

N40. Impulsar un turismo alternativo de calidade, sen estacionalidade, baseado nos recursos endóxenos, na sostibilidade e na accesibilidade

### 2.4.4.- Gobernanza

41. Políticas, programas e axudas europeas, coa posibilidade de elaborar unha estratexia local participativa que permita unha planificación temporal das accións e obxectivos a acadar a través dunha xestión comunitaria dos recursos, dende unha perspectiva de igualdade de oportunidades e sensibilizada co colectivo de persoas con risco de exclusión social. Experiencia previa na aplicación destas políticas e na xestión de programas e axudas comunitarias (O33, O34, O35, O36, O39)

N41. Optimizar os recursos económicos procedentes da Unión Europea, e a posibilidade de decidir e planificar o desenvolvemento futuro do nosos territorio entre a poboación

42. Cumprimento de leis ou lexislacións adecuadas ao desenvolvemento rural (O37)

N42. Utilizar as ferramentas que as diferentes administracións nos facilitan a través da lexislación para ordenar e desenvolver o noso territorio. Aproveitar dunha forma racional o financiamento externo.

43. Posta en marcha da área metropolitana (O38)

N43. Optimizar os beneficios e/ou vantaxes que a posta en marcha da área metropolitana poda atraer para o territorio rural

### 3.- Necesidades de desenvolvemento e potencialidades

Presentamos a continuación a relación de necesidades detectadas pola poboación a través do proceso participativo e clasificadas en base á estrutura inicial plantexada para a elaboración do DAFO.

#### 3.1.- Territorio e Patrimonio

N1. Reequilibrio territorial, establecer melloras na calidade de vida e no acceso aos servizos básicos.

N2. Posta en valor do patrimonio natural, conservación, protección e accesibilidade. Visión económica e sustentable do recurso

N3. Posta en valor do patrimonio cultural, conservación, protección e accesibilidade. Visión económica e sustentable do recurso.

N14. Preservación da identidade rural

N15. Loita contra o cambio climático e contra a degradación e desaparición dos espazos naturais e a paisaxe

N23. Reforzar as vantaxes competitivas da nosa localización próxima á cidade de Vigo e no centro do Eixo Atlántico, e as vantaxes que o noso clima nos outorga tanto sociais como económicas (turismo, agricultura...)

N24. Conservar, recuperar e rendibilizar económica e socialmente a nosa biodiversidade e o patrimonio cultural

N25. Afianzar e promover a eficiencia enerxética e o uso das enerxías renovables

N31. Promover a nosa localización para atraer inversións e actuacións ao territorio

N32. Aproveitar ás posibilidades dos nosos recursos naturais e do seu desenvolvemento sostible e multifuncional para loitar contra o cambio climático e para atraer poboación e inversores.

N33. Estimular as sinerxías positivas entre o tecido asociativo existente

N34. Creación dunha imaxe de marca propia do territorio GDR14 que implique pertenza, calidade, diferenciación, orixe rural...

#### 3.2.- Poboación

N4. Fixación de poboación no rural con estratexias contra o declive demográfico (calidade de vida)

N5. Formación e orientación en xeral, cualificación profesional, motivación e loita contra a exclusión social no acceso ao mercado laboral

N6. Mellora do servizo de novas tecnoloxías no rural e sensibilización e formación á poboación

N7. Mellorar as comunicación internas, a eficiencia e a accesibilidade no transporte público no rural

N16. Mellorar a nosa calidade de vida fomentando a integración social, económica e medio ambiental como ferramenta para atraer poboación e evitar o abandono rural

N17. Sensibilizar e formar á poboación nas novas metodoloxías de formación e inserción laboral

N18. Integración social e económica dos colectivos con risco de exclusión social. Identidade e tolerancia

N26. Afianzar e xerar vínculos entre os axentes cualificados e especializados existentes no territorio para buscar sinerxías de desenvolvemento económico e social da poboación con especial atencións aos colectivos en risco de exclusión social

N35. Evitar a fuga de capital humano ben cualificado a través da xeración de emprego no rural, mellorando as novas tecnoloxías que permitan o desenvolvemento do teletraballo e da formación on line. Recuperar os oficios tradicionais

N36. Aproveitar as novas tendencias nos modos de vida saudables para desenvolver novos xacemento de emprego (alimentación, deporte, emprego verde, saúde, atención socio sanitaria, conciliación...)

N37. Optimizar á cohesión e as conexións dos nosos territorios a través das comunicacións eficientes e dun transporte público mancomunado e accesible

### 3.3.- Economía

N8. Apoio á actividade económica local e loita contra o desequilibrio territorial potenciando aquelas zonas máis desfavorecidas nas estratexias de diversificación económica

N9. Dinamización, modernización e innovación do comercio local e dos produtos de proximidade. Adaptación ás necesidades do mercado e fomento do emprendemento. Concienciación sobre a importancia do comercio local

N10. Potenciar a xeración de emprego verde, o uso das enerxías renovables e a eficiencia enerxética

N11. Mellorar a calidade e a accesibilidade das infraestruturas turísticas e loitar contra a estacionalidade a través da diversificación da oferta

N12. Creación, ordenación, abaratamento de solos para usos produtivos e/ou busca de formas alternativas de acceso ao solo. Loita contra a crise e a estacionalidade a través da diversificación, da especialización, e do peche dos ciclos produtivos no propio territorio. Promoción exterior do nosos sector agrario e diversificación dos usos produtivos do monte. Creación dunha marca e calidade territorial.

N19. Incrementar a competitividade e a innovación das nosas empresas e dotalas de servizos, xerar emprego, apoiar o emprendemento, pechar os ciclos produtivos

dentro do propio territorio e establecer estratexias conxuntas de comercialización e distribución

N20. Potenciación e apoio público ao sector agrario a través da innovación, xerando emprego e apoiando o mercado local e os produtos de proximidade

N21. Mellorar a nosa competitividade turística adaptándoa ao mercado potencial e especializándonos noutros tipos de turismo alternativo

N27. Fortalecer o emprendemento, a innovación e a investigación, a diversificación económica, e especialización nas actividades existentes e fomentando o comercio local de proximidade.

N28. Afianzar o noso sector primario, a transformación e comercialización dos nosos produtos agrarios e forestais tanto para o abastecemento local como para o mercado exterior. Potenciar o sector agrario cara á sustentabilidade e a produción ecolóxica de calidade

N29. Fortalecer o turismo vinculado aos recursos propios do territorio (gastronomía, enoturismo, paisaxe, cultura, itinerarios...)

N38. Impulsar o desenvolvemento dos sectores produtivos a través da diversificación, do fortalecemento do tecido empresarial e adecuando á produción á demanda do mercado local. Estimular entre a poboación local e das áreas de proximidade o consumo de produtos do rural.

N39. Difundir e promover as vantaxes económicas, sociais e medio ambientais dos nosos parques empresariais, para a localización de novas empresas que xeren emprego rural

N40. Impulsar un turismo alternativo de calidade, sen estacionalidade, baseado nos recursos endóxeos, na sostibilidade e na accesibilidade

### 3.4.- Gobernanza

N13. Sensibilización e integración da poboación na marca territorial GDR14, potenciando a cooperación e o asociacionismo para o desenvolvemento sostible do territorio.

N22. Gobernanza multinivel, coordinación e planificación entre os axentes públicos e privados implicados no desenvolvemento, lexislacións adecuadas.

N30. Aproveitar os coñecementos e a experiencia da ADR e de outros colectivos existentes para acadar un desenvolvemento integral do noso territorio que loite contra a desigualdade, e exclusión social e a pobreza traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios rurais.

N41. Optimizar os recursos económicos procedentes da Unión Europea, e a posibilidade de decidir e planificar o desenvolvemento futuro do noso territorio entre a poboación

N42. Utilizar as ferramentas que as diferentes administracións nos facilitan a través da lexislación para ordenar e desenvolver o noso territorio. Aproveitar dunha forma racional o financiamento externo.

N43. Optimizar os beneficios e/ou vantaxes que a posta en marcha da área metropolitana poda atraer para o territorio rural

Como resultado da análise CAME acadamos un total *de 43 necesidades de desenvolvemento e potencialidades* que foron clasificadas anteriormente atendendo á estrutura do diagnóstico e das matrices DAFO E CAME. De seguido realizamos unha nova clasificación que terá como resultado o establecemento das **Áreas Temáticas de Intervención:**

- A. Necesidades relacionadas co territorio: (N1, N14, N23, N31, N34, N7, N16, N26, N37, N8, N12, N13, N41, N42, N43)
- B. Necesidades relacionadas co patrimonio: (N2, N3, N24, N29, N40)
- C. Necesidades relacionadas co medio ambiente: (N2, N15, N24, N25, N32, N36, N10, N28, N29, N40)
- D. Necesidades relacionadas co emprego, a formación, o emprendemento, a inclusión social e a loita contra a pobreza: (N32, N4, N5, N6, N17, N18, N26, N35, N36, N9, N19, N20, N27, N39, N30)
- E. Necesidades relacionadas cos servizos á poboación e á calidade de vida: (N1, N2, N3, N4, N5, N7, N16, N18, N36, N37, N11, N40, N30, N43)
- F. Necesidades relacionadas coa estrutura produtiva e a innovación: (N23, N24, N25, N31, N32, N33, N6, N7, N16, N26, N35, N36, N8, N9, N10, N12, N19, N20, N27, N38, N39)
- G. Necesidades relacionadas co sector primario: (N23, N25, N10, N12, N20, N28, N38)
- H. Necesidades relacionadas co turismo: (N2, N3, N15, N23, N11, N12, N21, N29, N40)
- I. Necesidades relacionadas coas Tic's: (N6, N17, N35)
- J. Necesidades relacionadas coa gobernanza e a dinamización social: (N14, N33, N34, N26, N13, N22, N30, N41, N42, N43)

#### 4.- Características integradas da estratexia

Segundo se establece na Guía de Desenvolvemento Local Participativo para Actores Locais da Comisión Europea, as estratexias de desenvolvemento local deben elaborarse cun **carácter integrado e multisectorial** que ten a súas orixes no primeiro Programa Leader “ligazóns entre as actividades económicas nas zonas rurais”. As asociacións constituídas para a execución deste programa son vistas como catalizadoras que explotan todos os multiplicadores locais entre sectores como a agricultura, a alimentación, o artesanado, o turismo, os servizos sociais, a cultura e o medio ambiente.

Para lograr esta finalidade, as comunidades locais deben deseñar secuencias integradas de medidas de apoio (tales como formación, subvencións de capital, apoio promocional, apoio ás empresas, conservación da cultura e do patrimonio...) todas elas na mesma dirección estratéxica e tomar decisións e concentrarse nos obxectivos e accións que teñan as maiores posibilidades de lograr os cambios que queren conseguir.

As características integradoras da nosa estratexia as debemos establecer atendendo a tres ámbitos concretos: o territorial, o sectorial e o da gobernanza.

#### 5.- Integración territorial

As diferenzas existentes dentro do propio territorio GDR - 14 son latentes e así se reflectiron no diagnóstico socio económico, que nos amosou as desigualdades entre as zonas costeiras e as de interior; as zonas máis próximas á cidade de Vigo e aquelas máis alleas; e dentro dos propios concellos as desigualdades entre os centros e as parroquias máis próximas e aquelas máis afastadas. Foron numerosos os indicadores que analizamos que puxeron de manifesto os desequilibrios tanto internos como externos, traducíndose así nun dos factores clave para a definición das nosas necesidades de desenvolvemento e potencial e consecuentemente deron orixe aos nosos obxectivos estratéxicos.

Coa nosa estratexia buscamos a integración territorial a través da converxencia dos territorios máis desfavorecidos e acadar unha homoxeneidade no GDR – 14 tanto a nivel de vida como de calidade, na busca dun reequilibrio que preste especial atención ao desenvolvemento de aqueles espazos, sectores, servizos e colectivos sociais máis desfavorecidos.

Cando elaboramos os nosos obxectivos estratéxicos e as nosas liñas de actuación non establecemos diferenciacións dentro do conxunto do territorio deseñando estratexias propias para cada unha das áreas en función do seu grado de desenvolvemento e dos desequilibrios que presenta. Do que se trata concretamente é de aproveitar o maior desenvolvemento de aqueles espazos cunha situación máis favorable e buscar un crecemento equilibrado de todo o conxunto territorial, que se traduce nunha visión integradora e converxente do noso GDR.

Polo tanto estamos a falar, non de establecer liñas de actuación diferenciadas internamente no territorio, senón de priorizar as actuacións outorgando un maior ou menor apoio financeiro en función das maiores ou menores necesidades detectadas en cada zona na nosa fase de análise. Deste xeito, o noso mecanismo de xestión do Programa contempla as

diferenzas interterritoriais nos criterios de selección e valoración de proxectos, incrementando a intensidade da axuda en aqueles proxectos que contribúan ao desenvolvemento socio económico dos espazos máis desfavorecidos.

### 5.1.- Integración multisectorial

Ao inicio deste proceso, na fase de diagnóstico e detección de necesidades de desenvolvemento e potencial, que posteriormente perfilaron a nosa estratexia, foi exhaustivo o compoñente multisectorial analizado, perdendo esta sectorialización a medida que ascendíamos dende o nivel territorio para acadar os nosos obxectivos estratéxicos e liñas de actuación. A través destes últimos demos resposta a multitude de obxectivos sectoriais dende unha visión mais ampla e xenérica podendo un mesmo obxectivo dar resposta a diferentes sectores. Coa finalidade de demostrar que a nosa estratexia acada unha integración multisectorial e a interpelación entre os obxectivos estratéxicos e os diferentes sectores presentes no territorio, presentamos a seguinte representación gráfica onde se reflexa o carácter multisectorial e integrado dos nosos obxectivos:

Sectores de actividade		AGROGANDEIRO	FORESTAL	INDUSTRI A E CONSTRU CIÓN	SERVIZOS	TURISMO
<b>OBXETIVOS                      ESTRATÉXICOS ADR MAIV                      – BAIXO MIÑO                      PROGRAMA LEADER                      2014/2020</b>	1.Competividade Territorial	█	█	█	█	█
	2.Patrimonio Cultural	█	█			█
	3.Espazos Naturais e Biodiversidade	█	█		█	█
	4.Formación e Emprego	█	█	█	█	█
	5.Calidade Vida e Servizos Poboación	█	█	█	█	█
	6.Tecido Empresarial	█	█	█	█	█
	7.Sector Primario	█	█			
	8.Sector Turístico	█	█		█	█
	9.Novas Tecnoloxías	█	█	█	█	█
	10.Gobernanza Multinivel	█	█	█	█	█



## 5.2.- Integración na gobernanza

A nosa estratexia foi elaborada mediante un proceso participativo, rexido polo principio de portas abertas e resultado do traballo coordinado e conxunto entre actores públicos e privados do noso territorio. Para unha maior complementariedade na detección das necesidades do territorio e na definición das nosas liñas de actuación, o noso GDR se organizou en mesas sectoriais onde se aglutinan os axentes sociais e locais partícipes do desenvolvemento rural. Estas mesas sectoriais son a Mesa de Acción Social, a da Muller, a de Medio Ambiente e Comunidades de Montes, a de Desenvolvemento Económico, a Agrogandeira, a Institucional e a Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil. Todas xuntas constitúen un partenariado local entre axentes públicos e privados para a consecución dos nosos obxectivos estratéxicos.

Ademais desta coordinación a nivel horizontal dentro do propio territorio, a estratexia tamén busca a coordinación a nivel vertical entre as diferentes administración implicadas no desenvolvemento rural. Deste xeito ao longo do diagnóstico e na detección das necesidades de desenvolvemento e potencial e na definición dos nosos obxectivos estratéxicos tivemos en conta os obxectivos plantexados pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de desenvolvemento rural, e máis concretamente, os obxectivos establecidos para o Programa Leader no PDR de Galicia 2014 – 2020.

Igualmente tomamos como referencia os obxectivos e prioridades da Unión Europea en desenvolvemento rural establecidas na programación Feader.

En consecuencia, no apartado deste documento no que se enumeran os nosos obxectivos estratéxicos, establecemos unha relación directa entre os nosos propios obxectivos e os da Comunidade Autónoma de Galicia, e as prioridades da Comisión Europea, polo que queda patente e máis que demostrada a integración da nosa estratexia, tanto a nivel local coa coordinación horizontal na definición da estratexia, como a nivel vertical coas diferentes administración, axudando dende o noso territorio a acadar os obxectivos locais, autonómicos, nacionais e comunitarios.

En canto á implementación do Programa Leader no noso territorio, o Grupo asumirá a responsabilidade da xestión como entidade colaboradora de Agader que é a Autoridade de Xestión do Programa Leader na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro das funcións que asumirá o Grupo e así se plasma na definición das nosas liñas de actuación estará a de acadar os obxectivos da “Liña 5: Dinamización do territorio fomentando a participación da poboación no desenvolvemento rural (19.4.B: Animación)” como ferramenta participativa e integradora da elaboración e aplicación da nosa estratexia no territorio.

O principio de participación está presente en todo o proceso, tanto na elaboración como na execución da estratexia así como o concepto de corresponsabilidade, que fundamenta a xestión do desenvolvemento dende un enfoque ascendente. Son termos nos que a gobernanza xoga un papel fundamental e decisivo. Por dito motivo a nosa estratexia conta cun obxectivo principal centrado na gobernanza multinivel que promova o consenso e a corresponsabilidade dos axentes do territorio vinculados coa estratexia, que consiga a

participación, a complementariedade con outros instrumentos financeiros dispoñibles no territorio e cunha eficacia e eficiencia na xestión do programa no noso territorio.

## 6.- Características innovadoras da estratexia

Podemos considerar que a nosa estratexia para 2014 – 2020 presenta un importante carácter innovador, xa non solo entendendo como innovación e investigación e a aplicación de novas tecnoloxías de alto nivel, que tamén están incluídas, pero o que intentamos acadar e así o definimos é unha nova forma de facer as cousas no noso rural, dando resposta ás necesidades da poboación e buscando que as accións que desenvolvemos teñan un carácter multiplicador no desenvolvemento do noso territorio.

Por unha parte, apostamos pola xeración de novos produtos no sector agrogandeiro e forestal a través da introdución da transformación para pechar os procesos no noso territorio e aportar valor engadido, así como a busca de novos canles de comercialización e promoción. Pero tamén se busca un cambio nos procesos produtivos que melloren a nosa base territorial e que reduzan custos enerxéticos e os efectos negativos sobre o medio ambiente apostando polas enerxías renovables.

No ámbito que atinxe ás persoas, a nosa estratexia se centra na loita contra a pobreza e a exclusión social, apostando fortemente pola formación, a información e o asesoramento do nosos capital humano. Intentaremos contribuír á prestación de servizos á poboación que melloren a súa calidade de vida, apoiando a creación destes naquelas entidades singulares de poboación que máis o necesitan.

Tamén buscamos innovar tecnoloxicamente. Neste senso os proxectos de creación e modernización das nosas empresas contarán co apoio do Programa Leader, coa finalidade de conseguir un tecido empresarial competitivo e innovador.

Relacionado co noso patrimonio, na estratexia se establece como de gran relevancia o mantemento da nosa identidade rural e da nosa cultura, usos e costumes. Con dita finalidade, apoiaremos a conservación, protección e posta e valor do noso patrimonio, pero cun carácter innovador orientado á xeración de riqueza asociado a dito patrimonio, na busca dun efecto multiplicador que se traduza na creación de empresas que utilicen como recurso dito patrimonio (turismo, xestión cultural, xestión patrimonial...).

No sector servizos, buscamos apostar polos nosos produtos locais, polos mercados de proximidade, polos produtos de tempada e pola sensibilización e concienciación da poboación para o consumo de produtos endóxenos.

E finalmente no ámbito turístico, intentamos innovar mediante a orientación dos nosos empresarios e a súa formación cara á especialización noutro tipo de turismo que axude a combater a estacionalidade, e que se caracterice pola calidade e a accesibilidade, tanto aos recursos turísticos como aos servizos para a poboación.

En definitiva o que busca esta nova estratexia e innovar tecnoloxicamente, innovar en canto á localización e achegamento dos servizos que melloran a calidade de vida á poboación, innovar na forma de facer as cousas, innovar apostando pola nosa identidade rural e de calidade, innovar xerando unha imaxe de marca propia do GDR 14 aplicable a todos os

sectores e innovar formando á poboación para acadar un efecto multiplicador das iniciativas que desenvolvamos no noso territorio.

Outra das características que debemos resaltar son as múltiples fórmulas de cooperación e colaboración plasmada. Dentro do propio territorio seguindo a filosofía do programa Leader “de abaixo – arriba”, colaboran os axentes públicos e privados na definición e posterior aplicación da estratexia cun verdadeiro proceso participativo, como con outros territorios de Galicia, España e outros países da Unión Europea na busca dunha cooperación e un traballo en rede.

Asemade xunto coas liñas de actuación concretas que buscan facilitar os cambios nos procesos, nos produtos, nos servizos ou na localización e na forma de facer as cousas, a propia estratexia establece un cambio importante con respecto aos períodos anteriores. Esta novidade é a aposta pola formación, a información, o asesoramento e o intercambio de experiencias e transferencia de coñecemento, pasando dun modelo onde predominaban os investimentos materiais, a un modelo onde se combinan os investimentos materias con investimentos inmateriais en coñecemento, que terán unha importante relevancia para o noso territorio, posto que é a propia poboación a que establece as necesidades formativas detectadas e a que determina a temática e os destinatarios dos coñecementos que dende o GDR se van a poder impartir.

Non podemos deixar de facer mención ao efecto multiplicador que a nosa estratexia acadará no territorio, posto que os beneficiarios directos das nosas accións serán os promotores ou o colectivo formado a través das nosas accións de formación, pero coas metodoloxías e procedementos adecuados conseguiremos que os coñecementos e a innovación cheguen a outros axentes do nosos territorio e incluso a outros territorios.

Concretamente dentro das nosas liñas de actuación, plasmamos proxectos piloto vinculados coa mellora medio ambiental e coa loita contra os lumes forestais, que cunha pequena inversión de fondos públicos e coa adecuada labor de divulgación e transferencia podamos conseguir a súa réplica noutros espazos e noutros territorios acadando así un efecto multiplicador.

Outro dos efectos multiplicadores se traduce no investimento privado que os promotores (tanto públicos como privados) teñen que facer para o desenvolvemento do seu proxecto, posto que as axudas do Programa Leader sempre deben ser cofinanciadas. Neste senso podemos afirmar que no período anterior, o investimento en axudas públicas no noso territorio acadou os 5.931.941,87 €, que supuxeron un investimento privado de cofinanciación de 13.306.010,84 €, polo que o efecto multiplicador dos fondos públicos empregados na estratexia están máis que demostrados e na aplicación da nova estratexia 2014 – 2020 o plantexamento de cofinanciación será similar ao do período anterior, e o GDR 14 intentará cando non superar, manter o nivel de execución do anterior período na medida do posible.

## 7.- Obxectivos estratéxicos

Tendo en conta ás *43 necesidades de desenvolvemento e potencialidades* e a súa clasificación en *10 Áreas Temáticas de Intervención*, e o carácter integrador e innovador que buscamos coa nosa estratexia, plasmamos os **Obxectivos Estratéxicos** do noso Plan Desenvolvemento Local Participativo.

1. Mellorar a nosa competitividade territorial no contexto nacional a través de accións de promoción, creación de imaxe de marca e sensibilización á poboación na preservación e protección da nosa identidade rural.
2. Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.
3. Traballar contra a desaparición e a degradacións dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer a conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.
4. Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.
5. Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade.
6. Fortalecer e diversificar o tecido empresarial apoiando ás pequenas empresas e fomentando novas iniciativas. Mellorar a competitividade, a calidade e a innovación empresarial na procura de incrementar o valor engadido no territorio a través do peche de ciclos produtivos e a promoción exterior.
7. Promover e consolidar o sector primario polo seu potencial e valor estratéxico, implementando accións destinadas á transformación e comercialización, á xeración de emprego verde, á creación de novos produtos do rural e apostando polo comercio local e de proximidade e pola promoción de cara ao mercado exterior.
8. Apoiar e impulsar o sector turístico buscando unha alternativa á estacionalidade. Axudar na especialización e adaptación do sector cara outro turismo baseados nos recursos endóxeos, na calidade e na accesibilidade.
9. Mellorar o servizo de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais para a poboación rural, facilitando tamén o acceso das TIC's ao tecido empresarial.
10. Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da ADR MAIV – Baixo Miño como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

Asemade os obxectivos estratéxicos terán presentes en todas as liñas de actuación que se desenvolvan os **Obxectivos Transversais** de:

- Inclusión social e loita contra a pobreza.
- Mitigación e adaptación ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.
- Contribución á innovación no rural.

Previa á identificación das nosas Liñas de Actuación, que serán aquelas a través das cales alcanzaremos os nosos Obxectivos Estratéxicos, coa finalidade de dar resposta ás necesidades detectadas, debemos presentar os **Obxectivos e Prioridades do Desenvolvemento Rural** establecidos pola **Unión Europea** no Regulamento Feader para o período comunitario 2014-2020 e que teñen por finalidade contribuír á Estratexia Europea 2020 , e as Prioridades para o Desenvolvemento Rural en Galicia a través do **Programa Leader**, establecidas no **Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014 – 2020**. Deste xeito, podemos demostrar como existe unha estreita relación entre os obxectivos a todos os niveis, e que as nosas accións contribuirán a acadar os obxectivos estratéxicos do noso territorio, os da Comunidade Autónoma de Galicia e os da Unión Europea en materia de Desenvolvemento Rural.

- **Prioridades Estratéxicas en materia de Desenvolvemento Rural establecidas pola Comisión:**
  - Obxectivo 1: Fomentar a transferencia de coñecemento e innovación nos sectores agrarios e forestais e nas zonas rurais.
  - Obxectivo 2: Mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a competitividade de todos os tipos de agricultura e promover tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sustentable.
  - Obxectivo 3: Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e comercialización de produtos agrarios.
  - Obxectivo 4: Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura.
  - Obxectivo 5: Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.
  - Obxectivo 6: Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico das zonas rurais.

Xunto a estas prioridades establece tamén uns obxectivos transversais en todas as actuacións de desenvolvemento rural para que contribúan á innovación, á conservación e mellora do ambiente e a mitigación e adaptación ao cambio climático.

		PRIORIDADES ESTRATÉXICAS DESENVOLVEMENTO RURAL COMISIÓN EUROPEA					
		Obxectivo 1	Obxectivo 2	Obxectivo 3	Obxectivo 4	Obxectivo 5	Obxectivo 6
		→	→	→	→	→	→
OBXETIVOS ESTRATÉXICOS S ADR MAIV – BAIXO MIÑO PROGRAMA LEADER 2014/2020	1. Competitividade Territorial →						
	2. Patrimonio Cultural →						
	3. Espazos Naturais e Biodiversidade →						
	4. Formación e Emprego →						
	5. Calidade Vida e Servizos Poboación →						
	6. Tecido Empresarial →						
	7. Sector Primario →						
	8. Sector Turístico →						
	9. Novas Tecnoloxías →						
	10. Gobernanza Multinivel →						

- **Prioridades Estratéxicas en materia de Desenvolvemento Rural do PDR de Galicia a través do Programa Leader:**
  - Prioridade 1: Mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural.
  - Prioridade 2: Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecer a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.

- Prioridade 3: Favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos /as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.
- Prioridade 4: Garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural mediante un coidado e utilización adecuados dos recursos naturais.
- Prioridade 5: Potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio.
- Prioridade 6: Contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

		PRIORIDADES ESTRATÉXICAS DESENVOLVEMENTO RURAL PDR GALICIA → PROGRAMA LEADER					
		Prioridade 1	Prioridade 2	Prioridade 3	Prioridade 4	Prioridade 5	Prioridade 6
		→	→	→	→	→	→
OBXECTIVOS ESTRATÉXICO S ADR MAIV – BAIXO MIÑO PROGRAMA LEADER 2014/2020	1.Competitiva de Territorial →						
	2.Patrimonio Cultural →						
	3.Espazos Naturais e Biodiversidade →						
	4.Formación e Emprego →						
	5.Calidade Vida e Servizos Poboación →						
	6.Tecido Empresarial →						
	7.Sector Primario →						
	8.Sector Turístico →						
	9.Novas Tecnoloxías →						
	10.Gobernanza Multinivel →						

## 8.- Liñas de actuación

### 8.1.- Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe

#### 8.1.1.- Ordenación e posta en valor do patrimonio rural

Tipoloxía de Proxectos:

- Protección e posta en valor do patrimonio natural
- Actuacións en espazos dentro da Rede Natura 2000
- Protección e posta en valor do patrimonio cultural
- Recuperación de áreas degradadas
- Erradicación de especies invasoras
- Construción de miradoiros
- Itinerarios naturais e culturais
- Rutas de sendeirismo homologadas
- Creación de espazos recreativos
- Recuperación de áreas degradadas baixo as liñas eléctricas
- Accesibilidade aos recursos patrimoniais e a súa interpretación
- Fomento do uso social, recreativo e educativo do patrimonio
- Creación de centros de referencia forestais con aulas de interpretación do medio natural, o monte, o patrimonio, etnográficos...
- Granxas escolas que combinen turismo con actividades no medio rural

#### 8.1.2.- Promoción das enerxías renovables e dos usos eficientes

Tipoloxía de Proxectos :

- Implantación de enerxías renovables nas empresas e nas entidades sociais
- Implantación de plans de mellora da eficiencia enerxética nas empresas e nas entidades sociais
- Aproveitamento de biomasa forestal residual



### 8.1.3.- Accións de valorización da paisaxe tradicional

Tipoloxía de Proxectos:

- Accións piloto de recuperación e melloras silvícolas e pastorís nos montes como ferramenta medio ambiental
- Accións de restauración forestal de alto valor natural e paisaxístico e da conservación da biodiversidade
- Creación de espazos de interese paisaxístico
- Mellora paisaxística de espazos degradados

## 8.2.- Creación e mellora dos servizos á poboación e inclusión social

### 8.2.1.- Creación e modernización de infraestruturas que contribúan á mellora do benestar da poboación

Tipoloxía de Proxectos:

- Centros asistenciais á colectivos con necesidades específicas (garderías, centros de día, residencias, centros para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais....)
- Creación, rehabilitación e modernización de centros ou espazos culturais, locais sociais, etc...

### 8.2.2.- Creación de servizos complementarios que melloren a calidade de vida

Tipoloxía de Proxectos :

- Servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte, á cultura...
- Apoio á cooperación medio ambiental como ferramenta para a reinserción social
- Transporte adaptado para as persoas con discapacidade

## 8.3.- Mellora da competitividade, diversificación produtiva e innovación

### 8.3.1.- Promoción do sector agrogandeiro

Tipoloxía de Proxectos :

- Creación de explotacións agrogandeiras como actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar

- Emprego de enerxías renovables e mellora de eficiencia enerxética nas explotacións e accións de innovación nas explotacións do sector agrario
- Transformación e comercialización de produtos agrarios
- Mellora de sectores estratéxicos como o viveirismo, a vitivinicultura e a kiwicultura
- Creación de plataformas físicas e/ou dixitais para a comercialización de produtos do medio rural

#### 8.3.2.- Promoción do sector forestal

Tipoloxía de Proxectos :

- Creación de explotacións forestais como actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar
- Diversificación da actividade produtiva dos montes e innovación para creación de novos produtos
- Transformación e comercialización de produtos forestais

#### 8.3.3.- Posta en valor dos produtos locais e de proximidade

Tipoloxía de Proxectos :

- Proxectos de promoción e comercialización conxunta
- Creación de establecementos de venda especializada en produtos de proximidade

#### 8.3.4.- Creación, modernización e ampliación de pequenas empresas

Tipoloxía de Proxectos :

- Creación de empresas de diversos ámbitos non agrarios
- Modernización e ampliación de empresas existentes
- Comercio polo miúdo
- Melloras tecnolóxicas, e commerce, socialmedia...

#### 8.3.5.- Apoio a iniciativas empresariais de carácter asociativo

Tipoloxía de Proxectos :

- Creación de servizos para as empresas
- Creación, ampliación e modernización de infraestruturas para as empresas
- Apoio ao cooperativismo en iniciativas empresariais en montes de particulares

- Apoio a proxectos empresariais recoñecidos pola Administración como singulares
- Creación de centros que posibiliten a vertebración do tecido produtivo, estimulen a participación así como a cooperación entre as empresas

#### 8.3.6.- Fomento das actividades turísticas

Tipoloxía de Proxectos :

- Creación de establecementos hoteleiros
- Creación de establecementos de restauración en edificacións emblemáticas e/ou tradicionais
- Modernización de establecementos turísticos existentes
- Creación de actividades complementarias ao turismo existente
- Actividades recreativas e de animación turística
- Actividades de aventura , natureza, deportivas...
- Actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural...
- Actividades de divulgación dos oficios tradicionais

### 8.4.- Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio

#### 8.4.1.- Formación para o emprego: mellorar os nosos recursos humanos

Tipoloxía de Proxectos :

- Formación / asesoramento a emprendedores
- Formación / asesoramento en economía social
- Formación e acceso as novas tecnoloxías e redes sociais
- Accións facilitadoras para acceder ás competencias clave e aos certificados de profesionalidade para as persoas con risco de exclusión social (Cooperación)
- Formación orientada a xeración de novos empregos verdes (agroecoloxía, sector forestal, restauración paisaxística, enerxías renovables, eficiencia enerxética, educación ambiental)
- Formación vinculada coas necesidades da poboación (asistencia persoal e socio sanitaria, conciliación, igualdade, cultura, patrimonio, ocio, gastronomía...)
- Formación necesaria para cubrir novos nichos de mercado

#### 8.4.2.- Formación sectorial: mellorar as nosas empresas

Tipoloxía de Proxectos :

- Formación / asesoramento en xestión empresarial
- Formación / asesoramento en marketing e comercio exterior
- Formación en novas tecnoloxías, social media e responsabilidade social empresarial
- Networking: lograra a colaboración interempresarial para aproveitar as sinerxías entre os actores económicos do territorio e fomentar a creación de redes de traballo
- Formación especializada no sector agrogandeiro, agroalimentario e forestal
- Formación especializada no turismo (calidade, accesibilidade, comercialización...)
- Formación especializada nos servizos á poboación
- Formación especializada no ámbito profesional de especial incidencia, cara a mellorar a competitividade das empresas como deseño industrial, fabricación industrial...
- Formación de estudos de identificación de residuos industriais e proposta de activación para a xestión conxunta dos residuos
- Formación en accesibilidade para os técnicos/técnicas municipais

#### 8.5.- Dinamización do territorio fomentando a participación da poboación no desenvolvemento rural (19.4.B: Animación)

Tipoloxía de Proxectos :

- Difusión do Programa Leader no territorio
- Encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos culturais, deportivos, gastronómicos, encontros ou cartaces de arte...
- Estudos, informes, publicacións, plans estratéxicos para sectores clave como o primario....
- Mapas, guías, páxina Web.....
- Viaxes e presenza en feiras, eventos
- Sinalización turística, rutas...

- Dixitalización dos lindes e dos recursos múltiples dos montes
- Accións de sensibilización medio ambientais con especial atención ao cambio climático e á perda da biodiversidade e á recuperación paisaxística; para a dignificación do traballo agrario entre a poboación...
- Campañas de participación para difundir o sector agrario entre a mocidade
- Creación de imaxe de marca territorial e sensibilización á poboación
- Creación dunha identificación directa sobre o produto local e de proximidade mediante un selo ou marca Km 0

### **9.- Limitacións sectoriais ás Liñas de Actuación do GDR 14:**

Segundo á *Resolución do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader Galicia para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020*, se establecen unha serie de limitacións sectoriais á hora de aplicar as nosas liñas de actuación no territorio, posto que ditas medidas están contempladas noutras actuación dos PDR de Galicia e serán apoiadas por outros organismos das diferentes consellerías. Consecuentemente relatamos a continuación as limitacións sectoriais establecidas nestas Bases Reguladoras publicadas no DOGA o día 2 de marzo de 2016 por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

**Non serán subvencionables** polo Programa Leader na aplicación da nosa estratexia:

- Como norma xeral os proxectos encadrables no sector da produción agraria primaria (agrícola, gandeira e forestal). Neste senso so se poderán apoiar proxectos de xeración dunha actividade agraria complementaria á actividade principal non agraria dunha unidade familiar e que consista en pequenos investimentos.
- Os proxectos referidos á xestión de residuos procedentes de produción agrícola e gandeira.
- Non serán subvencionables os proxectos que carezan de viabilidade técnica ou financeira, e nos proxectos produtivos requirirase a viabilidade económica. Tampouco os proxectos que non se axusten á normativa sectorial que lles resulte de aplicación, os que non sexan finalistas, os que estean iniciados e aqueles cuxo investimento se localice en territorio non elixible.
- No ámbito da formación, unicamente serán subvencionables os proxectos promovidos polo GDR e que se dirixan especificamente á poboación activa do territorio coa finalidade de incrementar a empregabilidade da poboación.

**Limitacións sectoriais** aplicables a nosa estratexia, determinadas en parte polas Bases Reguladoras, e polas necesidades detectadas polo Grupo na elaboración da estratexia:

- En investimentos vinculados con establecementos turísticos e actividades do sector da hostalaría rexerá un convenio de colaboración entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia de obrigado cumprimento para os nosos proxectos.
- En investimentos no sector das enerxías renovables, quedan excluídos os destinados á xeración para venda á rede.
- Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios /e /ou forestais quedan totalmente excluídos.
- En investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturerías, lavandaría, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividades asimilada do sector servizos) asociada á xeración dunha actividade económica (proxectos produtivos) so será subvencionable a modernización e ampliación en todo o territorio elixible, mentres que a creación destes servizos so se subvencionará naqueles concellos nos que se demostre que non existe o mesmo servizo a través dun certificado municipal onde conste a inexistencia deste servizo a efectos do epígrafe do Censo Nacional de Actividades Económicas (CNAE).
- En investimentos no sector comercio polo miúdo serán subvencionables de forma xeral en todo o territorio do GDR 14, a creación de establecementos destinados á venda e promoción de recursos endóxeos (produtos elaborados no territorio do GDR 14), mentres que para o resto do comercio polo miúdo so será subvencionable naqueles espazos onde non se conte coa mesma tipoloxía de comercio (que vendan os mesmos produtos), tomando como referencia para a limitación o nivel parroquial e xustificando a inexistencia deste comercio a través do certificado municipal a efectos do epígrafe do Censo Nacional de Actividades Económicas (CNAE).
- En canto á modernización e ampliación do comercio polo miúdo so se subvencionarán estas actuacións localizadas fora dos cascos urbanos dos concellos, coa excepción daqueles establecementos que se localicen en edificios emblemáticos e / ou tradicionais dos cascos urbanos (pazos, casas grandes, casas indianas, patrimonio industrial e outros edificios patrimoniais catalogados). Quedan excluídos os cascos urbanos de Sanguñeda (Mos), Nigrán, San Pedro da Ramallosa (Nigrán), Baiona, Gondomar, Tomiño e Tui.
- En investimentos en centros e locais sociais e casas culturais, so serán subvencionables a creación naquelas parroquias onde non existan ditas instalacións, mentres que a modernización, ampliación e mellora destes centros serán subvencionables en todo o territorio, tendo en conta que a contía máxima non poderá superar os 50.000,00 € de axuda por proxecto.

## 10.- Distribución dun plan de acción que demostre o modo en que os obxectivos se poden traducir en accións concretas

(Anexo PIII.1)

## 11.- Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento aplicados no territorio

Dentro do territorio elixible para a nosa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa debemos ter en conta a coexistencia na mesma área doutro Programa de Desenvolvemento xestionado polo **Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro** (GALP Ría de Vigo – A Guarda) ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca, coa finalidade de que non se produza un sobre financiamento naqueles territorios onde se poden aplicar ámbalas dúas estratexias e xerar desequilibrios con aqueloutros territorios onde so se aplica a nosa Estratexia de Desenvolvemento Rural.

Non todo o territorio do noso GDR 14 é encadrable dentro das accións do GALP Ría de Vigo – A Guarda, polo que a continuación establecemos a relación de espazos onde coexistirán ambos fondos.

Concello de A Guarda
Concello de O Rosal
Concello de Oia
Concello de Baiona
Concello de Nigrán
Concello de Redondela

Para o establecemento do baremo polo que serán valorados os proxectos do Programa Leader no período 2014 – 2020, se tivo en conta a circunstancia da coexistencia de ambos fondos nestes concellos, e a maiores elaboramos un estudo detallado en relación a aquelas actuacións que o GALP establece como subvencionables dentro da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa aprobada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con data 25 de xaneiro de 2016.

Segundo se establece na Estratexia do GALP Ría de Vigo – A Guarda os obxectivos estratéxicos son os seguintes, podendo constatar a súa gran incidencia sobre o sector pesqueiro é mariño, e como naqueles obxectivos coincidentes cos obxectivos do noso grupo de desenvolvemento rural se limitan as actuacións, ás zonas exclusivamente pesqueiras, e non á totalidade do concello, a pesar de estarlles permitido subvencionar proxectos en todo o territorio dos concellos con costa.

- **Obxectivo Estratéxico 1:** Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas

as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

- **Obxectivo Estratéxico 2:** Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

- **Obxectivo Estratéxico 3:** Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

- **Obxectivo Estratéxico 4:** Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.

- **Obxectivo Estratéxico 5:** Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

- **Obxectivo estratéxico 6:** Fomento da cooperación.

Os obxectivos estratéxicos do GALP teñen por finalidade acadar uns obxectivos específicos e consideramos oportuno enumeralos, posto que nos determinan máis concretamente aquelas accións ou proxectos nos que poderemos concorrer ámbolos dous fondos:

Obxectivos específicos:

**Obxectivo específico 1.1:** Introducir procesos innovadores na produción, comercialización e distribución de produtos locais do mar.

**Obxectivo específico 2.1:** Contribuír á valorización dos produtos pesqueiros locais, a través de novos aproveitamentos, o incremento do seu valor engadido, o posicionamento claro no mercado e o fomento do coñecemento entre a poboación.

**Obxectivo específico 2.2:** Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.

**Obxectivo específico 3.1:** Acadar a conservación do medio natural na zona costeira.

**Obxectivo específico 3.2:** Concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir ás emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética

**Obxectivo específico 4.1:** Aumentar a implicación e sensibilización da poboación sobre a importancia do patrimonio pesqueiro da zona.

**Obxectivo específico 4.2:** Acadar maiores cotas de igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mocidade.

**Obxectivo específico 5.1:** Poñer en práctica instrumentos para conseguir un maior empoderamento do sector para acadar un maior desenvolvemento da zona pesqueira



**Obxectivo específico 6.1:** Incrementar a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio do GALP para reforzar a sinerxía e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras.

Realizado este análise, comprobamos como existen concretamente 5 obxectivos estratéxicos específicos na Estratexia do GALP que poden subvencionar ou executar actuacións que poderían de igual forma ser encamiñadas a través do Programa Leader. Trátase dos obxectivos estratéxicos específicos:

- 2.2: Conseguir a creación novos de produtos e servizos turísticos intersectoriais.
- 3.1: Concienciar a axentes e entidades da zona pesqueira da necesidade de reducir ás emisións contaminantes ao medio ambiente e incrementar o uso de enerxías alternativas e a eficiencia enerxética.
- 3.2: Acadar a conservación do medio natural na zona costeira.
- 4.2: Acadar maiores cotas de igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mocidade.
- 6.1: Incrementar a cooperación entre entidades do territorio e de fóra do territorio do GALP para reforzar a sinerxía e o establecemento de redes, na mellora dos diferentes sectores e no desenvolvemento das zonas pesqueiras.

A estes efectos, e para determinar e asegurar un nivel de investimento equilibrado nos territorios de actuación coincidentes e evitar o sobre financiamento, o noso GDR 14 e o GALP Ría de Vigo- A Guarda, tiveron a ben establecer xa no programa anterior un convenio de colaboración. Para este novo período do Programa Leader 2014 – 2020 se establecerá un novo convenio que rexerá a creación dunha Comisión Conxunta de Coordinación entre ambas entidades. Asemade o procedemento a seguir será o seguinte:

Cando se trate de proxectos encadrables dentro dos obxectivos de ambos programas e nos territorios comúns, reunirse a **Comisión Conxunta de Coordinación** formada por membros das Xuntas Directivas do GDR e do GALP con asesoramento dunha **Mesa de Traballo** constituída por persoal técnicos dos dous grupos que determinarán á estratexia máis axeitada para que o promotor/a presente o seu proxecto e se asegurarán de que un mesmo proxecto non opte ás axudas das dúas estratexias de desenvolvemento local.

No mesmo apartado debemos facer constar tamén a coherencia e complementariedade do noso Programa Leader 2014 – 2020 coas iniciativas e proxectos a desenvolver pola **Axencia de Turismo de Galicia**.

Neste senso, nos rexeremos polo acordo de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a coordinación das actuacións públicas con incidencia no sector turístico promovidas no territorio de Galicia, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014 – 2020.

Finalmente debemos ter en conta tanto para a planificación como para a definición e posteriormente, para a execución da nosa estratexia as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) coa finalidade de definir un modelo territorial establecendo unhas pautas espaciais de asentamento das actividades dende unha perspectiva sostible, aspirando a

contribuír a unha maior eficiencia do noso sistema produtivo así como a posta en valor e protección do noso patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Xunto con estas Directrices, tamén se tiveron e terán en conta o Plan de Ordenación Litoral (POL), posto que nos atopamos nun GDR no que como anteriormente se explicou detalladamente conflúen o GDR e o GALP, por contar dentro do noso territorio con concellos costeiros.

## 12.- Plan de formación

O GDR e a súa poboación teñen decidido apostar na estratexia deste novo período pola formación como principal ferramenta para incrementar a capacitación para o emprego da súa poboación activa, a través da submedida 19.2 do Programa Leader: implantación de operacións de proxectos de formación promovidos polos GDR.

Asemade, durante todo o proceso participativo de elaboración da estratexia, foron moitas as ocasións nas que se tratou o tema da formación e as necesidades formativas detectadas no territorio. A decisión de apostar pola formación para o noso capital humano queda xustificada en base as seguintes reflexións:

Durante a **fase de diagnóstico** constatamos como o baixo nivel formativo e de cualificación de determinados colectivos fora de idades escolar é un dos principais problemas para a súa inserción laboral. A día de hoxe aínda está presente no noso territorio, dificultando a posterior inserción laboral da poboación moza o abandono escolar, e o maior dos problemas que detectamos é o da poboación con idades superiores aos 45 anos, que non contan cunha formación ou cualificación profesional e polo tanto constitúen colectivos de difícil inserción laboral. Tamén debemos falar da necesidade detectada de profesionais para as nosas empresas que non contan coa formación necesaria para ocupar determinados postos de traballo, ou empresas ou sectores que non acadan a capacidade para poder formar ao persoal e deste xeito modernizar as súas actividades e poder competir no mercado.

Na **análise DAFO** atopamos nas nosas **Debilidades** os factores clave que nos fan apostar pola formación da nosa poboación activa:

**D22.** Incremento da taxa de paro nos últimos anos: nivel de desemprego por encima da media galega. Desemprego feminino superior ao masculino. Desemprego xuvenil

**D26.** Dificultades de acceso ao mercado laboral (baixa formación e cualificación profesional sobre todo en persoas desempregadas e en risco de exclusión social), unido a unha forte desmotivación e falta de autoestima sobre todo entre a poboación moza

**D28.** Escaso nivel de formación académica de determinados colectivos (poboación en xeral e máis pronunciado entre os colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social), tanto xeral como específica

**D29.** Baixa cualificación profesional para acceder ao mercado laboral (poboación en xeral e máis pronunciado entre os colectivos desfavorecidos). Dificultade de acceso á

formación asociada á certificación de profesionalidade esixido para a maior parte dos empregos

**D30.** Falta de formación empresarial

**D31.** Ausencia de melloras para a integración laboral das persoas con risco de exclusión social, e incremento do risco de exclusión deste colectivo

**D32.** Incremento da poboación en risco de exclusión social e en situación de carencias materiais e carencias materiais severas

**D38.** Escasa ou deficiente formación no sector servizos de forma xeral e concretamente no turismo, con escasa colaboración entre os axentes implicados

**D50.** Atomización empresarial, predominio de pequenas empresas e escaso acceso á innovación e ás novas tecnoloxías

**D51.** Presenza de servizos tradicionais de baixa produtividade e sen adaptar ás necesidades actuais da poboación

**D52.** Estacionalidade e crise dos sectores produtivos e ausencia de alternativas para combater este feito (agricultura, pesca, construción, turismo...)

**D53.** Inexistencia dunha rede ou banco de datos que puidese facilitar as oportunidades de negocio entre emprendedores e empresas no rural

**D54.** Deficiencias ou ausencia de procesos de transformación e comercialización do sector primario no noso territorio. Necesidade de pechar os ciclos produtivos

Estas debilidades a través da Matriz CAME nos fixeron partícipes das **Necesidades** do territorio e do potencial, establecendo que a formación e a cualificación poden ser unha das principais ferramentas para o desenvolvemento do noso territorio:

**N5.** Formación e orientación en xeral, cualificación profesional, motivación e loita contra a exclusión social no acceso ao mercado laboral

**N17.** Sensibilizar e formar á poboación nas novas metodoloxías de formación e inserción laboral

**N18.** Integración social e económica dos colectivos con risco de exclusión social. Identidade e tolerancia

**N8.** Apoio á actividade económica local e loita contra o desequilibrio territorial potenciando aquelas zonas máis desfavorecidas nas estratexias de diversificación económica

**N9.** Dinamización, modernización e innovación do comercio local e dos produtos de proximidade. Adaptación ás necesidades do mercado e fomento do emprendemento. Concienciación sobre a importancia do comercio local

**N10.** Potenciar a xeración de emprego verde, o uso das enerxías renovables e a eficiencia enerxética

**N19.** Incrementar a competitividade e a innovación das nosas empresas e dotalas de servizos, xerar emprego, apoiar o emprendemento, pechar os ciclos produtivos dentro do propio territorio e establecer estratexias conxuntas de comercialización e distribución

**N27.** Fortalecer o emprendemento, a innovación e a investigación, a diversificación económica, e especialización nas actividades existentes e fomentando o comercio local de proximidade.

Deste xeito chegamos ao establecemento dos nosos **Obxectivos Estratéxicos** que contemplan como *Obxectivo 4*:

*“ Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral”*

A nosa estratexia polo tanto contempla dentro das nosas **Liñas de Actuación**, que son aquelas que nos axudarán a acadar os obxectivos estratéxicos a seguinte liña destinada á formación e a cualificación da nosa poboación activa centrada en dous ámbitos concretos de actuación, os recursos humanos en xeral (enfocado á poboación activa parada) e a mellora da cualificación nas nosas empresas (enfocado á poboación activa ocupada):

#### **“8.4.- Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio**

##### *8.4.1.- Formación para o emprego: mellorar os nosos recursos humanos*

*Temáticas :*

*Formación / asesoramento a emprendedores*

*Formación / asesoramento en economía social*

*Formación e acceso as novas tecnoloxías e redes sociais*

*Accións facilitadoras para acceder ás competencias clave e aos certificados de profesionalidade para as persoas con risco de exclusión social (a través do Proxecto de Cooperación Leader “Potenciando Capacidades no Rural”)*

*Formación orientada a xeración de novos empregos verdes (agroecoloxía, sector forestal, restauración paisaxística, enerxías renovables, eficiencia enerxética, educación ambiental)*

*Formación vinculada coas necesidades da poboación (asistencia persoal e socio sanitaria, conciliación, igualdade, cultura, patrimonio, ocio, gastronomía...)*

*Formación necesaria para cubrir novos nichos de mercado*

##### *8.4.2.- Formación sectorial: mellorar as nosas empresas*

*Temáticas :*

*Formación / asesoramento en xestión empresarial*

*Formación / asesoramento en marketing e comercio exterior*

*Formación en novas tecnoloxías, social media e responsabilidade social empresarial*

*Networking: lograr a colaboración interempresarial para aproveitar as sinerxías entre os actores económicos do territorio e fomentar a creación de redes de traballo*

*Formación especializada no sector agrogandeiro, agroalimentario e forestal*

*Formación especializada no turismo (calidade, accesibilidade, comercialización...)*

*Formación especializada nos servizos á poboación*

*Formación especializada no ámbito profesional de especial incidencia, cara a mellorar a competitividade das empresas como deseño industrial, fabricación industrial...*

*Formación de estudos de identificación de residuos industriais e proposta de activación para a xestión conxunta dos residuos*

*Formación en accesibilidade para os técnicos/técnicas municipais"*

O noso GDR sendo consciente de que a formación que se impartirá a través do noso grupo conta cun orzamento limitado e que non podemos atender á totalidade de necesidades do territorio, ten a necesidades de priorizar aquelas actuacións que se desenvolvan neste apartado. Deste xeito, plantexamos a creación dunha **Comisión Conxunta de Coordinación para a Formación** entre o GDR, os nosos Concellos a través dos Axentes Locais de Emprego, e as asociacións sectoriais e empresariais existentes no territorio. Entre todos asinaremos un convenio de colaboración.

Coa finalidade de coordinar e establecer as accións formativas, que se desenvolverán nas anualidades entre 2017 e 2020, cada inicio de ano dita Comisión se reunirá e decidirá en base ás necesidades detectadas para esa anualidades as accións formativas que se desenvolverán a través do Programa Leader, que serán todas elas impartidas presencialmente.

Podemos establecer xa os requisitos para poder acceder á formación priorizando en base ao noso diagnóstico e ás necesidades do nosos territorio:

- Formación para persoas activas paradas: colectivo de persoas desempregadas, con máis de 45 anos e residentes no territorio do GDR 14.
- Formación para persoas activas ocupadas: colectivo de persoas ocupadas no noso territorio e residentes no GDR 14.

Tendo en conta que a formación que se realizará a través do GDR será limitada en base ao orzamento dispoñible para esta acción, consideramos que o principal obxectivo a acadar é a inserción laboral, facilitando a cualificación no caso das persoas paradas e mellorando a cualificación no caso das persoas ocupadas. Asemade establecemos que para a formación do colectivo de persoas activas ocupadas, as accións se basearán nas necesidades das propias

empresas do territorio, polo que nas accións destinadas a empresas concretas poderá solicitarse compromiso de contratación no caso de formar a persoas paradas e de mantemento do emprego se se trata de formación para persoas ocupadas.

A captación de alumnos e publicidade das accións formativas serán realizadas dende o GDR, dende os concellos e dende as asociacións sectoriais e empresariais do territorio.

Para a selección tanto das persoas a formar como do profesional que imparta a formación (que será tecnicamente competente para impartir a formación e contará coa certificación de formador de formadores ou asimilado), a Comisión de Formación será a encargada de establecer as bases e nomear un tribunal para o proceso selectivo.

Sinalizar que o persoal que se encargue de impartir a formación non contraerá ningún tipo de relación contractual co GDR polo que nesas bases estableceremos que o persoal formador deberá ser un traballador autónomo ou unha empresa.

A localización exacta dos espazos nos que se desenvolverán as nosas accións formativas estarán por determinar en cada unha das comisións de planificación da formación de cada ano, pero a través do convenio de colaboración cos Concellos estableceremos a cesións das aulas homologadas dos concellos de forma gratuíto para a celebración da nosa formación. Naqueles cursos onde necesitemos unhas condicións específicas para o desenvolvemento da actividades formativa, solicitaremos nas bases de contratación para o persoal formador (empresa) que dispoña do espazo necesario e adaptado ás necesidades desa acción formativa.

Os custos estimados das accións formativas se establecerán seguindo o criterio do Réxime de Axudas do Programa Leader para o período 2014 – 2020. Asemade tendo en conta o orzamento anual para a acción formativa de 25.000,00 € como se presenta no cadro orzamentario total da Estratexia, cada ano destinaremos esta cantidade a realizar as accións prioritarias que detectemos no noso territorio.

Co fin de asegurar a complementariedade das nosas accións formativas e optimizar a utilización dos nosos recursos so realizaremos accións formativas en ámbitos non cubertos polo Fondo Social Europeo (FSE). Polo tanto teremos en conta os cursos impartidos polos nosos concellos e entidades do noso territorio a través dos diversos programas existentes (obradoiros de emprego, cursos AFD, formación para o emprego...), coa finalidade de non sobre ofertar as mesmas accións en cada unha das nosas anualidades formativas.

En todas as accións que desenvolvamos dentro deste apartado que teñen por finalidade formar e mellorar a cualificación profesional da nosa poboación para facilitar a súa inserción laboral e incrementar a competitividade das nosas empresas a través da cualificación, se terá sempre en conta a loita contra a pobreza e a exclusión social e laboral.



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

# Parte 4

## Plan de cooperación con outros territorios

## Índice de Contidos Parte 4:

### Plan de cooperación con outros territorios

<b>1.- Obxectivos e actuacións previstas</b>	<b>143</b>
1.1.- Cooperación con outros grupos de desenvolvemento local	144
1.2.- Outros proxecto de Cooperación	147
<b>2.- Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia...</b>	<b>148</b>
<b>3.- Estratexia: Proxectos concretos como grupo coordinador</b>	<b>149</b>
3.1.- Potenciando Capacidades no Rural	149
<b>4.- Estratexia: Proxectos concretos como socio de proxecto</b>	<b>154</b>
4.1. - "Rede de Territorios forestalmente sostibles"	156
4.2.- "Novos produtos turísticos para diversificar a oferta: Turismo científico	156
4.3.- "Formación orientada ao emprendemento no sector primario ...	156
4.4.- "Porque los pequeños, hecemos grandes cosas"	156
4.5.- "Red Europea de Rutas Gastronómicas Rurales"	156
4.6.- "Star – up Rural"	157
4.7.- "Territorios Rurales Inteligentes"	157
4.8.- "Turismo Astronómico"	157
<b>5.- Repercusión do plan de cooperación</b>	<b>157</b>
<b>6.- Previsión financeira</b>	<b>161</b>



A cooperación entre Grupos de Desenvolvemento Local tanto a nivel rexional como a nivel nacional e internacional ten demostrado ao longo dos anos que é a canle principal para intercambiar e transferir boas prácticas e coñecementos entre os territorios e ten apoiado ao noso traballo conxunto coa finalidade de detectar situacións ou necesidades similares e buscar solucións conxuntamente.

O noso GDR e a súa poboación teñen decidido apostar pola cooperación como ferramenta para o noso desenvolvemento a pesar de non ser obrigatorio neste novo período 2014 – 2020, que os grupos de desenvolvemento local traballen en proxectos de cooperación.

A diferenza con outros períodos comunitarios onde existía unha convocatoria nacional para presentar candidaturas ou propostas de proxectos de cooperación, neste novo período de programación, no noso caso será a Autoridade de Xestión do Programa Leader en Galicia (AGADER) a que estableza a convocatoria de axudas para os proxectos de cooperación dentro da nosa Comunidade Autónoma.

Polo tanto, considerando oportuno traballar xunto a outros territorios en proxectos de cooperación e sendo coñecedores a través do PDR de Galicia da convocatoria a nivel rexional desta tipoloxía de proxectos, o GDR 14 establece dentro da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo un **Plan de Cooperación** con outros territorios.

Dentro deste plan establecemos as nosas prioridades de cooperación e a estratexia que seguiremos para acadar os nosos obxectivos, e a maiores dos proxectos de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural, establecemos unha segunda liña de cooperación a través doutra tipoloxía de proxectos cofinanciados con fondos comunitarios. Esta decisión se basea na nosa localización de fronteira con Portugal e polo tanto tamén apostaremos pola cooperación transfronteiriza como ferramenta de intercambio de experiencias e desenvolvemento e posta en valor dos nosos espazos de fronteira.

## 1.- Obxectivos e actuacións previstas

O obxectivo xeral do noso Plan de Cooperación é traballar en rede xunto a outros territorios dentro da Unión Europea identificando necesidades comúns e buscando solucións conxuntamente.

Este obxectivo xeral se traduce nos seguintes obxectivos específicos:

- Intercambiar experiencias entre os diferentes territorios cos que cooperemos
- Sumar esforzos entre todas as poboacións coa finalidade de acadar éxito nas nosas estratexias territoriais de forma xeral e concretamente nos proxectos de cooperación que poñamos en marcha
- Dar resposta ás necesidades ou problemas comúns conxuntamente
- Transferir os coñecementos acadados e / ou as boas prácticas dos nosos proxectos de cooperación con outros territorios, facilitando a súa aplicación e asegurando a transferibilidade

- Establecer estruturas permanentes de cooperación tanto dentro do noso territorio como cos territorios cos que cooperemos
- Asegurar a complementariedade e a coherencia entre os proxectos de cooperación nos que traballemos cos obxectivos da nosa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa.
- Involucrar a entidades privadas nos proxectos de cooperación que poñamos en marcha na busca dunha maior continuidade e mantemento dos resultados obtidos no territorio

### 1.1.- Cooperación con outros grupos de desenvolvemento local:

O GDR ten analizado varias propostas de proxectos de cooperación, e asistidos a diferentes eventos de intercambio de experiencias entre Grupos de Desenvolvemento Rural, a través das ferramentas facilitadas pola Red Rural Nacional, coa finalidade de dar a coñecer os proxectos que o noso GDR ten intención de executar a posibles socios en cooperación, así como coñecer iniciativas de outros territorios que podan ser interesantes e / ou de utilidade para o noso territorio e que encaixen coa nosa estratexia de desenvolvemento local.

O traballo de elaboración do noso Plan de Cooperación para este novo período foi iniciado a finais do ano 2015 a través das seguintes accións:

#### 1.1.1.- II Intercambio de Experiencias Leader no territorio (Navarra, 7 e 8 de Outubro de 2015)

Este intercambio de experiencias organizado pola Red Rural Nacional tiña como finalidade crear sinerxías entre os Grupos de Desenvolvemento Rural das distintas Comunidades Autónomas e favorecer a cooperación entre os grupos, así como intercambiar coñecementos e iniciativas que se puideran desenvolver no novo período comunitario. O noso GDR participou neste evento e coñeceu experiencias de outros territorios e puxo de manifesto a súa intención de cooperar no novo Programa Leader 2014 – 2020.



*Foto de Grupo Intercambio Experiencias en Navarra*

### 1.1.2.- Evento Leader – Cooperación Interterritorial y Transnacional da Red Rural Nacional en (Madrid, 26 de Novembro de 2015)

O obxectivo da Red Rural Nacional neste evento foi facilitar o intercambio de ideas e propostas en materia de cooperación Leader, e especialmente poñer a semente dos futuros proxectos de cooperación interterritorial para o período 2014-2020. A Red outorgounos a posibilidade de presentar ideas de proxectos concretos que quixésemos desenvolver nos nosos territorios, para que os demais grupos os coñeceran e desta forma captar posibles socios para levar adiante o noso proxecto.

O noso GDR decidiu presentar neste evento en Madrid un proxecto denominado “Potenciando Capacidades no Rural”, que versa sobre a mellora da formación e da cualificación profesional das persoas en risco de exclusión social e con baixo nivel de formación e cualificación no medio rural, a través dunha plataforma Web adaptada e que busca a inserción laboral con éxito deste colectivo. A iniciativa foi acollida con interese tanto pola Red Rural como por outros Grupo de Desenvolvemento Rural. Asemade neste evento coñecemos outras iniciativas que poderían ser interesantes para o noso territorio e que encaixan totalmente dentro da nosa estratexia e nos poden axudar a acadar os nosos obxectivos estratéxicos.



*O noso GDR presentando “Potenciando Capacidades no Rural” no Evento Leader (Madrid)*

### 1.1.3.- III Intercambio de Experiencias Leader no territorio (Tomiño, 16 e 17 de Xuño de 2016)

Evento organizado pola Red Rural Nacional no noso territorio coa finalidade de continuar o traballo de cooperación, sobre o noso proxecto “Potenciando Capacidades no Rural”. A Red nos facilitou os medios, para que os diferentes grupos interesados no noso proxecto de cooperación, puidéramos traballar conxuntamente no proxecto e seguir avanzando. Neste evento estiveron presentes grupos de desenvolvemento rural de Andalucía, Extremadura, Cantabria, Castilla la Mancha, Asturias, Galicia e Portugal, polo que o proxecto adquiriu carácter transnacional. As conclusións establecidas nesta reunión foron continuar a traballar no noso proxecto, establecendo unha axenda de traballo e tarefas a realizar, e aproveitar as ferramentas que a Red pon a nosa disposición (tanto presenciais, como telemáticas), para poder candidatar o noso proxecto de cooperación nos diferentes territorios. Debemos

resaltar tamén que de entre todos os proxectos presentados en Madrid, a Red seleccionou o noso proxecto para organizar en torno a el este evento, sendo o primeiro que se realizou na anualidade 2016. Os traballos conxuntos para avanzar na definición e nas accións do proxecto serán realizados telematicamente durante os meses de xullo, agosto e setembro e se ten previsto realizar outra xornada de traballo presencial no mes de outubro do presente ano.



*III Intercambio de Experiencias en Tomiño, para traballar no noso proxecto "Potenciando Capacidades no Rural"*

Ademais de continuar cos traballos descritos anteriormente en torno a "Potenciando Capacidades no Rural", o GDR ten a intención de traballar noutros proxectos e experiencias, polo que asistirá aos seguintes intercambios de experiencias que organice a Red Rural Nacional. Existen unha batería de proxectos presentados xunto ao noso na reunión de Madrid, nos que o nosos GDR ten intención de participar pola temática e as accións e obxectivos que perseguen, totalmente coherentes cos obxectivos da nosa estratexia.

## 1.2.- Outros proxecto de Cooperación:

Existen diferentes iniciativas e programas de cooperación dentro das políticas establecidas pola Unión Europea para o novo período comunitario 2014 – 2020. Tendo coñecemento destas, o GDR e a súa poboación, sendo conscientes da nosa dimensión e dos recursos dispoñibles para poder acceder a outros fondos comunitarios temos establecido unhas prioridades dentro desta segunda liña de cooperación. Ditas prioridades son as seguintes:

- Polo carácter transfronteirizo do noso territorio e pola importancia que teñen as relacións tanto sociais, como económicas e medio ambientais que se establecen a diario entre nós e Portugal, decidimos apostar pola Cooperación transfronteiriza a través do **Programa Interreg V-A España - Portugal**, tanto como posibles coordinadores de algún proxecto POCTEP (Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal) ou como socios de proxectos interesantes acordos coa nosa estratexia. Asemade tamén apoiaremos e acompañaremos, como coñecedores do territorio posibles iniciativas que podan xurdir en todo o noso espazo dentro da Cooperación Transfronteiriza, pois a consideramos e así se constatou na diagnose participativa do noso territorio unha prioridade para o noso desenvolvemento, e os obxectivos que dito Programa intenta acadar son complementarios e coherentes coa nosa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa.

Obxectivos da Unión Europea en materia de Cooperación:

- Potenciar a investigación, o desenvolvemento e a innovación
- Mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas
- Promover a adaptación ao cambio climático en todos os sectores
- Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos
- Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da Administración

O GDR tamén se marca como obxectivo para o novo período ademais da cooperación transfronteiriza, intentar acadar os seus obxectivos e traballar noutros programas de cooperación Interreg como o Sudoeste (Interreg B) de cooperación transnacional e Interreg Europe (Interreg C) dentro da cooperación interrexional.

Ademais destes proxectos de cooperación, o GDR ten intención de traballar noutros proxectos como Life, Europa cos cidadáns e Erasmus + entre outros.

Como Grupo de Desenvolvemento Local estamos a traballar para formar parte dos Grupos de Traballo da Red Rural Nacional, tendo participado xa nun Grupo de Traballo para a posta en valor dos espazos verdes rurais e forestais, promovido pola Asociación Española de Empresas de Parques e Xardíns (ASEJA) que ten por finalidade conseguir que os diferentes actores involucrados na xestión e mantemento das zonas verdes rurais e forestais valoren a xeración de riqueza que pode supor apostar por alternativas de xestión que contemplan a colaboración entre o sector público e o sector privado.

## 2.- Articulación coas políticas de desenvolvemento rural e coherencia coa estratexia de desenvolvemento local

Tanto o noso Plan de Cooperación con outros territorios como a nosa Estratexia de Desenvolvemento local participativa actúan como instrumentos das políticas territoriais que responden ao reto de acadar un desenvolvemento equilibrado dos territorios utilizando os principios metodolóxicos do Programa Leader consistente en ceder as iniciativas de planificación ás comunidades locais. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir un maior compromiso da poboación na solución de problemas comúns e un maior compromiso coas accións a executar e polo tanto se traducen nun importante incremento da gobernanza local.

As decisións tomadas polo GDR 14 durante o proceso participativo de elaboración da nosa estratexia, e polo tanto, na planificación do noso Plan de cooperación deseñáronse tendo en conta a complementariedade e o obxectivo temático 9 (OT9) do Regulamento (UE) 1303/2013 del Parlamento Europeo e do Concello de 17 de decembro de 2013 polo que se establecen as disposicións comúns relativas aos Fondos EIE relativo a “Promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera tipo de discriminación”.

No caso das políticas executadas dentro do Feader, nos centramos na área focal 6B “Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais, facendo especial fincapé en promover o desenvolvemento local nas zonas rurais. Asemade tendo en conta o carácter integrado y multisectorial do Desenvolvemento Local é posible contribuir a acadar os obxectivos doutras áreas focais como:

- 1A. Fomentar a innovación, a cooperación e o desenvolvemento da base de coñecementos nas zonas rurais
- 3A. Mellorar a competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea alimentaria a través de réximes de calidade, engadindo valor aos produtos agrarios e unha maior promoción nos mercados locais
- 4A. Restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural así como o estado das paisaxes europeas
- 6A. Facilitar a diversificación, a creación e o desenvolvemento de pequenas empresas e a xeración de emprego
- 6C. Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e as comunicacións así como o uso e a calidade das mesmas nas zonas rurais

Os retos aos que nos enfrontamos coas nosas estratexias e acción neste novo período de programación son:

- Xerar emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícolas, gandeiros e forestais, así como o apoio as pequenas e medianas empresas noutras actividades como apoio á diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.

- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento e conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible
- Mellorar os servizos públicos e a calidade de vida, que axuden a paliar o déficit de oportunidades respecto ao medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida e ao risco de exclusión social.

Para acadar estes retos territoriais, o GDR aborda o novo escenario apostando por diferentes actuacións, entre as cales destacamos os Proxectos de Cooperación con outros territorios, que se orientan a por en relación a determinados colectivos de diferentes territorios coas mesmas necesidades, a fin de favorecer o aprendizaxe mutuo e buscar solucións a problemas comúns, tendo por fin último a consecución dos nosos obxectivos estratéxicos.

En relación á coherencia do noso Plan de Cooperación coa nosa estratexia queda máis que demostrado que perseguen os mesmos obxectivos e contemplan a transversalidade de Inclusión social e loita contra a pobreza, mitigación e adaptación ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética e contribución á innovación no rural.

Proba disto son a relación de proxectos de cooperación seleccionados e que presentamos a continuación na nosa Estratexia de cooperación.

### 3.- Estratexia: Proxectos concretos como grupo coordinador

Os **proxectos concretos** que establecemos na nosa Estratexia e Plan de Cooperación son os seguintes:

#### 3.1.- Realizar a solicitude de axuda á Agader como grupo coordinador do proxecto de cooperación: "Potenciando Capacidades no Rural"

##### 3.1.1.- Descrición:

"Sistema de formación en competencias clave e certificados de profesionalidade para persoas adultas en risco de exclusión social e baixo nivel de formación no rural, baseado nas tecnoloxías da información e a comunicación e o Software libre."

##### 3.1.2.- Xustificación do proxecto:

Nas "Competencias clave para o Aprendizaxe permanente" establécese que as competencias son aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Son imprescindibles para poder adecuarse aos cambios sufridos pola Formación Profesional seguindo o Tratado de Lisboa. Secundando as esixencias europeas, as competencias clave supoñen o acceso á formación para acadar os denominados Certificados de Profesionalidade, con validez e recoñecemento en todos os estados membro, para todas aquelas persoas que forman parte dos sectores sociais vulnerables e que abandonaron a súa educación sen a cualificación básica. Polo tanto, é evidente a importancia de garantir a igualdade de acceso a estas competencias clave para todos os grupos que como consecuencia de desvantaxes

educativas causadas por circunstancias persoais, culturais ou económicas, necesitan un apoio específico para o desenvolvemento do seu potencial educativo. Un destes grupos é o das persoas adultas en risco de exclusión social e baixo nivel de formación no noso rural.

Por outra parte, a sociedade actual se caracteriza pola influencia das tecnoloxías en boa parte das nosas actividades diarias, pero gran parte do colectivo ao que destinamos o noso proxecto descoñecen o mundo tecnolóxico e quedan ao marxe da Sociedade da Información. Esta desvantaxe continúa a se incrementar como consecuencia da brecha dixital que cada día crece máis pola posta en marcha de solucións tecnolóxicas en xeral, que en moitas ocasións non se adaptan ás verdadeiras necesidades do colectivo de persoas que queremos abordar co noso proxecto.

Ante esta situación, o proxecto que presentamos pretende desenvolver un sistema de formación (metodoloxía, contidos, ferramentas) para persoas adultas con baixo nivel de formación e en risco de exclusión social, baseado nas posibilidades que ofertan as Tic (facendo uso da Web 2.0 OU Web Social) e o Software libre que lles permita aos usuarios acadar as competencias clave de forma xeral e determinados certificados de profesionalidade en función das necesidades laborais específicas de cada un dos territorios participantes no proxecto.

### 3.1.3.- Obxectivos:

#### - Obxectivo xeral:

Contribuír a que as persoas adultas en risco de exclusión social e baixo nivel de formación no rural podan adquirir as competencias clave necesarias para poder cursar con aproveitamento a formación correspondente aos certificados de profesionalidade, tendo como fin último a incorporación deste colectivo ao mercado laboral, e polo tanto logrando a inserción social, económica e laboral do colectivo obxecto deste proxecto.

#### - Obxectivos específicos:

. Desenvolver un sistema de formación en competencias clave para persoas adultas con risco de exclusión social e baixo nivel de formación no rural baseado nas posibilidades que ofrecen as Tic cunha guía sobre o mesmo orientada á formación de formadores do colectivo destinatario do noso proxecto

. Desenvolver un sistema de formación que acredite determinados certificados de profesionalidade en función das necesidades laborais existentes en cada un dos territorios que participen no proxecto, ao que podan acceder os nosos usuarios una vez acadadas as competencias clave.

. Lograr a homologación do sistemas de formación resultado do proxecto por parte das institucións educativas públicas de cada Comunidade Autónoma e país involucrados no proxecto.

. Familiarizar coas Tic as persoas en risco de exclusión social e baixo nivel de formación no rural potenciando o Software libre e axudando a reducir a brecha dixital existente neste colectivo.



## 3.1.4.- Participantes:

Grupo	Localización
ADR MAIV – BAIXO MIÑO (Coordinador)	Pontevedra
CEDER LA SERENA	Badaxoz
GDR SERRANÍA SUROESTE SEVILLANA	Sevilla
GDR BAJO NALÓN	Asturias
ADR CORREDOR DE LA PLATA	Sevilla
ADESVAL	Cáceres
ADT CAMPOO LOS VALLES	Cantabria
ADRIVALL	Valladolid
ADR MARIÑA - BETANZOS	A Coruña
GDR SIERRA DEL SEGURA	Albacete
GAL DOLMEN	Portugal
ADRIMAG	Portugal

## 3.1.5.- Accións do Proxecto:

Acción 1: Fase preparatoria

Organización e definición do proxecto, dos socios participantes e solicitude de axuda para o proxecto ás correspondentes Autoridades de Xestión

Acción 2: Deseño do sistema de formación

Obtención do deseño e metodoloxía, dos contidos formativos en cada unha das competencias clave e da aplicación informática baseada nas TIC con licenza OPEN SOURCE (utilizando elementos xa dispoñible e outros de nova xeración ) que integren os contidos e as metodoloxías deseñadas e que contén coas ferramentas necesarias que permitan o acceso ao sistema de formación a calquera persoa en risco de exclusión social, independentemente das súas capacidades e necesidades.

## Actividades da Acción:

- Investigación sobre as necesidades á hora de acceder á formación en competencias clave das persoas en risco de exclusión en idade adulta e baixo nivel de formación
- Investigación sobre prácticas existentes de formación, tanto dende o punto de vista da metodoloxía como dos contidos formativos en competencias clave.
- Investigación sobre certificados de profesionalidade necesarios nos territorios cooperantes

- Investigación sobre as posibilidades que ofrecen as Tic para a realización desta formación
- Deseño da metodoloxía de formación e dos módulos formativos

### Acción 3: Elaboración do sistema de formación

Dispoñer do sistema de formación preparado para ser validado

Actividades da acción:

- Elaboración dos contidos dos módulos formativos e das metodoloxías de formación para cada unha das competencias clave
- Elaboración dos contidos dos módulos formativos e das metodoloxías de formación para cada un dos certificados de profesionalidade a impartir
- Realización dun prototipo conceptual da aplicación informática
- Configuración dos equipos e do software necesarios.

### Acción 4: Validación do sistema de formación desenvolto

Obter o sistema de formación definitivo

Actividades da acción:

- Selección de un número de alumnos por cada territorio para experimentar o sistema de formación
- Formación no uso das aplicacións informáticas para os alumnos e os profesores
- Impartir os módulos formativos a través da aplicación informática desenvolvida introducindo posibles melloras como consecuencia da impartición
- Elaboración dunha guía de funcionamento do sistema de formación para as persoas adultas en risco de exclusión social e baixo nivel de formación no rural

### Acción 5: Homologación do sistema de formación resultado do proxecto por parte das administracións públicas competentes

Conseguir que o sistema de formación desenvolto sexa recoñecido polas administracións das correspondentes comunidades autónomas e países

Actividades da acción:

- Celebración de reunións coas administracións competentes para presentar o proxecto e solicitar a homologación do sistema de formación
- Realización de actividades de xestión solicitadas polas administracións correspondentes para homologar o sistema de formación

### Acción 6: Xestión e coordinación do proxecto

#### Acción 7: Plan de divulgación e transferibilidade do proxecto

-Dar a coñecer as actividades e os resultados do proxecto tanto ás persoas interesadas en formarse como a entidades públicas e privadas relacionadas coa formación de persoas adultas, coa integración social e laboral e coa promoción e o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación

- Involucrar aos grupos de interese en cada territorio responsables das políticas relacionadas coa integración social e laboral das persoas en risco de exclusión social, coa formación de adultos e coa promoción das Tic.

- Elaboración de imaxe corporativa do proxecto, folleto electrónico informativo de difusión que recolla os obxectivos e as accións a desenvolver
- Reunión / xornada de presentación do proxecto cos grupos de interese máis importantes na elaboración das políticas relacionadas coa integración social e laboral das persoas en risco de exclusión social, coa formación para adultos e coa promoción do uso das Tic en cada territorio socio
- Elaboración dunha páxina Web e boletín informativo do proxecto
- Difusión en prensa (artigos, roldas de prensa) sobre o proxecto coincidindo coa presentación, Desenvolvemento e conclusión do proxecto
- Presentación do proxecto por parte de cada un dos socios nos eventos considerados oportunos, tanto a nivel local como a nivel autonómico, nacional ou comunitario

#### Acción 8: Plan de xestión da calidade do proxecto

Detectar e corrir as posibles desviacións das accións e incorporar as melloras oportunas na xestión, estrutura e desenvolvemento do proxecto

Actividades da acción:

- Avaliación interna do proxecto
- Avaliación externa do proxecto
- Informe de resultados

### 3.1.6.- Orzamento:

ORZAMENTO PROXECTO COOPERACIÓN "POTENCIANDO CAPACIDADES"				
ACCIÓNS	Ano 1	Ano 2	Ano 3	TOTAL
FASE PREPARATORIA	25.000,00 €	0,00 €	0,00 €	25.000,00 €
DESEÑO DO SISTEMA DE FORMACIÓN	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	50.000,00 €
ELABORACIÓN DO SISTEMA DE FORMACIÓN	30.000,00 €	90.000,00 €	0,00 €	120.000,00 €
VALIDACIÓN DO SISTEMA DE FORMACIÓN DESENVOLTO	0,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
HOMOLOGACIÓN DO SISTEMA DE FORMACIÓN RESULTADO DO PROXECTO	0,00 €	20.000,00 €	40.000,00 €	60.000,00 €
XESTIÓN E COORDINACIÓN DO PROXECTO	20.000,00 €	25.000,00 €	30.000,00 €	75.000,00 €
PLAN DE DIVULGACIÓN E TRANSFERIBILIDADE DO PROXECTO	0,00 €	15.000,00 €	45.000,00 €	60.000,00 €
PLAN DE XESTIÓN DA CALIDADE DO PROXECTO	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>135.000,00 €</b>	<b>185.000,00 €</b>	<b>175.000,00 €</b>	<b>495.000,00 €</b>
	<b>27,27%</b>	<b>37,37%</b>	<b>35,35%</b>	<b>100,00%</b>

## 4.- Estratexia: Proxectos concretos como socio de proxecto

**Como socio de proxecto:** somos coñecedores de que a partida orzamentaria destinada á cooperación entre os grupos é limitada en todas as comunidades autónomas e con tal motivo, a pesar de ser numerosos os proxectos nos que o GDR podería participar, é necesario facer unha priorización en base a aquelas cuestións máis importantes a corto prazo para o noso territorio. Dita priorización se basea no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos e transversais:

### Obxectivos Estratéxicos

- Mellorar a nosa competitividade territorial no contexto nacional a través de accións de promoción, creación de imaxe de marca e sensibilización á poboación na preservación e protección da nosa identidade rural.
- Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.

- c. Traballar contra a desaparición e a degradacións dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer e conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.
- d. Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.
- e. Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade.
- f. Fortalecer e diversificar o tecido empresarial apoiando ás pequenas empresas e fomentando novas iniciativas. Mellorar a competitividade, a calidade e a innovación empresarial na procura de incrementar o valor engadido no territorio a través do peche de ciclos produtivos e a promoción exterior.
- g. Promover e consolidar o sector primario polo seu potencial e valor estratéxico, implementando accións destinadas á transformación e comercialización, á xeración de emprego verde, á creación de novos produtos do rural e apostando polo comercio local e de proximidade e pola promoción de cara ao mercado exterior.
- h. Apoiar e impulsar o sector turístico buscando unha alternativa á estacionalidade. Axudar na especialización e adaptación do sector cara outro turismo baseados nos recursos endóxenos, na calidade e na accesibilidade.
- i. Mellorar o servizo de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais para a poboación rural, facilitando tamén o acceso das TIC's ao tecido empresarial.
- j. Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da ADR MAIV – Baixo Miño como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

#### **Obxectivos Transversais**

- a. Inclusión social e loita contra a pobreza.
- b. Mitigación e adaptación ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.
- c. Contribución á innovación no rural.

A continuación enumeramos unha serie de proxectos de cooperación que poderían axudarnos a acadar os nosos obxectivos, a maiores do noso proxecto “Potenciando Capacidades no Rural”, e que serán tidos en conta para o noso Plan de Cooperación, aínda que os traballos de preparación destes proxectos non se teñan iniciado:

#### 4.1. - “Rede de Territorios forestalmente sostibles”

**Coordinador:** ADR Mariña – Betanzos

**Obxectivo:** Promover e animar unha xestión forestal sostible, que incorpore aspectos como a biodiversidade, a mellora da paisaxe e a conservación do patrimonio arqueolóxico do rural, cun modelo xerador de rendas económicas viables, ambientalmente beneficioso e culturalmente respetuoso

**Socios:** ADR Mariña – Betanzos (Coordinador), ADR MAIV – Baixo Miño, ADR 24, ADR 6 e ADR 10

#### 4.2.- “Novos produtos turísticos para diversificar a oferta: Turismo científico”

**Coordinador:** ADR Mariña – Betanzos

**Obxectivo:** Crear novos produtos turísticos ligados ao turismo científico, involucrando ás empresas do territorio na creación de paquetes, mellorar os coñecementos e difundir o destino nas áreas próximas

**Socios:** ADR Mariña – Betanzos (Coordinador), ADR Maiv – Baixo Miño, ADR 24, ADR 6 e ADR 10

#### 4.3.- “Formación orientada ao emprendemento no sector primario dende a infancia”

**Coordinador:** GDR Valle del Alto Guadiato

**Obxectivo:** Inculcar nos máis pequenos o espírito emprendedor fomentando o autoemprego individual e colectivo para que aprendan a aproveitar e explotar os recursos agrarios, gandeiros e forestais do mundo rural.

#### 4.4.- “Porque los pequeños, hacemos grandes cosas”

**Coordinador:** ADR Proyecto Noreste de Soria

**Obxectivo:** Traballar o espírito emprendedor dos mais pequenos, con intercambio de experiencias e proposta de actividades de coñecemento do entorno que sirvan para xerar dinámicas entre os mozos dos espazos rurais

#### 4.5.- “Red Europea de Rutas Gastronómicas Rurales”

**Coordinador:** ADL Comarca del Bajo Guadalquivir

**Obxectivo:** Crear unha rede de rutas gastronómicas a nivel europeo co obxectivo de fomentar o turismo gastronómico típico rural de cada un dos territorios participantes, potenciando os produtos e os servizos locais e xerando emprego.

#### 4.6.- “Star – up Rural”

**Coordinador:** Associació pel Desenvolupament Rural de la Catalunya Central y Consorci de Desenvolupament Alt Camp – Conca de Barberá - Anoia

**Obxectivo:** Dar impulso ás Star – up ata os 5 anos de vida e emerxentes no marco do ecosistema do Programa Leader , contemplando o emprendemento corporativo, os instrumentos financeiros para o desenvolvemento rural e a aceleración do crecemento.

#### 4.7.- “Territorios Rurales Inteligentes”

**Coordinador:** Asociación para el Desarrollo y la Promoción de la Mancha Norte de Ciudad Real

**Obxectivo:** Conformar unha norma de calidade refrendada por unha calificadora por medio da creación dunha guía sobre territorios rurais intelixentes, que busquen mellorar a xestión dos municipios dende o punto de vista dos servizos que se prestan á cidadanía.

#### 4.8.- “Turismo Astronómico”

**Coordinador:** GDR Sierra Morena Cordobesa

**Obxectivo:** Aproveitar o ceo como recurso natural endóxico co obxecto de dar a coñecer as potencialidades turísticas dos territorios a través dos seus ceos e a importancia do mantemento e o control da contaminación para mellora a calidade de vida das poboacións que residen no rural

### 5.- Repercusión do plan de cooperación

A repercusión que esperamos acadar coa execución do noso Plan de Cooperación é acadar os nosos obxectivos estratéxicos, que dependendo do proxecto en cuestión que desenvolvemos, axudará a acadar un obxectivo concreto.

Asemade os proxectos de cooperación tamén nos permitirán acadar o obxectivo xeral e os obxectivos específicos do noso Plan de Cooperación.

Tendo en conta os proxectos enumerados anteriormente, cada un deles intenta solventar problemas e necesidades detectadas no noso territorio na fase de diagnóstico, e está vinculado con un obxectivo estratéxico. Desta forma, a continuación relacionamos os proxectos cos obxectivos que intentamos acadar:

#### - Potenciando Capacidades no Rural

O proxecto axudará a acadar o Obxectivo Estratéxico 4 (OE4), 5 (OE5), 9 (OE9), 10 (OE10) e os obxectivos transversais da nosa estratexia

- Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do

emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.

- Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade.
- Mellorar o servizo de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais para a poboación rural, facilitando tamén o acceso das TIC's ao tecido empresarial.
- Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da ADR MAIV – Baixo Miño como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

Como **socios de outros proxectos**, cada un deles se centra nunha área temática concreta, e se relaciona con algún dos nosos obxectivos estratéxicos :

**- Rede de Territorios forestalmente sostibles**

O proxecto axudará a acadar o Obxectivo Estratéxicos 3 (OE3) e 7 (OE7) e os obxectivos transversais da nosa estratexia

- Traballar contra a desaparición e a degradacións dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer a conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.
- Promover e consolidar o sector primario polo seu potencial e valor estratéxico, implementando accións destinadas á transformación e comercialización, á xeración de emprego verde, á creación de novos produtos do rural e apostando polo comercio local e de proximidade e pola promoción de cara ao mercado exterior

**- Novos produtos turísticos para diversificar a oferta: Turismo científico**

**- Turismo Astronómico:**

**- Red Europea de Rutas Gastronómicas Rurales**

Os tres proxectos anteriores se centran en acadar os mesmos Obxectivos Estratéxicos 2 (OE2), 3 (OE3), 5 (OE5), 6 (OE6), 8 (OE8), 10 (OE10) e os nosos obxectivos transversais.

- Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.
- Traballar contra a desaparición e a degradacións dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer a conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.



- Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade
- Fortalecer e diversificar o tecido empresarial apoiando ás pequenas empresas e fomentando novas iniciativas. Mellorar a competitividade, a calidade e a innovación empresarial na procura de incrementar o valor engadido no territorio a través do peche de ciclos produtivos e a promoción exterior.
- Apoiar e impulsar o sector turístico buscando unha alternativa á estacionalidade. Axudar na especialización e adaptación do sector cara outro turismo baseados nos recursos endóxeos, na calidade e na accesibilidade.
- Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da ADR MAIV – Baixo Miño como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

#### **- Formación orientada ao emprendemento no sector primario dende a infancia**

##### **- Porque los pequeños, hacemos grandes cosas**

Os dous proxectos se centran en acadar os mesmos Obxectivos Estratéxicos 2 (OE2), 4 (OE4), 5 (OE5) e os nosos obxectivos transversais.

- Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.
- Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.
- Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade

##### **- Star – up Rural**

Proxecto centrado na mellora da nosa competitividade empresarial e no emprendemento, intenta acadar os Obxectivos Estratéxicos 4 (OE4), 6 (OE6), 7 (OE7), 8 (OE8) 9 (OE9) e os obxectivos transversais da nosa estratexia.

- Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.

- Fortalecer e diversificar o tecido empresarial apoiando ás pequenas empresas e fomentando novas iniciativas. Mellorar a competitividade, a calidade e a innovación empresarial na procura de incrementar o valor engadido no territorio a través do peche de ciclos produtivos e a promoción exterior.
- Promover e consolidar o sector primario polo seu potencial e valor estratéxico, implementando accións destinadas á transformación e comercialización, á xeración de emprego verde, á creación de novos produtos do rural e apostando polo comercio local e de proximidade e pola promoción de cara ao mercado exterior.
- Apoiar e impulsar o sector turístico buscando unha alternativa á estacionalidade. Axudar na especialización e adaptación do sector cara outro turismo baseados nos recursos endóxeos, na calidade e na accesibilidade.
- Mellorar o servizo de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais para a poboación rural, facilitando tamén o acceso das TIC's ao tecido empresarial.

#### **- Territorios Rurales Inteligentes**

Ideado para dar resposta a mellorar os servizos á poboación e a gobernanza multinivel, incide na consecución dos nosos Obxectivos Estratéxicos 1 (OE1), 2 (OE2), 3 (OE3), 4 (OE4) 9 (OE9), 10 (OE10) e os obxectivos transversais da nosa estratexia.

- Mellorar a nosa competitividade territorial no contexto nacional a través de accións de promoción, creación de imaxe de marca e sensibilización á poboación na preservación e protección da nosa identidade rural.
- Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.
- Traballar contra a desaparición e a degradacións dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer a conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.
- Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.
- Mellorar o servizo de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais para a poboación rural, facilitando tamén o acceso das TIC's ao tecido empresarial.
- Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da ADR MAIV – Baixo Miño como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

Finalmente, en relación aos outros proxectos de cooperación que o GDR 14 ten intención de poñer en marcha neste novo período comunitario a través de outros programas e iniciativas da Unión Europea con fondos propios do GDR, nos centraremos sobre todo en acadar boas prácticas e cubrir necesidades tanto no ámbito da cooperación transfronteiriza con Portugal, como na consecución dos nosos Obxectivos Estratéxicos e Obxectivos do Plan de Cooperación en todas as accións e proxectos de desenvolvamos.

## 6.- Previsión financeira

<b>PREVISIÓN FINANCEIRA PLAN COOPERACIÓN</b>				
<b>PROXECTOS COOPERACIÓN</b>	<b>Ano 1</b>	<b>Ano 2</b>	<b>Ano 3</b>	<b>TOTAL</b>
POTENCIANDO CAPACIDADES	135.000,00 €	185.000,00 €	175.000,00 €	495.000,00 €
REDE DE TERRITORIOS FORESTALMENTE SOSTIBLES	62.500,00 €	62.500,00 €	0,00 €	125.000,00 €
NOVOS PRODUCTOS TURÍSTICOS PARA DIVERSIFICAR A OFERTA: TURISMO CIENTÍFICO	120.000,00 €	0,00 €	0,00 €	120.000,00 €
FORMACIÓN ORIENTADA AO EMPRENDEMENTO NO SECTOR PRIMARIO DENDE A INFANCIA	Orzamento por concretar			
"PORQUE LOS PEQUEÑOS HACEMOS GRANDES COSAS"	Orzamento por concretar			
"RED EUROPEA DE RUTAS GASTRONÓMICAS RURALES"	Orzamento por concretar			
"START - UP" RURAL	Orzamento por concretar			
"TERRITORIOS RURALES INTELIGENTES"	Orzamento por concretar			
TURISMO ASTRÓMICO	Orzamento por concretar			



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

## Parte 5

# Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento rural

## Índice de Contidos Parte 5:

### Normas para a xestión da estratexia de desenvolvemento rural

<b>1.- Baremo</b>	<b>163</b>
1.1.- Baremo para proxectos produtivos	163
1.2.- Baremo para proxectos non produtivos	168
1.3.- Cálculo da axuda	172
<b>2.- Plan de seguemento</b>	<b>174</b>
<b>3.-Plan de difusión</b>	<b>174</b>

## 1.- Baremo

Os criterios para a selección e priorización dos proxectos están contemplados no baremo e as regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública. É un procedemento non discriminatorio e transparente. En todo caso, os proxectos para poder ser subvencionables teñen que contar coa verificación favorable do ICE por parte de Agader.

Os requisitos de subvencionalidade dos proxectos son os seguintes:

- Viabilidade técnica, económica e financeira para os proxectos de natureza produtiva; e viabilidade técnica e financeira para os proxectos de natureza non produtiva.
- Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables que teñen que cumprir os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

Os rangos de puntuación e as variables ou aspectos concretos considerados no baremo en cada criterio de selección se determinan de xeito totalmente obxectivo, de modo que os potenciais beneficiarios teñen pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.

Se establecen dous baremos diferentes, un para actuacións de natureza produtiva e outro para actuacións de natureza non produtiva, aínda que as dúas formas de baremación comparten moitos aspectos comúns.

### 1.1.- Baremo para proxectos produtivos

Para as actuacións de natureza produtiva se establece un baremo calculado sobre 100 puntos, coa seguinte distribución:

- a) 25 puntos como máximo para valorar criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto.
- b) 10 puntos como máximo para valorar o criterio de perfil do/a promotor/a.
- c) 30 puntos como máximo para valorar criterios na incidencia no emprego do proxecto.
- d) 10 puntos como máximo para valorar criterios medio ambientais do proxecto.
- e) 25 puntos como máximo para valorar criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto.

<b>CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (25 puntos)</b>				
DENSIDADE POBOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	ÍNDICE AVELLEMENTAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)
Inferior a 100 habitantes/Km <sup>2</sup> => 5 puntos	Superior a 200 => 5 puntos	Inferior ao 47% => 5 puntos	Inferior a 10.000 euros => 5 puntos	Inferior a 10.000 euros => 5 puntos
Entre 100 e 150 habitantes/Km <sup>2</sup> => 4 puntos	Entre a 200 e 175 => 4 puntos	Entre 47% e 49% => 4 puntos	Entre 10.000 e 12.000 euros => 4 puntos	Entre 10.000 e 15.000 euros => 4 puntos
Entre 150 e 200 habitantes/Km <sup>2</sup> => 3 puntos	Entre a 175 e 150 => 3 puntos	Entre 49% e 51% => 3 puntos	Entre 12.000 e 14.000 euros => 3 puntos	Entre 15.000 e 20.000 euros => 3 puntos
Entre 200 e 300 habitantes/Km <sup>2</sup> => 2 puntos	Entre a 150 e 125 => 2 puntos	Entre 51% e 53% => 2 puntos	Entre 14.000 e 16.000 euros => 2 puntos	Entre 20.000 e 30.000 euros => 2 puntos
Superior a 300 habitantes/Km <sup>2</sup> => 1 punto	Inferior a 125 => 1 punto	Superior ao 53% => 1 punto	Superior a 16.000 euros => 1 punto	Superior a 30.000 euros => 1 punto

Como criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto se valoran as variables socioeconómicas mais relevantes, recollidas na parte da candidatura correspondente ao diagnóstico do territorio (variables que se poden consultar directamente no anexo de indicadores de dito diagnóstico territorial). As puntuacións obtidas por cada concello que forma parte do GDR14 son as seguintes:

Concello	DENSIDADE POBOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	ÍNDICE AVELLEMENTAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Baiona	1	1	3	2	4	11
Fornelos de Montes	5	5	5	5	5	25
Gondomar	3	1	1	3	3	11
Guarda (A)	2	3	5	3	3	16
Mos	2	1	1	3	2	9
Nigrán	1	2	2	1	3	9
Oia	5	4	3	4	5	21
Pazos de Borbén	5	4	5	5	5	24
Porriño (O)	3	1	1	3	1	9
Redondela	1	2	2	3	4	12
Rosal (O)	4	3	4	4	4	19
Tomíño	4	2	3	4	4	17
Tui	2	2	3	3	4	14

Como criterio que caracteriza a figura do/a promotor/a do proxecto, valorase o seu perfil, premiándose á súa natureza social coa máxima puntuación (entidade pública, entidade sen ánimo de lucro, comunidade de montes ou entidade de economía social). Tamén se puntúa a figura do empresario/a autónomo/a e as sociedades capitalistas formadas por tres ou menos persoas. As sociedades limitadas ou anónimas formadas por catro ou mais persoas non

obteñen puntos polo feito de ser entidades capitalistas que non apostan pola alternativa da economía social (cooperativa ou sociedade laboral). Os centros especiais de emprego dependentes de entidades sen animo de lucro aínda que son sociedades limitadas se consideran entidades de economía social.

<b>CRITERIOS CARACTERÍSTICAS PROMOTOR/A (10 puntos)</b>	
<b>PERFIL PROMOTOR/A (10 puntos)</b>	Entidade pública, entidade sen animo de lucro, comunidade de montes ou entidade de economía social (cooperativa, sociedade laboral, centro especial emprego, etc.) => 10 puntos
	Autónomo/a (empresario/a individual) e asociacións de empresarios e/ou comerciantes => 5 puntos
	Sociedade Mercantil (S.L. ou S.A.) formada por 3 ou menos persoas => 3 puntos

Como criterios que valoran a incidencia do proxecto no emprego, se puntúa unicamente a creación de novos postos de traballo (por conta allea ou propia), premiando a creación de emprego destinado a persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos. Ademais se valora a relación entre o emprego creado e o investimento subvencionable do proxecto, de modo que as iniciativas que crean mais postos de traballo cun investimento mais reducido obteñen unha maior puntuación, e ao contrario, se un proxecto necesita dun gran investimento pero crea pouco emprego puntúa menos (tratase de favorecer o factor traballo sobre o factor capital).

<b>CRITERIOS INCIDENCIA EMPREGO (30 puntos)</b>		
<b>CREACIÓN NETA EMPREGO (20 puntos)</b>	5 puntos por cada emprego creado ordinario (MÁXIMO 10 PUNTOS)	5 puntos por cada emprego creado a favor de colectivos desfavorecidos (MÁXIMO 10 PUNTOS)
	Entendese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano.	
	Considéranse colectivos desfavorecidos os seguintes: - Mulleres. - Mozos/as menores de 41 anos. - Persoas discapacitadas cunha minusvalía legalmente declarada (mínimo 33%). - Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado mais de 100 días no último ano que a efectos de cálculo son os 12 meses previos á data de contratación do novo emprego creado. -Maiores de 55 anos.	
	As puntuacións neste apartado son acumulativas, ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un colectivo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agregase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario.	
<b>RELACIÓN EMPREGO CREADO INVESTIMENTO ELIXIBLE PROXECTO (10 puntos)</b>	A puntuación acadada derivase da seguinte fórmula matemática: $X=Y/(Z/100.000)$ , sendo X = Relación Emprego Creado Investimento Elixible, Y = Emprego Creado e Z = Investimento Elixible. De modo que: - se X e menor que 1 a puntuación é 0. - se X e igual ou maior que 1 e menor que 2 a puntuación é 1. - se X e igual ou maior que 2 e menor que 3 a puntuación é 2. - se X e igual ou maior que 3 e menor que 4 a puntuación é 3. - se X e igual ou maior que 4 e menor que 5 a puntuación é 4. - se X e igual ou maior que 5 e menor que 6 a puntuación é 5. - se X e igual ou maior que 6 e menor que 7 a puntuación é 6. - se X e igual ou maior que 7 e menor que 8 a puntuación é 7. - se X e igual ou maior que 8 e menor que 9 a puntuación é 8. - se X e igual ou maior que 9 e menor que 10 a puntuación é 9. - se X e igual ou maior que 10 a puntuación é 10.	
	Entendese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano.	



Como criterios que valoran o impacto medio ambiental do proxecto, tratase de puntuar os impactos positivos sobre o medio ambiente, premiando a xeración de externalidades positivas.

<b>CRITERIOS IMPACTO MEDIO AMBIENTAL (10 puntos)</b>
<b>Proxectos que conlevan o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificando e certificado) =&gt; 4 puntos</b>
<b>Implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos (requisito mínimo do 5% do investimento elixible e finalmente xustificando e certificado) =&gt; 4 puntos</b>
<b>Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en valor de recursos naturais endóxenos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Implantación de sistema de xestión ambiental =&gt; 2 puntos</b>
<b>Proxectos que capturen CO<sub>2</sub> para a loita contra o cambio climático (xustificación mediante certificado técnico independente que acredite dita circunstancia agás no caso de plantacións forestais que forman parte de proxectos de carácter medio ambiental) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación =&gt; 2 puntos</b>
As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (MÁXIMO 10 PUNTOS).

Como criterios que valoran a capacidade de arrastre do proxecto, se puntúan aqueles proxectos que promoven a prestación de servizos básicos (premiando polo seu carácter prioritario os servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural que facilitan e fomentan a autonomía persoal no rural) e os proxectos que axudan á conservación e posta en valor do patrimonio rural (tanto natural como cultural) e ao desenvolvemento e renovación dos pequenos núcleos de poboación rural. Tamén se valoran aqueles proxectos que dinamizan o sector agrogandeiro e forestal. Ademais se premian os proxectos que maioritariamente van a facturar con empresas locais os investimentos proxectados e van a xerar emprego contratando persoas residentes no territorio do GDR14. Por último, se puntúa a valorización e dinamización do territorio rural de interior (non costeiro) polo feito de que segundo se establece nas Bases Reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 "os grupos de desenvolvemento rural deberán ter en conta no deseño da súa estratexia a necesidade de asegurar un nivel de investimento equilibrado en todo o seu ámbito territorial de actuación, de xeito que naqueles concellos en que se aplicase un programa de desenvolvemento local participativo promovido por un GALP ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca non se chegue a producir un sobrefinanciamento en relación a aqueles outros concellos en que unicamente se vai a aplicar o programa de desenvolvemento local participativo promovido por un GDR".

<b>CRITERIOS CAPACIDADE ARRASTRE PROXECTO (25 puntos)</b>
Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) => 5 puntos
Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado => 5 puntos
Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) => 10 puntos
Proxectos que empregan como "inputs" recursos endóxenos do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar alomenos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificado e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) => 5 puntos
Proxectos creadores de emprego nos que se fagan novas contratacións de persoal residente no territorio do GDR14 (con respecto ao emprego novo creado hai que contratar alomenos un 50% do mesmo con persoas que acrediten a súa residencia habitual localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14 -mediante certificado municipal de empadronamento que acredite polo menos un ano de antigüidade na residencia habitual acreditada-) => 5 puntos
Proxectos localizados en concellos sen costa marítima (dinamización e valorización do territorio interior do GDR14) => 5 puntos
Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural (incluída a xeración e consolidación de emprego de persoas en risco de exclusión social como é caso das persoas con discapacidade que acceden ao mercado laboral a través dos centros especiais de emprego dependentes de asociacións e fundacións) promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural (persoas en risco de exclusión social, maiores de 65 anos e menores de 12 anos) => 15 puntos
As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (MÁXIMO 25 PUNTOS).

## 1.2.- Baremo para proxectos non produtivos

Para as actuacións de natureza non produtiva se establece un baremo calculado sobre 100 puntos, coa seguinte distribución:

- 25 puntos como máximo para valorar criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto.
- 5 puntos como máximo para valorar o criterio de perfil do/a promotor/a.
- 30 puntos como máximo para valorar criterios relacionados co impacto do proxecto no territorio e sobre a súa poboación.
- 10 puntos como máximo para valorar criterios medio ambientais do proxecto.
- 30 puntos como máximo para valorar criterios relacionados coa capacidade de arrastre do proxecto.

<b>CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (25 puntos)</b>				
<b>DENSIDADE POBOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>	<b>ÍNDICE AVELLAMENTAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>	<b>TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>	<b>RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>	<b>PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>
Inferior a 100 habitantes/Km <sup>2</sup> => 5 puntos	Superior a 200 => 5 puntos	Inferior ao 47% => 5 puntos	Inferior a 10.000 euros => 5 puntos	Inferior a 10.000 euros => 5 puntos
Entre 100 e 150 habitantes/Km <sup>2</sup> => 4 puntos	Entre a 200 e 175 => 4 puntos	Entre 47% e 49% => 4 puntos	Entre 10.000 e 12.000 euros => 4 puntos	Entre 10.000 e 15.000 euros => 4 puntos
Entre 150 e 200 habitantes/Km <sup>2</sup> => 3 puntos	Entre a 175 e 150 => 3 puntos	Entre 49% e 51% => 3 puntos	Entre 12.000 e 14.000 euros => 3 puntos	Entre 15.000 e 20.000 euros => 3 puntos
Entre 200 e 300 habitantes/Km <sup>2</sup> => 2 puntos	Entre a 150 e 125 => 2 puntos	Entre 51% e 53% => 2 puntos	Entre 14.000 e 16.000 euros => 2 puntos	Entre 20.000 e 30.000 euros => 2 puntos
Superior a 300 habitantes/Km <sup>2</sup> => 1 punto	Inferior a 125 => 1 punto	Superior ao 53% => 1 punto	Superior a 16.000 euros => 1 punto	Superior a 30.000 euros => 1 punto

Como criterios ligados á ubicación xeográfica do proxecto se valoran as variables socioeconómicas mais relevantes, recollidas na parte da candidatura correspondente ao

diagnóstico do territorio (variables que se poden consultar directamente no anexo de indicadores de dito diagnóstico territorial). As puntuacións obtidas por cada concello que forma parte do GDR14 son as seguintes:

Concello	DENSIDADE POBOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	ÍNDICE AVELLAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	RENDA DISPONÍBLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
Baiona	1	1	3	2	4	11
Fornelos de Montes	5	5	5	5	5	25
Gondomar	3	1	1	3	3	11
Guarda (A)	2	3	5	3	3	16
Mos	2	1	1	3	2	9
Nigrán	1	2	2	1	3	9
Oia	5	4	3	4	5	21
Pazos de Borbén	5	4	5	5	5	24
Porriño (O)	3	1	1	3	1	9
Redondela	1	2	2	3	4	12
Rosal (O)	4	3	4	4	4	19
Tomíño	4	2	3	4	4	17
Tui	2	2	3	3	4	14

Como criterio que caracteriza a figura do/a promotor/a do proxecto, valorase o seu perfil, premiándose ás entidades sen ánimo de lucro e ás agrupacións doutro tipo de entidades coa máxima puntuación. Tamén reciben puntuación as comunidades de montes e as entidades públicas locais.

CRITERIOS CARACTERÍSTICAS PROMOTOR/A (5 puntos)		
<b>PERFIL PROMOTOR/A (5 puntos)</b>	Entidade sen ánimo de lucro e agrupación doutro tipo de entidades (mancomunidade de entidades locais, mancomunidade de montes, federación e agrupación de entidades) => 5 puntos	Comunidade de montes ou entidade pública => 3 puntos

Como criterios que valoran o impacto do proxecto sobre o territorio e sobre a poboación rural, se puntúa o favorecemento a través da actuación de certos colectivos determinados como prioritarios dende o punto de vista social, se puntúa a creación de novos postos de traballo (por conta allea ou propia) premiando a creación de emprego destinado a persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos e tamén se puntúa o ámbito supraparroquial e supramunicipal do proxecto.

<b>CRITERIOS IMPACTO TERRITORIO E POBOACIÓN RURAL (30 puntos)</b>	
<b>FAVORECEMENTO COLECTIVOS DETERMINADOS (15 puntos)</b>	Mulleres => 5 puntos
	Mozos/as (Menores de 41 anos) => 5 puntos
	Persoas con discapacidade => 5 puntos
	Colectivos con especiais dificultades de inserción (víctimas de violencia de xénero, inmigrantes, exdrogodependentes ou expresidarios/as) => 5 puntos
	As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (MÁXIMO 15 PUNTOS).
<b>CREACIÓN NETA EMPREGO (10 puntos)</b>	5 puntos por cada emprego creado ordinario (MÁXIMO 5 PUNTOS)
	5 puntos por cada emprego creado a favor de colectivos desfavorecidos (MÁXIMO 5 PUNTOS)
	Entendese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considerase a xornada completa durante todo o ano.
	Considéranse colectivos desfavorecidos os seguintes: - Mulleres. - Mozos/as menores de 41 anos. - Persoas discapacitadas cunha minusvalía legalmente declarada (mínimo 33%). - Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado mais de 100 días no último ano que a efectos de cálculo son os 12 meses previos á data de contratación do novo emprego creado. -Maiores de 55 anos.
As puntuacións neste apartado son acumulativas, ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un colectivo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agregase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario.	
<b>ÁMBITO ACTUACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse nunha parroquia dun so concello => 1 punto (todos aqueles proxectos non produtivos que presenten as comunidades de montes, que sexan de carácter medio ambiental, social ou cultural, terán como beneficiarios do seu ámbito de actuación a todo o concello no que se radiquen e non soamente á parroquia)
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en varias parroquias dun mesmo concello => 2 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en dous concellos => 3 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en tres concellos => 4 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en catro concellos ou mais => 5 puntos

Como criterios que valoran o impacto medio ambiental do proxecto, tratase de puntuar os impactos positivos sobre o medio ambiente, premiando a xeración de externalidades positivas.

<b>CRITERIOS IMPACTO MEDIO AMBIENTAL (10 puntos)</b>
<b>Proxectos que conlevan o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) =&gt; 4 puntos</b>
<b>Implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos (requisito mínimo do 5% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) =&gt; 4 puntos</b>
<b>Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en valor de recursos naturais endóxenos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Implantación de sistema de xestión ambiental =&gt; 2 puntos</b>
<b>Proxectos que capturen CO<sub>2</sub> para a loita contra o cambio climático (xustificación mediante certificado técnico independente que acredite dita circunstancia agás no caso de plantacións forestais que forman parte de proxectos de carácter medio ambiental) =&gt; 2 puntos</b>
<b>Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación =&gt; 2 puntos</b>
<b>As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (MÁXIMO 10 PUNTOS).</b>

Como criterios que valoran a capacidade de arrastre do proxecto, se puntúan aqueles proxectos que promoven a prestación de servizos básicos (premiando polo seu carácter prioritario os servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural que facilitan e fomentan a autonomía persoal no rural) e os proxectos que axudan á conservación e posta en valor do patrimonio rural (tanto natural como cultural) e ao desenvolvemento e renovación dos pequenos núcleos de poboación rural. As actuacións que pola súa tipoloxía melloran o contorno rural dende o punto de vista medio ambiental se valoran positivamente (independentemente de súa valoración a través dos criterios específicos de impacto medio ambiental). Tamén puntúan os proxectos que dinamizan o sector agrogandeiro e forestal. Ademais se premian os proxectos que mobilizan como “inputs” recursos do territorio (que maioritariamente van a facturar con empresas locais os investimentos proxectados). Por último, se puntúa a valorización e dinamización do territorio rural de interior (non costeiro) polo feito de que segundo se establece nas Bases Reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 *“os grupos de desenvolvemento rural deberán ter en conta no deseño da súa estratexia a necesidade de asegurar un nivel de investimento equilibrado en todo o seu ámbito territorial de actuación, de xeito que naqueles concellos en que se aplicase un programa de desenvolvemento local participativo promovido por un GALP ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca non se chegue a producir un sobrefinanciamento en relación a aqueles outros concellos en que unicamente se vai a aplicar o programa de desenvolvemento local participativo promovido por un GDR”*.

<b>CRITERIOS CAPACIDADE ARRASTRE PROXECTO (30 puntos)</b>
Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) => 10 puntos
Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado => 10 puntos
Mellora ambiental e do contorno rural (accións encadrables dentro da liña de actuación definida na estratexia do GDR14 que se denomina "Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe") => 5 puntos
Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) => 10 puntos
Proxectos que empregan como "inputs" recursos endóxenos do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar alomenos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificado e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) => 5 puntos
Proxectos localizados en concellos sen costa marítima (dinamización e valorización do territorio interior do GDR14) => 5 puntos
Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural (persoas en risco de exclusión social, maiores de 65 anos e menores de 12 anos) => 15 puntos
As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (MÁXIMO 30 PUNTOS).

### 1.3.- Cálculo da axuda

O importe da subvención calcúlase coma unha porcentaxe sobre o investimento considerado elixible do proxecto. A porcentaxe de subvención estimárase a partir da puntuación obtida polo proxecto, cos criterios e baremos de selección anteriormente expostos, segundo a táboa que a continuación se presenta.

CÁLCULO DA AXUDA	ACTIVIDADES PRODUTIVAS	ACTIVIDADES NON PRODUTIVAS		
		PROXECTOS PRIORIDADE BAIXA	PROXECTOS PRIORIDADE MEDIA	PROXECTOS PRIORIDADE ALTA
<b>MENOS de 25 Puntos</b>	NON SUBVENCIONABLE			
<b>25 ou MÁIS Puntos e MENOS de 55 Puntos</b>	AXUDA MÍNIMA do 20% MÁIS 1% por PUNTO (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 35% MÁIS 0,5% por PUNTO (ou parte proporc.) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 40% MÁIS 1% por PUNTO (ou parte proporc.) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 60% MÁIS 1% por PUNTO (ou parte proporc.) obtido a partir de 25 Puntos
<b>55 ou MÁIS Puntos</b>	AXUDA MÁXIMA do 50%	AXUDA MÁXIMA do 50%	AXUDA MÁXIMA do 70%	AXUDA MÁXIMA do 90%

Os límites de axuda pública máxima en función dos diferentes tipos de proxectos están dentro dos límites máximos que se indican nas bases reguladoras e na normativa de axudas de estado. Definida a nota de corte ou puntuación mínima que ten que acadar un proxecto para poder ser subvencionado (25%) e a nota á cal se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (55%), as porcentaxes de axuda (establecidas entre un mínimo e un máximo) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais e tendo en conta que a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos sitúase no 15% para os proxectos de natureza produtiva (no caso do GDR14 é superior ao 15% xa que se eleva ao 20%) e no 30% para os proxectos de natureza non produtiva (no caso do GDR14 é superior ao 30% xa que se eleva ao 35% para os proxectos de prioridade baixa, ao 40% para os proxectos de prioridade media e ao 60% para os proxectos de prioridade alta).

Tendo en conta os obxectivos transversais do PDR de Galicia, os proxectos non produtivos de prioridade alta (aqueles que poden optar a unha axuda máxima do 90%) son os seguintes:

- fomento da inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación.
- a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes.
- o coidado das persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas.
- a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) así como o seu uso no medio rural (por exemplo a través de telecentros, aulas de informática ou plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).

Como proxectos non produtivos de prioridade media (intensidade de axuda ata o 70%) se poden subvencionar:

- actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural (incluídos os centros sociais e culturais).
- infraestruturas deportivas ou de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio).
- actuacións nos montes veciñais (que non sexan proxectos de prioridade máxima ou alta).

Consideramos proxectos non produtivos de prioridade baixa (intensidade de axuda ata o 50%) todos os proxectos non recollidos nos dous puntos anteriores que poidan ser elixibles e teñan a natureza de non produtivos.

Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de 200.000 € por proxecto. Os que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de *minimis*, poderán alcanzar os 250.000 € no caso de que AGADER o autorice expresamente.

A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos non produtivos non superará o 90%, salvo no caso dos proxectos de formación promovidos directamente polos GDR, que poderán alcanzar o 100% de axuda.



O importe de axuda que, como máximo, pode percibir un proxecto de natureza produtiva ascenderá a 200.000,00 €. Por outra parte, os proxectos produtivos que se amporen no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 del Tratado a las axudas de *minimis*, limitaranse a un máximo de 200.000 € por promotor durante un período de tres exercicios fiscais. A porcentaxe de axuda máxima para os proxectos produtivos ascenderá ao 50%.

En concordancia coa normativa de aplicación, como máximo o 35% dos fondos públicos do Programa LEADER que se van a dedicar a subvencionar proxectos (19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) irán destinados a actuacións de natureza non produtiva, ou sexa, como mínimo o 65% de ditos fondos públicos van destinados a proxectos produtivos.

Por outro lado, dos fondos públicos que se van a dedicar a subvencionar proxectos non produtivos, o 70% irán destinados a institucións de carácter privado (entidades sen animo de lucro, comunidades de montes, etc.) e o 30% a entidades públicas locais (concellos, mancomunidades de concellos e entidades locais menores).

Todos os compromisos adquiridos polos promotores dos proxectos teñen que ser cumpridos no momento da certificación final do expediente de axuda, xa que en caso contrario perderíase a condición de beneficiario da subvención concedida.

## **2.- Plan de seguemento**

(Ver Anexo PV.1 )

## **3.- Plan de difusión**

(Ver Anexo PV.2)



Proceso participativo para a elaboración da  
Estratexia Local GDR 14

## Parte 6

### Plan financeiro

## Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GDR 14

## Parte VI: Plan financeiro

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA (euros)					
		2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	0,00	609.375,00	609.375,00	609.375,00	609.375,00	<b>2.437.500,00</b>
	Non Productivos (entidades públicas locais)	0,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	<b>300.000,00</b>
	Non productivos (institucións de carácter privado)	0,00	229.687,50	229.687,50	229.687,50	229.687,50	<b>918.750,00</b>
	Formación promovida polos GDR	0,00	23.437,50	23.437,50	23.437,50	23.437,50	<b>93.750,00</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>937.500,00</b>	<b>937.500,00</b>	<b>937.500,00</b>	<b>937.500,00</b>	<b>3.750.000,00</b>
1.9.4: Axuda para os custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes correntes	20.000,00	230.000,00	230.000,00	230.000,00	290.000,00	<b>1.000.000,00</b>
	Animación	0,00	62.500,00	62.500,00	62.500,00	62.500,00	<b>250.000,00</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>20.000,00</b>	<b>292.500,00</b>	<b>292.500,00</b>	<b>292.500,00</b>	<b>352.500,00</b>	<b>1.250.000,00</b>
TOTAL ESTRATEXIA		<b>20.000,00</b>	<b>1.230.000,00</b>	<b>1.230.000,00</b>	<b>1.230.000,00</b>	<b>1.290.000,00</b>	<b>5.000.000,00</b>
						FEADER	<b>3.750.000,00</b>
						AXE	<b>125.000,00</b>
						XUNTA	<b>1.125.000,00</b>

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTOS	RELACIÓN INVESTIMENTO PRIVADO / PÚBLICO (euros)		
		INVESTIMENTO PÚBLICO	INVESTIMENTO PRIVADO	INVESTIMENTO TOTAL
19.2: Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	2.437.500,00	7.420.000,00	9.857.500,00
	Non Productivos (entidades públicas locais)	300.000,00	190.000,00	490.000,00
	Non productivos (institucións de carácter privado)	918.750,000	690.000,00	1.608.750,00
	Formación promovida polos GDR	93.750,00	0,00	93.750,00
	<b>TOTAL</b>	<b>3.750.000,00</b>	<b>8.300.000,00</b>	<b>12.050.000,00</b>
1.9.4: Axuda para os custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes correntes	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00
	Animación	250.000,00	0,00	250.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>1.250.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.250.000,00</b>
<b>TOTAL ESTRATEXIA</b>		<b>5.000.000,00</b>	<b>8.300.000,00</b>	<b>13.300.000,00</b>